53 XULIO AGOSTO SETEMBRO 1976

GRIAL



JOAN COROMINES: *Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa.*

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ: A monarquía suevo-galaica e a sua oganización eclesiástica.

SALVADOR LORENZANA: Polos vieiros proustianos.

X. FARIÑA JAMARDO: O habitat galego.

CASTELAO: Album de autocaricaturas.

VICENTE RISCO: O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura.

FAUSTO DOPICO: Juan Francisco de Castro: un ilustrado galego.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 53. — XULIO, AGOSTO, SETEMBRO 1976

SUMARIO

Páxinas

ENSAIOS

Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa, por JOAN COROMINES 277

A monarquía suevo-galaica e a sua organización eclesiástica: parroquias e mosteiros, por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 283

Polos vieiros proustianos, por SALVADOR LORENZANA 299

O habitat galego, por XOSÉ FARIÑA JAMARDO ... 310

ESCOLMA

Autocaricaturas de Castelao 325

Evaristo o do Cine, por XAVIER ALCALÁ 333

O mouriscón, por XOÁN RAMÓN VIDAL e XAVIER ALCALÁ 337

Poemas, por XOÁN XULIO ALFAIA 342

PENEIRA DOS DÍAS

O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura, por VICENTE RISCO 349

Juan Francisco Castro: Un ilustrado galego entre a reforma e a superación da sociedade feudal, por FAUSTO DOPICO 356

Sobre a ortografía galega: unha iniciativa, por CARLOS DURÁN 361

Análise temático do libro V de "Follas Novas", de Rosalía de Castro, por XAN VERDINI DEUS ... 365

Notas encol da publicación de "O léxico de O Grove", por MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ ... 373

Ossián en Wetzlar e Carlota en Weimar, por ÁLVARO LABRADA 379

Algunhas reflesións encol da economía galega, por XOÁN X. SANTAMARÍA CONDE 382

Lembranza dunha semana cultural galega no Porto 388

LIBROS, por *Bernardo Regal, Xohán Ledo* e *Andrés Torres Queiruga* 392

O REGO DA CULTURA 399

REDACCION E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

SOBRE A UNIFICACIÓN ORTOGRÁFICA GALEGO-PORTUGUESA

Vaia ante todo a miña felicitazón ao autor do artigo en prol da unificazón ortográfica galego-portuguesa, publicado no número 51 de "Grial" [1]. Felicitazón entusiasta: eis a voz da razón, eis o que eu sempre penséi.

Aos meus amigos galegos e portugueses dixen sempre o mesmo, e é precisamente o que se diz nese artigo: o principal adianto a facer na direzón da unificazón lingüística galego-portuguesa é no campo da unidade ortográfica. Dixen sempre isto aos amigos R. Piñeiro, Rodrigues Lapa, Martínez López, Costa Clavell, Xosé L. Pensado, e outros, que poden prestar testemuño. E este adianto é non só eminentemente desexável, mas libre de toda obxeción seria; non só posível mas aínda fácil se existir boa vontade, habilidade e pericia na conduzón do problema.

Nas outras cousas o movimento de freo, de entrave, marcado polo amigo Piñeiro [2], paréceme moito razoável, verdadeiramente motivado, profundamente respetável e digno de simpatía.

Quen isto escrebe é un lingüísta estranxeiro, mas sinceramente cheo de boa vontade para todas as línguas hispánicas, fondamente entusiasta e preocupado das cousas da Galiza. Catalán. Autor do *Diccionario Crítico Etimológico de la Lengua Castellana* e de moitas obras de lingüística romance. Non son un principiante nos traballos de filoloxía galega. No meu ensino na Universidade de Chicago dirixí algúns estudantes meus para os estudos de filoloxía galega (o Prof. Kelvin Parker, autor do Vocabulario clasificado da Crónica Troiana e outros libros máis recentes, foi e é meu alumno); no meu dicionario e nas outras obras miñas há moitas etimo-

[1] Xosé-Martiño MONTERO SANTALLA, *Unificación ortográfica galego-portuguesa*, en: Grial (Vigo), núm. 51 (xaneiro-marzo 1976), pp. 1-13.

[2] Ramón PIÑEIRO, *Carta a don Manuel Rodrigues Lapa*, en: Grial (Vigo), núm. 42 (outubro-decembro 1973), pp. 389-402.

loxías e disquisicións especiáis sobre temas de língua galega.

Non sei se estes tíduos serán suficientes para desculpar que tamén eu me atreva a manifestar o meu parecer sobre a cuestión. Tal vez todo isto non sexa da miña incumbencia. Tal vez non sería mesmo mui prudente que eu me meta moito nestes asuntos. Por outra parte, os meus deberes están do lado do *catalán*, a única língua miña. O castelán e o galego-portugués son idiomas irmáns, que teño estudado profundamente; para o galego-portugués a miña *profunda* simpatía, para o castelán a desconfianza que merece unha língua que pretende *devorar* ás outras. Mas a miña *obrigación* é únicamente para con o meu único idioma: o catalán.

Aliás, o exemplo do catalán e do basco pode e debe guiar ós galegos e portugueses no esforzo de unificazón. Os castelâns traballaron sempre no fomento das pequenas discrepanzas entre o uso literario do catalán de Valencia e de Mallorca e do catalán do Principado; entre os dialectos navarro, guipuzcoano e bizcaíno do basco literario. Foron sempre os partidarios mais ou menos secretos (ou faceiros) da mingua de vitalidade desas línguas os que pretenderon ser os defensores das singularidades locáis —cando se trataba de Valencia, Mallorca ou Navarra, xamáis cando se trataba do catalán ou basco normáis! É sempre o medo da ameaza castelán o que actuóu de freo ante os movimentos de reacción contra as suicidas tendencias centrífugas no seo das línguas minoritarias.

Son lingüísta, son hispano; se, a tíduo de tal, algún consello meu (cheo de boa vontade!) pode resultar técnicamente útil para os galegos, sentiréime sastisfeito. Se eu fose galego, tería escrito moito sobre todo iso; se fose portugués, non menos, e tería feito algunha cousa, tal vez eficaz, no mesmo sentido. É únicamente o feito de ser estranxeiro —inda que sexa un estranxeiro benévolo e simpatizante— que me privóu de esplicar as miñas ideas. Temo ser mirado con esplicável desconfianza, ser quizáis menos útil que contraproducente.

Aínda con estes temores, permítome seguidamente algúns comentarios detallados das propostas expresadas en dito artigo. Espero que estes comentarios ao mesmo tempo demostrarán ao leitor galego cánto, cuán profundamente, me intereséi sempre por estes asuntos. E concretaréi, referíndome especialmente aos pontos que o autor aborda nas partes 5-a e 5-b.

a) PROBLEMAS MERAMENTE GRÁFICOS

1 e 2: LH *e* NH

Participo absolutamente na opinión de que se deben adoptar resoltamente as grafías *lh* e *nh*.

O problema de *unha, algunha, ningunha* é perfeitamente solúvel no senso que o autor recomenda: abandonar o signo *nh* nestes casos, sen renunciar necesariamente a toda trans-

cripción gráfica desa peculiaridade fonética galega. ¿Por qué non adoptar simplesmente a grafía *umha, algumha, ningumha?* Non é de certo unha novidade. Empregóuna amiude o eminente, xamáis abondo ponderado e admirado, P. Martiño Sarmiento; é frecuente nos seus escritos galegos, e no seu *Catálogo de Voces Gallegas* (publicado por Pensado en 1973). É fácil encontrar *ducias* de testemuños da grafía *umha* en documentos locáis galegos dos séculos XIV-XVIII. Por outra parte, con *umha* casi non se modifica a grafía da OGA; é un cambio levísimo, casi imperceptível. Así respéitase un rasgo propio, popular e distintivo do galego; e porén escrébese nunha forma non chocante para os irmáns portugueses e brasileiros: a diferencia con o port. *uma* é mínima.

4: *Emprego do trazo de unión*

Son bons os argumentos citados para facer aceitável o trazo de unión nos pronomes: economizan acentos, facen máis racional a expresión gráfica da língua. Poderíase engadir que niso coinciden tamén outras línguas romances, como o francés e o catalán: argumento moito secundario, sen dúvida, mas quizáis non enteiramente desprecível.

5: *Acentos*

A distinción gráfica entre *e, o* abertas e fechadas, por meio dos acentos (´ ^), non é somente razoável: é unha esixencia *imperativa, elemental,* da esencia mesma da língua galega. Absolutamente todos os gramáticos e filólogos galegos coincidiron sempre nese ponto (xa Valladares, Sarmiento, etc.): é unha distinción fonemática básica da língua. Confundir aí é nada menos que atentar ao feito máis básico da fonética galega: é despreciar todas as esencias da língua. O castelán é *a única* das línguas romances que non posúe esa distinción: a curiosa probeza fónica do cacarexado "idioma riquísimo!"

b) PROBLEMAS DE NATUREZA GRÁFICO-FONÉTICA

1, 2, e 3: G, J, X; C, Ç, Z; SS

Estes pontos son evidentemente máis delicados, como o autor víu moito ben. Paréceme prudente a suxestión feita no ponto 3: "non sería escesivamente grave que de momento se deixase neste ponto unha certa liberdade no uso". Excelente atitude, que se podería facer extensiva aínda aos pontos 1 e 2 desta mesma sección. Sen transixir permanentemente, quede claro.

4: *Grupo* QU

Seguramente é nos pontos 4 e 5 desta sección onde unhas certas reservas galegas á completa identidade son máis conselláveis.

O ponto 4, porén, non é grave. Non atenta seriamente á unidade o feito de que en unhas rexións do idioma se escreban *cando, catro, canto, calhar,* etc., as palavras que nas rexións maioritarias lemos como *quando, quatro, quanto, qualhar.*

Porén sería útil dicer: *quarenta mellor que coarenta* ou *corenta; quantía,* non *contía.* No fin de contas —asemade— *quarenta* soa casi igual que *coarenta; quantía* cuasi como *contía.* Recomendar também *quasi,* non *cuase* ou *case* (que deben ser consideradas como pronuncias populares, aceptáveis únicamente no uso folklórico, rústico ou poético da língua). Entón escreber também *a qual* (non *a cual*), *quarzo, qualidade, quaternario, frequente,* etc.

Nunha palavra: manter a unidade con o portugués, aínda neste ponto, nos casos en que o galego vacila entre *ca-* e *cua-* ou *co-*. Defender somente as voces fundamentáis: *cando, catro, canto* e casos tais.

5: *Nasalidade*

É éste o ponto en que sería máis difícil chegar á identidade completa con o portugués. Eu inclinaríame a dar algún consello restrictivo da unificazón neste único ponto. Temo que, se se recomenda escreber *coração, razão, questão,* e mesmo *lã, campã, regiões, carbões,* pódese chocar con unha resistencia invencível. Tal vez sexa contraproducente a intransixencia aí. Con todo, guárdome de dar consellos resoltos e detallados neste ponto: só unha asamblea de estudiosos e literatos galegos, depóis de un estudo frío, ponderado, prudente, poderá dar con unha solución viável.

Algunha suxerencia provisional, moito reservada, podería eu facer. ¿Por qué non limitarse a recomendar a adopción de *-m* final no lugar de *-n?* Isto é máis fácil, máis leve, pode triunfar máis lisamente. A diferencia entre *razón* e *razom, fin* e *fim, can* e *cam, en* e *em, bon* e *bom,* etc., é máis leve, encontraría moita menos resistencia; e as formas en *-m* terían xa un aspecto aceptável para os portugueses e brasileiros: en fin de contas os portugueses mesmos escreveron *-om, -am,* etc., até o século pasado (ou até o XVIII en todo o caso). Para o pobo galego é indiferente *-m* ou *-n*: ao fin o que pronuncia non é nin unha dental nasal, nin unha labial: é velar, soa no fundo da boca.

En consonancia con isto, ao menos provisionalmente escreber *estaciom* ou *estaçom, naciom, regiom* (non *estação, nação,* etc.).

c) OUTRAS CUESTIÓNS

1: I *en vez de* Y

Deberíase decidir unha unificazón imediata no senso de *i,* xamáis *y!* É un adianto considerável no terreno da unificazón e con pouca resistencia popular.

2: *Duplicados; epéntesis*

Paréceme tamén importante que se adopten medidas unificadoras en outros asuntos non propia e estrictamente ortográficos. Por exemplo: tal vez se deba renunciar a certos duplicados coexistentes en galego, que dan a impresión dunha linguaxe vacilante, dialectal: de unha *fala,* máis que de unha *língua.* Por exemplo, o emprego de *i* diante de vogal, en lugar da conxunción *e.*

Xa que logo, deberáse escreber sempre *e ele,* non *i ele,* aínda admitindo que a pronuncia *y-ele* é lexítima, mas non literaria; non ensinável, únicamente tolerável, sobretudo en estudos locáis, folklóricos, ou en usos populares, ou líricos, da língua.

Da mesma maneira deberíase renunciar á apéntesis de vogal en casos como *adimirar, adimitir* e análogos, formas populares, toleráveis quizá, mas non recomendáveis. Igualmente en formas como *a i-agua, a i-alma,* etc.

3: *Os cultismos*

En especial considero esencial chegar a unha pronta unificazón con o uso portugués no caso dos vocábulos *cultos.* É éste un ponto de importancia *capital,* para conferir ao galego ese sentimento de dignidade, esa conciencia de idioma culto, de rango civil, civilizado, supra-comarcal, en que tan acertadamente se insiste como esencial para a defensa da língua na conciencia ciudadán dos galegos.

Por exemplo, nos *grupos* de consoantes dos cultismos. Felizmente o portugués neste ponto non é tan cultista como o castelán ou o francés. (O catalán é diferente tambén: nós non temos dificultades no cultismo consonántico; este problema non existíu para nós). A conduta do portugués é de unha transacción moderada entre as dúas atitudes estremas. O meu consello resolto neste ponto é que os galegos se ateñan decididamente ás solucións portuguesas.

Por exemplo: *efeito, defeito* sí, máis *efectivo, afectuoso, projecto, dialecto, trajecto, carácter, texto, textil.* Formas como *dialeuto, caráiter,* e aínda *efeitivo,* terán sempre un resaibo algo bárbaro para moitos. Poderemos aínda pronunciar *proxeito, produto,* máis o rango de idioma románico esixe ortografiar *projecto, producto.* Deberáse escrever non *eiscelente,* mas *excelente, exército, exercicio;* non *eisame,* mas *exame, examinar.* Pronúnciese, se se quer, *eisame*: isto é secundario, perfectamente tolerável; mas escreber urbanamente!

Aconsellaría simplesmente adoptar en todos os detalles as grafías portuguesas: *estender,* mas *extensión, extenso; existir* (xamáis *eisistir*); *substancia* (non importa o pronunciarse *sustancia*: nengunha obxeción); *setembro, estranho, escuro* (non os ultracultismos do castelán *septiembre, extraño, obs-*

curo!); *excremento, executar, exagerar* (non *esaxerar*); *nobre* sí, mas *ignóbil* ou polo menos *inóvel; digno,* ben que a pronuncia sexa, naturalmente, *dino; excursión, expoer, eximio,* etcétera.

En particular recomendaría eu que no caso do sufixo *-ável, -ível, -vel,* adopten sempre a forma portuguesa en *-el,* pois que esa mesma forma existe en galego nun bon número de casos. Lembrome que o máis grande prosista que o galego moderno teve fasta agora —quero dicer naturalmente Castelao, un dos meus ídolos literarios!— sempre escrebe as formas en *-vel* (ele tal vez con *-b-* gráfico nalgún caso, excepción que se podería eliminar): *favorável,* non *favorabre* nin *favorávele; posível,* non *posibre,* etc.

(NOTA: Podería ter escrito con ortografía unificada ou en portugués; non o fiz, para demostrar a miña atitude de absoluto respeito con as decisións que corresponden únicamente aos galegos. Podería tamén ter escrito en castelán, menos cansado para min, e evitaria os numerosos erros que sei que cometín con o galego. Mais o meu desexo é mostrar que a miña simpatía é para o galego, nunca para o castelán. O leitor galego saberá disculpar eses erros.)

JOAN COROMINES
Barcelona



A MONARQUÍA SUEVO-GALAICA E A SÚA ORGANIZACIÓN ECLESIÁSTICA: PARROQUIAS E MOSTEIROS

Galicia débelle á monarquía suevo-galaica a súa organización parroquial, que aínda hoxe en día sigue sendo a base fundamental da súa estrutura administrativa e social. Esta vella organización parroquial sueva é obra dos Concilios nacionáis suevos e do rei Teodomiro a comenzos do século VI; e, polo mesmo tempo en que a *Gallaecia* sueva organizaba a súa Igrexa secular, a súa sé metropolitana, as súas diócesis episcopáis e as súas parroquias, comenzaba tamén San Martiño de Braga, alma da división parroquial galega, a fundación dos primeiros mosteiros galegos, os cuales, como a división parroquial, foron os primeiros da Península, xa que no resto de España non se levóu a cabo a *división parroquial* deica o reinado de Wamba (672-681), máis dun século despóis que a galega, e os primeiros mosteiros visigodos son do reinado de Recaredo (586-601), reinado no que se producíu a fusión dos elementos xermánicos e dos hispano-románs que vivían na monarquía visigoda.

Unha das notas características e distintivas da organización eclesiástico-administrativa galego-sueva de Galicia, así como tamén das súas fundacións monacales foi o respeito que tiveron os suevos pola tradición celto-cristiana da *Gallaecia*, na que o cristianismo, como nos outros pobos celtas occidentáis (Irlanda e Escocia), estaba impregnado de crencias e costumes célticas, poisque, tralos nomes de moitas das novas parroquias cristianas están os antigos clans célticos; e, por outra banda, algunhas das fundacións monacales máis importantes de Galicia, do século VI na época sueva, e no VII, na visigoda, están unidos a vellos santuarios precristiáns, célticos, nos que se adoraba á natureza nalgunha das súas formas (fontes, pedras, montes, bosques, etc.).

A Igrexa española sufríu unhas vicisitudes moi distintas desde a caída do Imperio román na Galicia e no resto de España. Na Galicia, invadida e dominada polos suevos que se asentaron permanentemente nela, e no resto de España conquistada e dominada polos visigodos. Hai dous rasgos importantes que distinguen unha e outra historia, a da Igrexa visigoda en España e da sueva na *Gallaecia*. O primeiro deles é o asentamento en Galicia dos suevos que nunca máis se separaron dela hastra que foron conquistados polos visigodos des-

póis de máis de século e medio de vida da monarquía sueva, e este asentamento permanente en Galicia deulles aos suevos unha meirande compenetración coas crencias e costumes da terra. Mentres que os visigodos, establecidos nas Galias durante o século V e a mitade do século VII, e só asentados en España cuando foron expulsados das Galias polos francos no reinado de Clodoveo estiveron sempre máis en contacto con mundos alleos a España que propiamente españóis, e aínda unha vez asentados na Península seguiron recibindo unha grande influencia bizantina, das colonias bizantinas, que os propios visigodos axudaran a establecérense no sul e no este da Península.

O mundo suevo compenetrouse totalmente coa *Gallaecia*, da que fixo a súa razón de ser e a súa vida, a cual na época da invasión sueva do seu territorio, a comenzos do século V, estaba nun período de florecemento cultural hispano-román, que contaba coas dúas principáis figuras de este tempo: o historiador Paulo Orosio, amigo de San Agostiño, residente en Roma e máis avencellado á Roma Imperial que á lonxana provincia de *Gallaecia*, onde nacera, e Idacio, natural de Tuy, bispo da actual Chaves, en Portugal, arraizado entrañablemente coa súa terra e as súas xentes, polas que loitóu como un teimudo diplomático para salvalas da invasión sueva, percurando a axuda militar romano-gala e, ao nona poder conseguir, buscando un entendemento cos propios conquistadores.

O mundo suevo, establecido en Galicia, cortóu totalmente as súas raíces cos outros pobos xermánicos de Europa e botóu unhas novas no chan galego enxertándose no vello árbol da súa vida social e cultural galego-romana, sobre todo a partir do reinado de Requiario (448), cuia conversión ao catolicismo serviu para que se levara a cabo xa a meiados do século V a fusión dos distintos elementos raciáis da poboación galega, moito tempo antes que nos outros pobos da Europa occidental, sobre todo os visigodos que non se levóu a cabo deica o reinado de Recaredo (586) e a dos francos deica o de Clodoveo (503) a comenzos do século VI. Visigodos e ostrogodos tardaron moito tempo en sentir a necesidade de se fusionaren cos pobos romanizados que tiñan conquistado. Os suevos anticipáronselles en moitos anos en sentila e en se identificaren coa cultura e tradicións da poboación celto-romana coa que convivían.

É moi distinta a historia das relacións das dúas monarquías xermánicas establecidas en España a partir do século V, a sueva e a visigoda, relacións coa Igrexa que revelan unha maior e máis contínua compenetración entre a Igrexa e a monarquía sueva, e un maior alonxamento e interrupción nas que tivo a monarquía visigoda coa Igrexa española.

En primeiro lugar os suevos convertíronse ao catolicismo no reinado do rei Requiario (448-457), o que producíu xa moi ao comenzo do establecimento dos suevos na *Gallaecia* unha pronta fusión dos dous elementos da súa poboación, o xermano-suevo, e máis o galaico-román, que só foi parcialmente interrumpida pola conversión ao arrianismo do rei suevo Remismundo (465), xa que como indican os historiadores españóis deste período "durante el siglo arriano de la monarquía sueva (de Remismundo a Charriarico) se mantuvo la organización eclesiástica, pues en el momento de la segunda conversión (la de Charriarico) aparece pujante como se ve en los Concilios 1, 2 y 3 de Braga" [1].

En cambio, nos dous séculos, casi aproximadamente, de arrianismo visigodo a Igrexa mantívose ao marxe do Estado, moitas veces hostilizada por el e vivindo en precario, o que non permitíu o seu desenvolvemento tanto da Igrexa secular como da monacal. Esta e non outra é a razón de que non se fixera a División parroquial da España visigoda deica o reinado de Wamba, cuando xa en Galicia levaba máis dun século funcionando.

O arrianismo visigodo era unha das manifestacións do orientalismo cultural e relixioso deste pobo xermánico chegado a España do Oriente e non do Occidente, da súa maior vinculación e contacto co Imperio román do Oriente, máis que co de Occidente, e como consecuencia de unha maior influencia da Igrexa romana oriental, coas súas desviacións e herexías, que coa occidental.

A relación dos visigodos coa Igrexa bizantina era moi antiga e tiña comenzado antes de que se lanzara a gran emigración que os trouxo ao Occidente de Europa. Producíuse desde o primeiro intre da formación do Imperio de Oriente no século IV por ser os visigodos, establecidos no que é hoxe a Besarabia e a Ucrania rusas, veciños de ese Imperio. Máis tarde, a esa vella relación, engadíuse, xa establecidos os visigodos en España, a nova cuando os visigodos, que nunca perderan os seus vellos contactos cos bizantinos os chamaron na súa axuda, no reinado de Atanagildo, a quen axudaron para poñelo no trono e establecerse en Toledo, e como recompensa da súa axuda deu Atanagildo aos seus aliados territorios largacíos na Bética e na Cartaginense que pasaron a ser verdadeiras colonias de Bizancio no sul e este da Península.

Moitos dos visigodos máis ilustres dos séculos VI e VII, como San Leandro e San Isidoro, ambos irmáns e ambos ar-

---

[1] Instituciones económicas, sociales, político-administrativas de la Península hispánica durante los siglos V, VI y VII. M. Torres López, Octavio Gil, R. Prieto Bances, R. Gisbert, en *Historia de España*. Dirigida por Menéndez Pidal, vol. III, 299.

cebispos de Sevilla, eran bizantinos de raza e de cultura e educáronse en Bizancio; e representan unha nova forma da influencia bizantina na cultura visigoda, moi visible en tódalas formas desa cultura desde a escritura, emparentada coa bizantina, ás artes e ás letras.

Os suevos, en cambio, non estiveron endexamáis en contacto con culturas orientáis europeas. Rotas as súas amarras co pobo xermánico da súa procedencia no sul da Alemaña, as súas relacións limitáronse ás que tiñan en España e as Galias cos visigodos e tamén cos francos, sobre todo a partir da conversión ao catolicismo de Clodoveo (503).

En Galicia producíuse antes que nas demáis partes da Península a fusión de tódolos componentes raciáis e culturáis dos varios pobos que había nela. Comenzada esta fusión no reinado de Requiario, xa a meiados do século V, completóuse e intensificóuse un século máis tarde, nos de Teodomiro e o seu fillo, Miro, no terceiro cuarto do século VI, cuando se celebraron nestes reinados os Concilios nacionáis suevos de Braga (o primeiro en 561 e o segundo en 572) e Lugo (o primeiro en 569 e o segundo en 570) unha de cuias principáis labouras foi a de aprobar a división eclesiástica, sobre todo a parroquial de Galicia, que os visigodos non conoceron deica o reinado de Wamba, xa no derradeiro tercio do século VII. E a conquista da Monarquía sueva por Leovixildo (579) non desfixo esta fusión, pois a Galicia reconocéronlle os visigodos un certo réximen autonómico dentro da súa Monarquía, sinón que, pola contra, o exemplo suevo-galego foi un constante estímulo para que se levara a cabo a do resto de España como o fixo Recaredo, fillo e sucesor de Leovixildo.

Por eso a tradición cristiana de Galicia é a máis antiga de España, porque formada na época romana ao mesmo tempo que a das outras rexións, tanto ou máis romanizadas que ela, non foi, con todo, interrumpida por tan longo tempo polo arrianismo, nin tampouco foron extrañas as súas tradicións e costumes ao pobo xermánico conquistador sinón que se fundíu con el, mentres que os visigodos tardaron casi dous séculos en compenetrárense coa poboación hispano-romana da Península.

O maior contacto dos suevos con Galicia, que se convertíu para eles na súa propia terra, levóunos a se compenetraren coas súas tradicións, crencias e outras formas culturáis, o mesmo coas romanas de orixen máis intelectual que coas celtas de orixen popular. Por eso ten razón García Villada cuando, apoiando a tese de Gaspari, sostén que a influencia xermánica en España servíu para que aumentaran e non se desterrara o que el considera prácticas supersticiosas e que non son máis que as vellas crencias pre-romanas. E esto é sobre todo verdade de Galicia, na que a presencia dos suevos

serviu para acentuar o carácter céltico da terra a través das súas vellas crencias que se incorporaron ao mundo relixioso cristián.

Non é só na Igrexa mesma, na súa organización eclesiástica do clero secular da diócese e parroquia en que é máis antiga que no resto de España a tradición relixiosa de Galicia e tamén a máis constante e menos interrumpida, sinón tamén na monacal, que é sueva e anterior á conquista da nosa terra coa súa Monarquía suevo-galega polos visigodos, cuando aínda eran éstes belicosamente arriáns e non sentían grande estimanza pola Igrexa romana. E aínda é probable que un dos factores que contribuíron no reinado de Recaredo, a fins do século VI, á fusión nacional de tódolos elementos da monarquía xermánicos e hispanorrománs, e á conversión do rei ao catolicismo fora a anexión de Galicia na que xa estaban fusionados había moito tempo eses elementos, como o estaban tamén nas Galias dos francos e era moi difícil xa desandar o camiño para os desfusionar.

As fundacións monacales da Galicia sueva, comenzadas pola mitade do século VI, son as máis antigas da Península. A anexión da Galicia sueva á monarquía visigoda non interrumpíu estas fundacións, sinón que continaron vivas no reinado de Leovixildo (conquistador do reino suevo) e poucos anos máis tarde no do seu fillo Recaredo, puideron ter maior vida coa conversión do monarca visigodo ao catolicismo. No século VII, na época de San Fructuoso, arcebispo de Braga, xa a meiados dese século, e de San Valerio, fundador de mosteiros no Bierzo, as órdenes monacales galegas recibiron un gran impulso e estaban nun período de gran florecemento cuando os árabes, a comenzos do século VIII, invadiron a Península. Eses mosteiros foron sin dúbida un dos factores que contribuíron á resistencia galega contra o invasor agareno; e foron un punto de refuxo e repoboamento das terras galegas nos primeiros anos da Reconquista.

Hai varias notas que distinguen as fundacións monacales, o mesmo as suevas que as visigodas, de Galicia das do resto de España, indicadoras dun meirande respeito polas vellas tradicións e crencias do país e tamén un meirande vencello á terra onde se levantaron.

A alma das primeiras fundacións monacales na Galicia sueva foi San Martiño de Braga ou de Dumio, primeiro abade do mosteiro fundado por el neste lugar veciño a Braga e logo metropolitán de Braga, a capital civil e eclesiástica da Galicia sueva no reinado do rei Teodomiro, o grande rei lexislador do pobo suevo, que tivo a San Martiño, panonio de nacimento, como principal conselleiro. San Martiño de Braga e o rei Teodomiro representan o período de máximo esplendor cultural

da monarquía suevo-galega. San Martiño, consciente da situación espiritoal da Monarquía decatóuse de que a súa laboura evanxelizadora tiña que se proxectar en dúas distintas direccións: unha, de cara á propia Galicia sueva, para desarraigar ou polo menos absorber as vellas crencias célticas que sobrevivían na rexión en parte pola protección que lle dispensaban os mesmos suevos; e outra, de cara a Roma, que o tiña enviado probablemente a Galicia para manter a fidelidade da monarquía suevo-galega á sé romana. San Martiño, natural da Panonia, na chaira central europea, onde están hoxe Austria e Hungría, e que era unha das rexións máis romanizadas de Europa, sentía fortemente a fidelidade a Roma, e botaba de ver que na Península no extremo da Europa occidental estaba continuamente ameazada pola discordia arriana, que dominaba na monarquía visigoda e por influencia dos reis godos tiña triunfado, inda que por pouco tempo, tamén en Galicia.

Francisco Elías de Tejada e Gabriela Percopo, no seu estudo *El reino de Galicia hasta 1700,* destacan este doble labor do grande evanxelizador do reino suevo de Galicia: "Casi más que el estudioso (San Martín) interesa el apóstol, el varón de obras, el fundador de monasterios y rector de la vida espiritual de su pueblo, en una acción que proyectó en dos caminos, asegurar la fidelidad de los suyos a la sede romana y combatir los restos de la paganía celta, aferrados a innumerables cultos naturalistas sobre todo en las comarcas campesinas. A lo primero fue el atleta destructor de lo que llamó "ariana pestis", en carta al obispo Bonifacio... A lo segundo, luchó contra la perseverancia del celtismo en el terreno religioso. Su *De Correctione rusticorum* muestra la continuación del culto a las fuentes y a los bosques, a las piedras y a los árboles, pese a la decisión del cristianismo; los antiguos ritos encendían aún la piedad de las gentes campesinas conviviendo con la aparente cristianización. San Martín ve en estos ritos antiquísimos, más que la resistencia a las enseñanzas de Cristo, la maña maligna del demonio. Los que son adorados en fuentes, ríos, bosques o mares son "multi demones", la herencia celta apegada al terreno igual que bruma mañanera tejida de "supersticiones vanas".

San Martiño triunfóu plenamente no seu primeiro labor, o de loitar contra o arrianismo de influencia visigoda mantendo a fidelidade da Igrexa suevo-galaica a Roma; pero, en cambio, só triunfóu a medias na outra empresa, pois para vencer as vellas crencias célticas tivo que pactar con elas. Por eso bon número dos novos mosteiros fundados na época sueva e na visigoda, herdeira da primeira, establecéronse nos antigos lugares en que as xentes campesiñas galegas adoraban ás fontes, ás pedras sagradas, aos bosques ou aos montes.

Nalgúns dos mosteiros galegos é moi visible a súa orixen

céltica, a súa vinculación ás vellas crencias e a estreita relación que existe entre o novo templo cristián e o antigo lugar de adoración pre-cristián, céltico ou pagán. Un deles é o mosteiro de Moraime, perto de Muxía, que é a única vila galega cuio nome é o de mosteiro ou "monxía", que deste modo o recibe de este mosteiro ao que se engadíu máis tarde o de Ozón. E en Muxía, como parte da función relixiosa, adóranse, o día da romería, aínda hoxe a famosa romería de Nosa Señora da Barca, a pedra de abalar e a pedra dos cadrís. Neste santuario uníuse máis tarde a lenda xacobea da barca do Apóstol, coa tradición das pedras sagradas e curativas célticas.

Estes vellos mosteiros, os máis vellos da Península, os suevo-galegos e os visigodo-galegos, conservaron a súa regra propia visigoda galaica deica o século X, que marca o ascenso da marea bieita, símbolo do poder e da aristocracia na vida monacal de Galicia. Neste século foi tan grande a influencia da orden bieita, unida a Roma e ao mundo europeo, que non só se crearon coa súa regra os novos mosteiros que entón se ergueron en Galicia, algúns como os de Sobrado dos Monxes e Celanova, que figuran entre os máis importantes da rexión, sinón que esta regra desplazóu nos vellos mosteiros a tradicional galaica de San Fructuoso.

Nesta invasión bieita da vida monacal galaica, a partir do século X, a nova orden respeitóu a tradición deses mosteiros e non tratóu de desarraigar deles a adoración dos lugares precristiáns que alí se adoraban, foran as fontes, as pedras ou os árboles. Por eso se equivocóu Manuel Curros Enríquez cuando na súa famosa sátira anticlerical dirixida ao santuario de San Benito de Cova de Lobo, ve nel unha andrómena dos bieitos para sacar diñeiros á xente co suposto poder curativo das pedras sagradas; pois non percibe o poeta galego que os bieitos non inventaron esas pedras sagradas, e limitáronse simplemente a reconocelas como tales, pois xa antes deles, moitos séculos antes de que alí se estableceran os bieitos, tíñanas reconocido na época sueva e visigoda os primeiros mosteiros galegos fundados coa regra de San Fructuoso; e moitos séculos tamén antes, na época pre-cristiana, funcionaban xa esas fontes e esas pedras como sagradas e con poder para unha serie de males.

As primeiras fundacións foron as de San Martín de Braga ou de Dumio. O mesmo foi o primeiro abade deste nome Dumio, nas cercanías de Braga, na capital da monarquía sueva. San Martín foi o primeiro grande fundador monacal da Península Ibérica polo mesmo tempo en que xurdían en Italia con San Bieito, en Irlanda con San Columbano e San Columba, os grandes fundadores de mosteiros europeos entre os que figura Santin por direito propio.

San Martiño, panonio de nacemento, de terras veciñas ao

Imperio román de Oriente, conocía as regras dos mosteiros do Próximo Oriente (Terra Santa, Grecia, Exipto, etc.) que tiñan sido os primeiros en se organizaren. Sabemos que fundóu en 550 o mosteiro de Dumio. Pero carecemos de noticias exactas sobre os outros mosteiros que fundóu nas terras da *Gallaecia sueva*. Só sabemos que fundóu outros mosteiros; entre os que se dan como probables da súa fundación figuran os de Samos e o de San Esteban de Ribas de Sil, éste na "Ribeira sagrada", na zona en que se unen o Sil e mailo Miño para formar, a partir de *Entrerríos*, a gran arteria fluvial de Galicia.

A súa laboura de fundacións monásticas non foi tan extensa, ou polo menos non é tan conocida como a de San Fructuoso, que a levóu a cabo un século máis tarde no período de florecemento da monarquía goda en España, que coincidíu cos reinados de Chindasvinto (642-653) e Recesvinto (653-672). Pero a importancia deste labor foi extraordinaria, precursora, ademáis da de San Isidoro na monarquía visigoda e da de San Fructuoso na *Gallaecia* sueva, xa incorporada á visigoda. Por eso di Fray Justo Pérez de Urbel, o historiador da orden bieita en España, que "antes de San Benito (ou sexa, antes da aparición da orden bieita en España) aparecieron en Galicia las dos grandes figuras de San Martiño de Braga y de San Fructuoso."

Por esa mesma razón o propio Fray Justo Pérez de Urbel, na súa obra *Las grandes abadías benedictinas* coloca na súa lista en segundo lugar, inmediatamente despóis da de Monte Casino, fundada por San Bieito (527), a galega de Samos, na actual provincia de Lugo, dando por fundadores desta abadía a San Martiño de Braga e logo a San Fructuoso[2].

Case un século xusto media entre as fundacións monacáis de San Martiño de Braga (a de Dumio foi no 550) e as de San Fructuoso, que en 646 terminóu a fundación do mosteiro de Compluto no Bierzo, do que foi patrón o rei visigodo Chindasvinto. A diferencia de San Martiño de Braga, que era un panonio chegado a España, á *Gallaecia* sueva, probablemente enviado como evanxelizador pola sé romana, San Fructuoso era un hispano-godo, natural de Toledo, de familia aristocrática emparentado co rei Sisnando (631-636) e tamén con San Braulio. Estudóu en Plasencia, que era entón un dos principáis centros de educación eclesiástica no Norte de España. De 640 a 650 recorréu todo o Occidente de España deica a illa de Cádiz fundando mosteiros. Cuando iba embarcarse para os Santos Lugares, o rei Recesvinto detívoo nomeándoo bispo de Dumio, a casa matriz monacal fundada por San Martiño

[2] Fray Justo Pérez de Urbel: *Las Grandes Abadías Benedictinas*, Madrid, 1924.

de Braga ou de Dumio. Máis tarde nomeóuno o propio Recesvinto metropolitán de Braga, sendo consagrado para tal cárrego polo X Concilio de Toledo (656).

A vinculación de San Fructuoso con Galicia tiña comenzado xa, antes de que fora nomeado abade e bispo de Dumio, no Bierzo, onde fundóu o mosteiro de *Compluto* (646) no reinado de Chisdasvinto, e logo os de San Pedro del Monte e San Pedro de Peñalba.

O seu grande labor fundacional pertenece ao reinado de Recesvinto, do que foi un dos principáis conselleiros, cando era primeiro bispo de Dumio e logo metropolitán de Braga. Este labor alongóuse a toda Galicia e de unha maneira particular á actual provincia de Pontevedra, na que fundóu o mosteiro de San Salvador de Coruxo, outro na illa de Tambo, o de Calogo e supónse tamén o de San Xoán de Poio, hoxe mercedario, e o de Tenorio [3]. Un dos santuarios galegos máis antigos, o de Santa María da Franqueira (Pontevedra), é deste tempo, pois xa aparece no século VIII [4].

Na actual provincia da Coruña fundóuse o de San Martiño de Churío, anexo de Santa María de Mántaras, en Irixoa, perto de Betanzos. Manuel Rubén García Álvarez menciona o de Santa María de Mezonzo, fundado polo abó de San Pedro de Mezonzo, a dúas léguas de Curtis, o cual "como otros muchos de Galicia sus orígenes se remontaban a la época visigoda" [5]. Hipólito de Sá Bravo indícanos a orixen visigoda de algúns deses mosteiros: San Martiño de Mondoñedo, Samos (na provincia de Lugo); San Esteban de Ribas de Sil, Santa Comba de Bande, na de Ourense; San Bartoloméu de Tuy, San Miguel de Couselo, na de Pontevedra, e outros tres máis na de Ourense: Santa Cristina de Ribas de Sil, Melón e San Clodio [6].

Dúas eran as zonas principáis da actividade fundacional monacal neste tempo en Galicia: a do Bierzo e a *Ribeira sagrada* do Sil e do Miño na comarca en que se unen estes dous grandes ríos galegos na provincia de Ourense. Nesa *Ribeira sagrada* había "ochenta monasterios y eremitorios en la ribera del Sil" [7].

A zona principal destas fundacións monacáis era o Bierzo, na actual provincia de León, que pertenecía ao bispado de Astorga, parte da entón monarquía sueva e que sigue hoxe dependendo da metropolitana de Galicia: "la zona del Bierzo, con su centro en Astorga, es región importantísima con nu-

---

[3] Hipólito de Sá Bravo: *Los Monasterios 1*, Pontevedra, 5-7, 42.

[4] Hipólito de Sá Bravo: *Los Monasterios 1*, Pontevedra, 42.

[5] Manuel Rubén García Álvarez: *San Pedro de Mezonzo*, Madrid, 1965, 29.

[6] Hipólito de Sá Bravo: *Monasterios 1*, Pontevedra; 2, La Coruña; 3, Lugo; 4, Orense.

[7] Matilde López Serrano. Arte Visigodo, *Historia de España*, dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 737.

merosos monasterios fechados y por la gran fama y autenticidad de los dos grandes fundadores San Fructuoso y San Valerio" [8].

O Bierzo foi entón un dos principáis centros de ensino e de misioneiros fundacionáis de toda España: a semellanza da escola de Sevilla —di Pérez de Urbel— creáronse outras moitas. Son famosas as de Toledo, Mérida, Zaragoza e Palencia, que se alonga nos mosteiros do Bierzo. (Os mosteiros son os centros do saber e os monxes os seus principáis padíns. Os escritores de aquel tempo saen case todos dos mosteiros do Bierzo; de Agali, Toledo; de Santa Engracia, Zaragoza; e de Santa Eulalia, de Mérida [9].

Dos mosteiros berciáns saíron homes de letras e tamén monxes que chegaron a Galicia e a outras partes de España para axudarlle a San Fructuoso no seu labor fundacional: "Por Tabeirós —di Hipólito de Sá Bravo— hasta Arcos de Furcos y Cuntis, monasterios mencionados en la *Compostelana,* para seguir a San Miguel de Couselo, el viejo monasterio hoy desaparecido, tenido como uno de los más antiguos de la provincia, y de allí a Santa Marina de Carracedo, fundado por monjes llegados del Bierzo" [10].

Destes mosteiros berciáns saíron numerosos bispos: "interés especial —di Pérez de Urbel— tiene el grupo gallego de monasterios fundados por San Fructuoso. De ellos salieron, en la mitad del siglo VII, numerosos obispos" [11].

No século VII, que marca o esplendor da monarquía visigoda en España, cuia capital estaba xa en Toledo, no centro da Península Ibérica, e non nas Galias, como na época anterior, houbo dous grandes directores e lexisladores da vida monacal hispánica: San Isidoro de Sevilla —a capital metropolitana da Bética— que o foi dos mosteiros do Sul de España, na primeira parte dese século; e San Fructuoso, metropolitán de Braga, capital da *Gallaecia,* que o foi dos do Norde, con centro en Braga, na segunda mitade deste século.

San Fructuoso é o gran lexislador monacal da monarquía visigoda, con centro en Galicia, nos dous reinados dos grandes reis lexisladores Chindasvinto e Recesvinto. Consciente San Fructuoso de que o seu labor monacal non terminaba coa fundación dos mosteiros, senón que debía continuar ao longo da vida monacal, preocupóuse de lles dar a esas institucións as súas propias regras e de as manter unidas baixo unha autoridade común. Nesto como noutros aspectos da vida monacal, anticipóuse San Fructuoso a algunhas das reformas

[8] Matilde López Serrano, *o. c.,* 737.

[9] Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la España visigoda, en *Historia de España,* dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 470.

[10] Hipólito de Sá Bravo: *Monasterios 1,* Pontevedra, 5.

[11] Justo Pérez de Urbel, *o. c.,* 477.

que moitos séculos máis tarde emprenderían os reformadores da orden bieita, que crearon nela a obediencia de Cluny e a do Cister. A regra de San Fructuoso foi a alma dos mosteiros galegos, non só durante a época visigoda, senón tamén nos primeiros séculos da Reconquista, nos dous primeiros que se extenden polo período da *monarquía asturiana;* e só foi desplazada, xa durante a *monarquía leonesa,* no século X, inda que só parcialmente, máis para as novas fundacións que para as vellas, pola de San Bieito.

A primeira das regras de San Fructuoso, dada para as súas comunidades monacáis foi a *Regula Monachorum.* Deuna para o mosteiro de *Compluto,* fundado por el no Bierzo. Pero esta regra non formulaba máis que as ideas xeráis, polo que tiña que as desenvolver en instruccións máis concretas. Éstas están contidas na *Régula communis* que deu para esas comunidades nunha das xuntanzas de mosteiros galego-visigodos que el presidíu tanto por ser metropolitán de Braga como por ser tamén o fundador de algúns deses mosteiros. A *Regula communis* eran unhas declaracións capitulares.

Esta regra é distinta en varios puntos importantes a cuantas existían hastra entón (as de San Bieito, San Agostiño, San Pacomio, San Isidoro, etc.). El conocía a regra de San Isidoro pero quería facer unha máis dura, de máis severa disciplina, na que o traballo tivera unha función especial [12].

A regra de San Fructuoso "tiene un sello de gran originalidad dentro de la legislación monacal y es un monumento de severidad" [13]; "y también una aplicación a la vida monacal de los principios de organización jerárquica de la monarquía goda" [14].

Pero a orixinalidade da regra de San Fructuoso vai moito máis alá da súa severidade disciplinaria e da súa organización visigoda, e está noutros valores máis positivos, que revela unha distinta conceición da vida monástica, distinta á isidoriana e á bieita, na que o traballo é unha das grandes virtudes humanas, que afectan por igual ao corpo e máis á alma, pois o santo exercicio escorrenta dun e da outra as tentacións perigrosas. E este sentido da vida monacal, na que se honra o traballo como unha virtude, responde a un sentido profundamente galaico de respeito e estimanza polo traballo e de grande desconfianza polo ocio.

San Fructuoso, aristócrata godo, de sangue real, só tivo o sentido de autoridade con respeito á do abade sobre a co-

---

[12] Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media,* Madrid, 1942, 35.

[13] Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la época visigoda, en *Historia de España,* dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 477.

[14] Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la época visigoda, 477.

munidade e á integración do mosteiro nunha comunidade superior, integrada por tódolos mosteiros galaicos, presidida polo metropolitán de Braga e bispo de Dumio que era o propio San Fructuoso; e de disciplina dentro da vida en cada mosteiro, disciplina que descendía máis do sometimento ás regras que á vontade do abade. En cambio tiña un profundo sentido democrático no que se refería á elección do Mestre en cada comunidade, que se deixaba á libre elección de ésta [15], e na maior estimanza que se tiña polo traballo, sobre todo á riqueza acumulada, na vida monacal.

No seu sentido de organización xerárquica, anticipóuse San Fructuoso a algunhas das reformas bieitas francesas, como a de Cluny e a do Cister, que impuxeron a autoridade da casa central a tódalas outras fundacións fose cal for o lugar onde estiveran. El, como bispo de Dumio e metropolitán de Braga, era o presidente do Sínodo monacal dos mosteiros galegos que se axuntaban baixo a súa presidencia. Foi nun destes sínodos no que presentóu a súa *Regula communis* para os seus mosteiros.

Neste sentido de xerarquía e de organización común e solidaria dos seus mosteiros, fixo que antes de se despedir dos monxes de San Pedro de Montes "les hiciera firmar un documento que nos refleja con viveza y claridad el espíritu de aquellas fundaciones y de su fundador. Es el pacto que se impuso en toda la España del Norte que, conservaría su fuerza legislativa en los monasterios de la Reconquista hasta que los desalojó definitivamente de la regla de San Benito" [16].

Na vida interior dos mosteiros, a disciplina era máis a obediencia ás regras da fundación que a vontade do abade. Para Pérez de Urbel a xerarquía visigoda dalle á organización destes mosteiros "un carácter democrático e individual". "El abad puede guardar las tradiciones monásticas como el rey las costumbres godas y de su incumplimiento venía la deposición consiguiente" [17].

Pero en cuanto á obediencia ás regras mantíñase a disciplina por medio de inspeccións, que eran máis severas na regra de San Fructuoso que na de San Isidoro, pois mentras éste as reducía a unha mensual, o metropolitán esixía dúas á semana [18].

---

[15] Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la época visigoda, *o. c.*, vol, III, 470.

[16] Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media*, 478.

[17] Fray Justo Pérez de Urbel, Las letras en la época visigoda, *o. c.*, vol. III, 477.

[18] Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media*, 35.

Un dos rasgos máis orixináis da regra de San Fructuoso, que a distingue da de San Bieito e máis aínda da de San Isidoro é a importancia que nela se lle asignaba ao traballo, que revela unha idea profundamente arraigada na alma galega, de considerar ao traballo como unha, ou quizáis a primeira, das funcións nobres que pode emprender o home, en contraste co sentido que domina en gran parte do resto da Península, na que o traballo se consideraba como unha función humillante e a veces degradante para o que o practica, e o ocio como a aspiración máis nobre do ser humán.

Pérez de Urbel sinala a diferencia que existía xa no século VII entre dúas conceicións da vida monacal: a señorial, unida ás fundacións isidorianas, e a agrícola, un de cuios exemplos máis ilustres eran as fundacións visigodas galegas de San Fructuoso e de San Valerio: "ya en el siglo VII —di Pérez de Urbel— existían el monasterio que podíamos llamar señorial, y el agrícola. El primero es el que nos pinta la regla isidoriana rico de oro, joyas, siervos, tierras, ganados, centro de una complicada organización" [19].

Este mosteiro señorial podía tamén dedicarse ás labouras agrícolas, pero facíao con un sentido de terrateniente, de señor de terras largacías, cultivadas máis polos seus servos e colonos que polos monxes do seu mosteiro. É o mosteiro, di Pérez de Urbel, que dirixe os traballos do campo, prefixa o cultivo razonable do chan, transforma os ermos en terras fértiles, sanea o chan, crea granxas, regula a distribución da riqueza, sirve de asilo aos restos das civilizacións antigas, protexe ás moitedumes que viven á súa sombra e, en momentos de carestía, abre xenerosamente as súas tullas.

O mosteiro agrícola xermánico-galego de San Fructuoso non é unha rica explotación agraria, na que o mosteiro é o empresario e os obreiros os servos e colonos, como era o mosteiro isidorián e logo foron os que se crearon en Francia na época de Carlomagno. Este mosteiro de explotación agrícola señorial non entróu en Galicia deica o século X cos de Sobrado dos Monxes e Celanova na época do reino de León.

O auténtico mosteiro agrícola galego da tradición de San Fructuoso e do seu discípulo e biógrafo San Valerio era pobre e mantíñase do traballo dos seus monxes, que eran verdadeiros obreiros: "en cambio, San Fructuoso nos introduce en comunidades preocupadas por la escasez, que se ajustan a todas las fatigas de la colonización. Los vemos (San Fructuoso y San Valerio) al frente de sus discípulos preparando el terreno, aportando los materiales y dirigiendo las construcciones. Los monjes deben someterse a los más duros trabajos" [20].

---

[19] Fray Justo Pérez de Urbel, *o. c.*, 56.
[20] Fray Justo Pérez de Urbel, *o. c.*, 56.

Nesta modesta empresa agrícola o monxe é o verdadeiro obreiro, e non o servo e o colono.

Na regra de San Fructuoso, o traballo era tan importante como o rezo, pero para o clérigo e non para o colono. O santo tiña un sentido reverencial do traballo que o levaba a velo como a fonte fresca da virtude e o dique máis rexo contra o vicio: "el rezo alternaba con el trabajo —di Pérez de Urbel—, el cuidado del ganado, el escritorio, la huerta, las colmenas, el telar, la albañilería" [21].

A razón de que o monxe traballara non era só material, senón aínda máis espiritoal "porque la ociosidad es el cebo de la lujuria y el trabajo, en cambio, debilita los vicios" [22].

Un grupo especial dentro da organización monacal establecida por San Fructuoso eran os chamados mosteiros familiares, tanto pola súa organización e réxime interior como polas súas propiedades e economía: "San Fructuoso nos habla de un tipo de monasterio familiar —di Pérez de Urbel— que nos instruye además de cómo los monasterios quedaban en el orden patrimonial en la propiedad de sus fundadores, con lo que en su propio beneficio redundaba el incremento a su patrimonio. Precisamente el régimen monacal, sobre todo en su aspecto patrimonial, fue tomado como modelo por los fundadores de iglesias para independizarlos de la ley diocesana con sentido patrimonial. Hay otros testimonios de la apropiación de monasterios y de estos llamados monasterios familiares" [23].

De este tipo de mosteiro familiar, e da súa supervivencia en Galicia nos anos da Reconquista temos un testimoño que se refire á fundación, probablemente no século IX, da igrexa e mosteiro de Santa Eulalia de Curtis por Placencio, abó do futuro San Pedro de Mezonzo: "Placencio fue quien inauguró la repoblación de aquel terreno abandonado, haciendo uso del derecho de presura. Empezó por construir una iglesia consagrada a Santa Eulalia, un lugar que dio su nombre y en donde hoy está la aldea de Chacente. Tiene dotes de mando, y bajo su autoridad se ha reunido un grupo de hombres, criados y siervos, los unos, amigos o consocios los otros, que forman una comunidad religiosa. Son monjes que manejan el arado y la azada, que acarrean la piedra, que plantan y siembran y construyen edificios y guardan los rebaños" [24].

---

[21] Fray Justo Pérez de Urbel: *Las grandes abadías benedictinas*, Madrid, 1924, 477.

[22] Fray Justo Pérez de Urbel, o. c., 477.

[23] Fray Justo Pérez de Urbel, La Iglesia en la España visigoda. *Historia de España*, dirigida por R. Menéndez Pidal, vol. III, 233-34.

[24] Manuel Rubén García Alvarez: *San Pedro de Mezonzo*, Madrid, 1965, 64.

Cos mosteiros de varóns fundáronse tamén outros de mulleres, unhas veces totalmente arredados uns dos outros, e outros xuntos, denominados mosteiros dobles, favorecidos por uns e impugnados por outros. A actitude de San Fructuoso neste punto non é presentada dunha maneira unánime polos seus biógrafos, pois mentres o autor da súa breve biografía en *The Catholic Encyclopedia* [25] dao como un dos seus meirandes favorecedores; outros, como Antonio Couceiro Freixomil [26] declárano enemigo delas.

A tradición dos mosteiros dobles, común a toda Europa desde a época de San Pacomio (século IV) seguíu moi viva en Galicia como o demostra a fundación do mosteiro de Sobrado dos Monxes polo conde Hermenegilde e a súa dona, dona Paterna, quenes, en edade avanzada, ergueron nas terras de Sobrado "una iglesia con los edificios necesarios para una comunidad de mujeres y otra de varones" [27].

San Valerio, natural de Astorga, de familia acomodada, que levóu unha vida un tanto disipada antes de se convertir en monxe, presentándose para elo ante o mosteiro *complutense,* fundado polo seu mestre San Fructuoso. San Valerio non desempeñóu cárrego algún importante e menos o de metropolitán de Braga, como San Martiño e San Fructuoso. O seu labor é máis de escritor que de fundador de novos mosteiros; e a súa actividade desenvolveuse casi totalmente nas ríspidas montañas e os amables vales do Bierzo leonés, que pertenecía entón a Galicia.

Como escritor deixounos tres relatos autobiográficos das súas andainas e adversidades na vida monacal: unha *Ordo querimoniae,* na que conta o seu retiro ás montañas veciñas a Astorga; outro *Replicatio* e outro *Residuum* sobre os seus sofrementos en varias ermitaxes naquela comarca astorgana e berciana. Tamén nos deixóu dúas biografías de monxes unidos á tradición relixiosa de Galicia; a *Vida da beatísima Egeria,* a famosa monxa galega de fins do Imperio román que foi en pelerinaxe aos Santos Lugares, e outra do seu maestro San Fructuoso. Compuxo tamén unha obra sobre a vida monástica, *De genere monachorum,* na que condena os mosteiros familiares ou patrimoniáis [28].

Na vida monacal de San Valerio hai dous aspectos un tanto distintos: un intelectual, de relator da súa vida e de vidas alleas inda que estes relatos se refiran a monxes e ás súas actividades monacáis; e outro de moralista e definidor desa vida. Na primeira é un escritor de singular mérito; e na se-

---

[25] *The Catholic Encyclopedia,* vol. VI, London, 1967, 218.

[26] Antonio Couceiro Freijomil: *Diccionario biobibliográfico de escritores,* vol. II, Santiago de Compostela, 1952, 100.

[27] Manuel Rubén García Alvarez, *o. c.,* 51.

[28] *The Catholic Encyclopedia,* vol. XIV, 120.

gunda amosa o seu parentesco con San Fructuoso. Menéndez Pidal estudóu o primeiro aspecto, o de escritor, e Pérez de Urbel, o segundo, de guía da vida monacal do seu tempo nos mosteiros do Norte de España.

"El póstumo en esta fecha de todo este grupo literario —di Menéndez Pidal— es un monje que vive muy lejos de la docta Toledo y enriscado en las montañas de León: San Valerio, abad del Bierzo, muerto en 695. Libre de todo influjo de la Antigüedad clásica se inspira en los historiadores del monasterio bizantino, Rufino de Aquilea, San Gerónimo y demás para evocar en los yermos del Bierzo recuerdos de los Padres orientales de Tebaida" [29].

E Pérez de Urbel referíndose ás regras que daba para os seus monxes, nas que exaltaba a función moralizadora do traballo, dinos que "San Valerio quería que mientras él derramaba gérmenes de sabiduría en las rudas inteligencias de sus discípulos, ellos fecundasen con su trabajo los campos que rodeaban a su oratorio; y les hacía plantar vides, ordenar en el huerto las legumbres, guardar los guisantes de la rapiña de los pájaros, construir nuevos edificios y ampliar los existentes" [30].

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ
New York

[29] R. Menéndez Pidal: *Historia de España,* vol. III. *La España germánica.*

[30] Fray Justo Pérez de Urbel: *El monasterio en la vida española de la Edad Media,* Barcelona, 1941, 58.

POLOS VIEIROS PROUSTIANOS

DENDE PARÍS A "COMBRAY"

Marcel Proust fotografiado por H. Martinie

Teñen decorrido anos dabondo cando cun vello amigo xa morto —daquela Cónsul do Uruguay en Vigo— visitamos nos salóns da Biblioteca Nacional de París a Exposición Marcel Proust. Axuntárase alí non só todo Proust, sinón unha chea de ouxetos pouco vencellados ao novelista. Contemplando a mostra revivíase a existencia do escritor en variegados ambentes. Estaban presentes os pais e máis os familiares, e xa que logo a propia infancia proustiana pasada en *Illiers*, a *"Combray"* da súa sonada novela; a casa da "tante Léonie", ouxetos e lembranzas do mundo paterno.

¿Qué máis? Unha galería de mulleres importantes —polo seu intelecto e polos seus salóns— que Proust emprincipiara a ademirar na adolescencia, e que eran, ao mesmo tempo, as nais dos seus amigos e condiscípulos do Liceo Condorcet. Tamén unha profusa iconografía das amistades masculinas do novelista, dende o Conde de Montesquieu deica Alfred Agostinelli.

Ao relér os apuntes que daquela tomamos, descobrimos que a parte máis verdadeira da exposición cinguíase aos textos saídos da pluma do escritor: os impresionantes oitenta e dous voluminosos "cahiers" do manuscrito *A la recherche du temps perdu;* e a imensa obra acomorada polo novelista, silandeiramente, doorosamente, dende o 1905 deica o ano do seu pasamento, no 1922.

Matinando en que era un home doente, que pasaba a meirande

parte do tempo no leito, parecíanos realmente abraiante que poidera realizar empeño tan fecundo. Inda que sóio fose o esforzo material de ir cobrindo a brancura das incontables follas coa súa letriña miuda; unha letriña nada caligráfica, nin siquera moi lexible, pero abondosa en correcións, variacións, intercalados; e mesmo con grandes follas manuscritas amecidas que el apegaba con goma ao manuscrito orixinal, e ás que chamaba "paperoles".

Contemplando todo ese mundo creador decatábamonos, por unha banda, do labor físico que supuña ir entintando e enmourecendo cuartelas. E pola outra, relacionábamolo co monólogo interior que o informóu; co estraordinario proceso mental que implicaba ir lembrando, analizando deica as súas derradeiras consecuencias, recobrando e fixando pra sempre todo o que se arquiva e despóis se esvaece na fraxilísima memoria humá, máis fráxil aínda que a mesma vida. Dediante de tan grande empeño, tirábamos unha idea da magnífica empresa levada a cabo por ese xurdio inválido. A dun home que, axuntando as poucas hostes que inda lle restaban, libróu unha loita decisiva na que derrotóu á desintegración e á morte.

Con esta impresión, recollida na Exposición proustiana da Biblioteca Nacional de París, resolvimos visitar o pobo que Proust recreóu pra sempre en *Du coté de chez Swann* co nome de Combray. E saímos, nun fermoso día, camiño de Illiers, o predio paterno do estraordinario novelista, onde éste pasara de neno as súas vacacións. Dirixímonos de primeiras cara Chartres. Pasamos a carón de bosquiños e de pequenos lagos que nos lembraban as telas de Corot. Era a rexión de La Beauce. De treito en treito despregábanse estesas campías, douradas de meses.

Tras de nós quedaba Chartres co seu maravilloso templo que cantara Huysmans en páxinas inmorredoiras. Unhas catro leguas máis ao sul agardábanos Illiers, o noso Combray. Na aldea alentaba esa simplicidade de vivir típica dos pobos da campía francesa. A herdade de Mme. Amiot, a aboa de Proust —trocada polo novelista en *tante Léonie*— semellóunos que permanecía incólume. Alí estaban os mobles de época, os sillóns de esteriña, o gran quinqué con pantalla de vidro verde, os vellos reloxes... En varias vitrinas, libros de edicións diferentes, de todos os países, mesmo de China. Cartas, retratos de Proust neno, do Proust que andivera por estas habitacións.

Nun emotivo lugar da casa, o cuarto de Marcel. Ao pasear os nosos ollos pola realidade dos ouxetos alí conservados, íamos "lendo" outravolta a xenial novela. Recobrabamos o tempo perdido de Proust. O podente influxo do seu esprito volvía a nos comunicar sensacións, acariñábanos cun efluvio de ternura melancónica. Nese recinto comprendíamos millor o mérito impar do artista. Ou seña, o latexo vital que soupo imbuír cada unha das súas liñas meiante un teimudo culto do matiz; meiante a pescuda prodixiosa de mínimos ouxetos e circustancias que poboaron a súa existencia, e que foi amoreando na tan froitosa como mazmida paixón de novelista.

A casa de "tante Léonie", en Illiers. A fiestra da esquerda no primeiro piso, corresponde á habitación que Mercel Proust ocupaba

PERCURAS CRÍTICAS E TÉCNICAS NOVELÍSTICAS

Despóis de lembrar a andadura de pasados anos polo mundo proustiano, imos tencionar agora adentrármonos no universo literario do escritor. Entrando na parte inicial de *Polo camiño de Swann* chegamos a unha patria interior que cada quen de nós ten conocido, que posteriormente deixóu atrás e da cal ás veces arrenega: a infancia. Proust, gracias á frescura e á autenticidade da súa memoria, convírtese no historiador sin parella desa patria interior. Ao abrir o libro estamos a seguir as pulsacións dunha sensibilidade fraternal. A descrición e máis a interpretación da vida efeitúanse dediante de nós con imaxes esactas que semellan xurdir da nosa propia memoria.

O primeiro que se nos descobre na obra proustiana é a fondura da súa análise. Ninguén soupo larapetar coma el o resorte atobado dos nosos actos e a parte involuntaria dunha natureza humá. O novelista adicóuse á pescuda das fatalidades segredas que pesan riba

de nós. Anda a seguilas como unha doenza que evoluie co tempo. Descobre os seus indicios onde menos se sospeita. En síntese, esixe que os seus persoaxes lle entreguen o seu segredo un algo como o analista forza aos seus pacentes a falar.

Marcel Proust fai axeitadísimas descricións da natureza. Pero descrición non é palabra dabondo. Compre falar máis ben de comunión. Perante unha mata de espiños en fror ou dediante de plantas en movimento no fondo dun regueiro trasparente, o escritor entra nun estado contemplativo e esperimenta algo así como un éxtase místico.

Pero non é desto do que tencionamos tratar arestora. Imos referirnos ao proceso seguido no seu labor literario, pra un millor entendimento da totalidade do seu acento. Sabido é que o primeiro libro que saíu da súa pluma foi *Os praceres e os días*. Son, os recollidos nestas páxinas, relatos breves, anotacións psicolóxicas e poemas en verso ou en prosa. En todos eles pode sinalárese unha cantidade de temas tratados con minucioso arte: o da mundanidade e o esnobismo, o dos celos, o da pluralidade das tendencias dun mesmo carácter, o da perversidade e o sadismo, o da morte. Ao longo do libro afírmase a superioridade —proclamada polo autor— do pasado revivido sobre do momento presente.

Aló polo año 1896, Proust emprincipia a redación dun longo relato: *Jean Santeuil*. A finalidade do relato consiste en poñer de manifesto a superioridade do xa vivido sobre do direitamente percibido. Esto obrígao a inventar unha técnica de narración na que os mesmos episodios son narrados dúas veces. A primeira versión amosa as impresións inmediatas dun neno ou un rapaz; a segunda reproduz as mesmas impresións tal e cómo as revive o mesmo persoaxe, longos anos máis tarde, cando algún acontecimento fortuíto as evoca bruscamente no seu esprito. De ahí a importancia esencial que na narración —feita en dous tempos— teñen espresións tais como "máis tarde", "despóis", etc. Porén, o narrador abandona *Jean Santeuil*, deixando o seu remate pra unha época na que posea unha técnica millor. Publicaráse longo tempo após do seu pasamento.

A súa descoberta de Ruskin, no 1899, lévao a deixar os eidos da novela e empúrrao a percurar unha solución ás súas dificultades pola banda da estética e da crítica literaria. Do 1900 ao 1909 publica traballos de tradución e de presentación encol de Ruskin: *A Biblia de Amiens, Sésamo e lirios;* pastiches literarios —*O asunto Lemoine*—, textos recollidos en *Pastiches et mélanges*. E escribe un importante ensaio de crítica xeneral, lamentablemente inconcluso, tiduado *Contra Saint-Beuve*. Nel, tomando posición contra do método puramente biográfico do crítico dos *Luns*, concibe un método inverso; un método onde se tencionaría, dediante de todo —na obra que se estuda— concentrar a atención sobre certos intres típicos, encol de certos pasaxes recurrentes, reveladores dos temas e das esencias.

Proust, nembargante, volta ao rego narrativo. A técnica da nova novela vai inspirárese na empregada en *Jean Santeuil*, pero será considerablemente millorada. *Na percura do tempo perdido* xa non

ha consistir no simple redoblamento espisódico dun sucedo. Estribará na reiteración, ao longo de toda a novela, dunha serie de temas ou motivos análogos que se evocan os uns aos outros, e do cal se desprende a perduración dunha esencia.

As percuras proustianas en materia de crítica permitíronlle, así, perfecionar os seus istrumentos e resolver os seus problemas técnicos en materia de novela. Poseedor, ao cabo, dos procedimentos de creación e de composición que lle comprían, Proust —alonxado do mundo, pechado no seu cuarto de doente— traballa case sin acougo dende o 1909 ao 1913, na redación de *Na percura do tempo perdido.* E neste derradeiro ano aparez xa o primeiro volume.

NOTAS ENCOL DA OBRA MAESTRA

Asegún a sumaria e rápida cronoloxía que vimos de facer, resulta que Proust adicóu toda a súa existencia á elaboración dunha soia e única obra. Partindo de *Os praceres e os días* e *Jean Santeuil,* e pasando polos escritos encol de Ruskin, o *Contra Saint-Beuve,* e mesmo os "pastiches" e os artigos aparecidos de xeito intermitente en "Le Figaro", todo na actividade literaria do escritor relaciónase coa obra única; unha obra única na que non deixa de soñar e pra a que non deixa de se preparar. Todo o que a precede ven ser, ora esbozos dela, ora exercicios preparadores pra a súa execución. Resultaría pouco doado, pois, atopar na historia das literaturas o exemplo dunha devoción máis esclusiva adicada por un autor a un libro exemplar; un libro a cuia realización consagróu a súa vida enteira.

Sería, noustante, un erro querer identificar a obra— seguindo o método beuviano ou lansoniano— coa vida. Non é, xa que logo, que se non poidan atopar na primeira abondosos elementos tomados da segunda. A parte correspondente á autobiografía e ao memorialista son considerables en *Na percura do tempo perdido.* O mundo de Combray na novela é —como temos dito— o da infancia de Proust no pobo de Illiers, en Beauce. O mundo dos Guermantes é o gran mundo que o novelista frecuentóu na súa mocedade. Por outra banda, as tendencias homosexuáis dalgúns persoaxes son as propias tendencias. E mesmo nos celos do seu heroi hai que dexergar unha reminiscencia dos sentimentos de seu. Ademáis, a pesares das negativas de Proust, resulta doado identificar —cando menos parcialmente— a moitos dos persoaxes con seres que existiron realmente e que o autor conocéu.

Dito ésto, debe reconocérese que a novela proustiana se non representa como a trasposición direita, nun relato imaxinario, dunha existencia vivida. Pola contra, ven ser como a lembranza dunha existencia que mesmamente ten deixado de se vivir. A novela é, por conseguinte, o intérprete por intermeio do que un ser tenciona lembrarse dunha existencia acabada; tenciona "atopar" un "tempo perdido". Perdido no pasado, perdido na distancia, perdido —en razón da imposibilidade na que se alcontra quen escribe esa novela— de seguir vivindo, sin interrución nin intermitencia, como tiña vivido.

A Proust facíalle compaña a razón de protestar contra do método

de Saint-Beuve que confunde dabondo doadamente a existencia e a obra, a biografía e a crítica. *Na percura do tempo perdido* é unha obra na que compre lembrar, en primeiro termo, que foi concebida por un ser privado, en certo xeito, dunha antiga existencia; un ser pra quen escribir non é o eco espontáneo dunha actividade presente de cheo. Trátase, en troque, dun longo esforzo pra chegar a outer a esencia dunha existencia xa cumplida, e pra facela desenvolver unha vez máis nun imenso soño de compensación.

Na percura do tempo perdido case non pode comparárese no plano novelesco —tanto en vastedade como en importancia— sinón con *A comedia humá* de Balzac, e *Guerra e paz,* a fermosa novela de Tolstoi. Pero si na creación dos persoaxes e dos meios sociáis é tan grande como elas, supéraas no análise. Non dexergamos con quén podería comparárese neste dominio, agás quizàves con Stendhal ou co Meredith de *O egoísta.* Engadamos que Proust tiña un don de poeta en prosa que eles non tiñan, un estilo do que carecían —facendo esceción de Meredith—; un estilo, artístico que lles faltaba, e unha fondura filosófica coa que sóio un Valery podería rivalizar. Pero éste —gran poeta tamén— non era novelista e non atribuía importancia algunha ao arte da novela.

A obra maestra de Proust amosa como punto de partida unha intención relativamente modesta: un ensaio de teoría literaria, cuio pretesto era a obra crítica de *Saint-Beuve.* Nela descobría un vicio redhibitorio: a preocupación de aprecentar, que falsea o conocimento da natureza do verdadeiro xenio, e que esbozara no 1908. Xa dixemos, verbo désto, que antre 1895 e 1901 dera ao papel anacos —abondosos e disparatados— da novela que tiduóu *Jean Santeuil* e que se publicaron no 1952, trinta e un anos despóis do seu pasamento. Este *Jean Santeuil,* que deixara en borrador, inxería temas que, na súa totalidade ou en parte, retomóu en *Na percura do tempo perdido.* Pero carecía da alma que a derradeira novela ten. Faltáballe, de certo, o que constitúe a unidade desa "percura": a idea dun progreso espritual, a idea do descobrimento da natureza do arte e da verdadeira dita. Tal idea percuroulla *Contra Saint-Beuve.* Noustante, non nos dá a demostración por meio dunha teoría, sinón a meio dunha novela. De xeito que se podería decir que *Na percura do tempo perdido* ven ser dalgún xeito *Contra Saint-Beuve* máis *Jean Santeuil.*

Pero repensóuno todo pra que a obra se valeirara nun soio molde. Pensóuno e afondóuno. Todas estas esperiencias que un home pode ter descríbense en *Na percura do tempo perdido*: esperiencia de sí mesmo, esperiencia da humanidade, esperiencia da vida disoluta, esperiencia da vida fonda. Todas estas esperiencias preséntanse en forma novelesca. A súa conceición da música atópase abranguida nas audicións sucesivas de Vinteuil. A da pintura no efeito producido sobre o narrador polas obras doutros persoaxes, Elstir, ou as de Veermer. E a do arte teatral é a Berma. Verbo do arte literario ven ser, primeiro, Bergotte —ao menos nos vencellos do artista coa obra—; e despóis, sobre todo, a esperiencia do propio narrador nas

impresións que esperimenta; e tamén nas revelacións que lle proporcionan a mundanidade, a vida social, o amor, a amistade, e mesmo a bebedela no sonado xantar en Ribevalle.

Non hai dúbida de que *Na percura do tempo perdido* encerra unha estética. Embora, esta estética formóu parte da súa vida, ao menos da do narrador. E así, o autor non se identifica de cheo, inda que se asomelle moito. De tal xeito, permanez fiel a un principio. O descobrimento do senso do arte é un acontecimento na vida do que narra. Unha cousa que se producíu, en condicións particulares de lugar e de tempo, na antecambra do salón da nova princesa de Guermantes, que o tiña convidado a unha velada musical. Describe daquela a súa estética, indireitamente, tal e cómo o narrador a descobre. En síntese, "experimenta", non "proba", como faría si tivera proseguido deica o remate o seu ensaio encol de *Saint-Beuve;* un ensaio que no 1908 pensaba presentar en forma de esposición ao xeito de Taine. As páxinas de "O tempo recobrado" —derradeiro tomo de *Na percura do tempo perdido*—, nas que Proust describe esta estética en "acción", como Aristóteles quería que fora a traxedia, figuran antre as máis fermosas das súas obras.

A miudo tense comparado *Na percura do tempo perdido* cunha sinfonía que axunta elementos diversos e contrastantes nunha mesma obra. A escola estruturalista de arestora tenciona situala nunha especie de circo da desdita e da culpabilidade, propia da literatura contemporánea. Parécenos un erro considerar a Proust como un pesimista ou como un irracionalista. Proust non é nin Beckett nin Camus. A súa conceición das cousas da vida ven ser menos teimudamente tráxica. E non por razóns fortuítas *O tempo recobrado* é, ao cabo, unha especie de "Himno á alegría".

INFLUXO DA DOENZA

Ao cumplir os corenta anos, Marcel Proust sabíase condenado pola doenza; e esa ameaza aburábao, porque "a obra reclamaba unha tumba acabada denantes de que el fora encher a súa". Tales palabras dirixíallas ao seu amigo René Blum en febreiro do 1916, pedíndolle que intercedera pra que o editor Bernard Grasset lla publicara por conta do autor. Bota man dese meio porque a doenza pode impedirlle facer modificacións, acortala ou distribuíla en pequenos volumes, asegún as esixencias editoriáis. Anceiaba ollala craramente impresa e conocer a data da súa publicación pra se ocupar de presentala. A carta é un prodixio de tacto, de miudosa comprensión de todas as posibilidades e incomenentes. Cede, cede sempre, diñeiro, direitos de autor, inda que está convencido de que o libro "moi superior ao que enxamáis se teña feito" dará un día honra ao seu editor. Teima en que o libro teña un precio baixo pra estar ao alcance do público que é menos parvo do que merca libros caros. E todo porque durante dous anos o novelista tiña deixado o manuscrito a diferentes editores, sin que acadara máis que refugos e comentos amocados.

A anguria de Proust viña determinada polo medo de que a morte

se adiantara á publicación da súa obra. Porque dende os nove anos, o escritor sofría crisis de asma, que constituíron o padecimento de toda a súa vida. Fustrigado por elas non saía case nunca da casa e recibía pola noite. Pasaba os días baixo dunha iluminación escasa e coas fiestras herméticamente pechas. No 1922 o seu mal agudizóuse, e no novembro dese ano producíuse o seu pasamento.

Hai escritores cuio nome sigue estreitamente vencellado a unha doenza cuio padecimento sinóu a súa vida. Si en Dostoiewsky foi a epilepsia e en Alfred de Musset a tisis, en Marcel Proust foi a asma. Este estado, encetado de neno e que chegóu a ser crónico e permanente, motivóu unha chea de estudos. Proust, asmático inveterado, parcialmente illado do seu mundo esterior, foi o que Serge Béhar chamóu o novelista con dimensións médicas. "Pois en *La Recherche* a mediciña e a fisioloxía ocupan un lugar de preponderancia: a doenza do narrador, a dos persoaxes do libro, os retratos dos médicos contribúen a crarexar a vida interior, a remolcar a creación literaria."

La Recherche foi escrita por un aprendiz de médico que sinte e observa máis do que sabe, e que remata por saber a forza de observar e de sentir; e espresa o retrato de Marcel Proust que elabora día tras día á enfermedade como un brután disector de conciencia. A proustiana percura do tempo perdido seméllanos que debe ser o antecedente da actual mediciña psicosomática. Arredor da lembranza do seu insonio —ao mesmo tempo síntoma e doenza— abondaría lembrar o dito nas súas memorias: "De todas as habitacións cuia imaxe adoitaba eu evocar nas miñas noites de insonio, ningunha se alonxaba máis na semellanza das habitacións de Combray, espooreadas cunha atmósfera espullante, polinizada, comestible e devota, que aquela do Gran Hotel da Praia de Balbec...". Despóis do pasamento da súa nai, a introversión do novelista acentuóuse de xeito notable. Nos anos finái, o seu cuarto arranxóuse de tal maneira que a el non chegaban a luz de fora nin os bruídos, permanecendo varios días durmindo no leito.

Tense descrito a Proust como o meirande describidor literario da psicoloxía fonda e da patoloxía psicosomática actual. E ésta é outra das súas grandezas, que vai á par da novela psicolóxica. Gracias a ela revolucionóu as formas de traballo da creación literaria, ao fundar unha nova conceición da novela; unha conceición onde o vencello antre ésta e o leitor acada o maior intimismo, e permítelle trasmitir, fiel e íntegramente, as súas vivencias.

Pero falábamos do peso que exercéu a súa doenza na presa que sentía por ver editada a súa obra. Aló polos finái do 1913 tiña lista a primeira parte de *Du coté de chez Swann,* pois a novela publicóuse dividida. Compuxérase catro veces por mor das correcións do autor; e, asemade, tamén a demorara éste pola indecisión no tíduo, pois aspiraba a que fora "tout simple, tout gris", e, ao propio tempo, "un pouco fráxil e inxenioso". Os anuncios responderon aos coidados do novelista, que os redactóu, suxeríunos, pedíunos con xentileza e agradecimento. Tiña confesado: "O meu libro é a historia de toda a miña vida. Collo ao meu heroi despóis da infancia e sígoo a traveso

da súa vida mundana, os seus amores e os seus praceres deica o seu retiro, no que se encerra pra se consagrar á creación". Tras desas palabras existía o milimétrico proceso de captación da realidade fonda, mediante as "lembranzas vivintes" da memoria involuntaria, que os resucita cando semellan perdidos.

Por suposto que a publicidade non chega a trasmitir a imaxe da novela. Pero o anceio de Proust era o de botar a andar polo mundo dos leitores a obra toda que con tanto esforzo tiña creado, antes de que a morte chamara ás súas portas.

IMPRESIÓNS DA LEITURA

Hoxe Marcel Proust non sóio entróu de cheo na historia. Pra o poder apreciar non compre relegalo ao pasado; non hai que acordarlle circustancias atenuantes pra esplicar, e mesmo excusar, o que a súa visión e a súa filosofía do mundo, e a súa linguaxe, poderían ter de insólito. Debería fuxir ás flutuacións vertolás que el mesmo describíu tan ben, non sin unha segreda ansiedade que lle permitíu atravesar a súa aparente incoherencia. Verbo deso, poderíamos decir que é o derradeiro dos grandes novelistas franceses, o derradeiro herdeiro do século XIX. E máis aínda: Menos un novelista de oficio que un dos clásicos máis representativos. Pois na medida na que levóu a novela ao seu grado de evolución estrema, desembocóu noutra parte e evitóu ter que sofrir a fadal dexeneración do xénero. Sin risco de nos enganar, pensamos que hai que nomear a Proust a carón de Balzac, Stendhal, Flaubert e Zola, dentro da literatura francesa.

A leitura da obra proustiana trainos, dende o fondo dos séculos, unha abondosa serie de rememoracións. A cultura xoga alí un maravilloso reactivo que coorea compasivamente unha biografía que sinón resultaría estraña. Moitas "pequenas frases" de Proust vólvennos levar a un país familiar; de tal xeito que leéndoo coida ún estar releendo. A leitura, por outra banda, resulta azarosa. Na compaña dunha voz constantemente reconocible, de timbre único, imos de aglaio en aglaio a traveso do laberinto dunha confesión enmascarada, despóis de ter escluído todo rigorismo premente. E dese esquezo, desa noncuranza, desa indiferencia culpable, nace no leitor a perceición dos estados de conciencia primordiáis; o degrañe condutor das reminiscencias salvadoras, como as pedriñas de Pulgarcito.

Sinalóuse a miudo que —á inversa de Joyce ou de Kafka— este autor, inda non carecendo de turiferarios, non ten discípulos nin imitadores. Existe un culto proustiano, pero non hai calcos de escola proustiana, como ocurre con Stendhal. Ademáis de que non cabe dúbida que Proust —como Stendhal—, dirixíndose ao noso corazón, obríganos a simpatizar con el, e solicita a amistade denantes que a admiración ou a sumisión ao mestre. E poida ser que a cousa se deba ao carácter eshaustivo da súa obra, pois esa suma non esixe ser completada.

A lección de Proust non consiste en nos ter adeprendido a empregar, desnaturalizándoos, os ensinos do intelectualismo moderno. Radica en ternos amosado cómo os elementos dese intelectualismo, asimilados co aire que alentamos, dixeridos cos libros que enguli-

pamos, anexados, recuperados, integrados, poden se trocar nun desacougo cotián; poden seren ergueitos ao nivel dunha traxedia doméstica, homildosamente reducidos aos acentos patéticos dun laio, aos arrodeos, aos remuíños dun estilo, á grafía tremelucente dunha escritura.

Abonda con lér ou pronunciar o monosílabo "Proust" pra evocar decontado ao dandy, ao frívolo snob dos salóns burgueses, ao esquisito mundano. Abonda ouvir esa sílaba, tamén, pra figurar ao sofrido recluso do boulevard Hussmann, ou pra asociar a memoria desa clave trasformadora da novelística moderna que é *A la recherche du temps perdu;* pra revivir os perdidos mundos de Guermantes, de Swann, de Odette, do ambigo barón de Charlus, de Albertina e outras "rapazas en fror", de belida sombra.

A leitura da obra proustiana esixe unha ferreña discipliña: esforzo, atención concentrada, costancia e vontade. Noustante, pesie a tales dificultades, o conocimento e a divulgación da obra de Marcel siguen a ser constantes. E na perspectiva de tres cartos de século, de antre o enorme caudal de estudos e exames críticos, resulta posible seguir a marcha do proceso esexético, desenvolto como superposición dunha serie de circos concéntricos de diámetro cada vez meirande.

Ao leitor que arestora chegue a Proust, ese proceso —parellamente á leitura da obra—, ofrécelle elementos básicos de indispensable referencia pra abranguer o conocimento total da persoalidade e a obra proustianas. E son indispensables, porque a do autor de *Pastiches et Mélanges* é creación chea de connotacións, autobiográficas e alusivas; de claves e notas de época; de marxinacións necesarias para a súa comprensión.

A ACTITUDE CREADORA

A nosa xa lonxana visita á esposición proustiana da Biblioteca Nacional de París e o noso percorrido polo predio paterno de "Combray" amécense hoxe ao novo mergullamento no mundo das súas creacións. De primeiras, nesa especie de novela-río que é *A la recherche du temps perdu.* Unha novela que, como se sabe, integran confluentemente: *Du coté de chez Swann, A l'ombre des jeunes filles en fleur, Le coté de Guermantes, Sodome et Gomorre, La prisionniere, Albertine disparue* e *Le temps retrouvé.* Pero tamén neses outros volumes que se chaman *Les Palisirs et les jours, Pastiches et Mélanges, Chroniques* e a novela inconclusa *Jean Santeuil.* Noustante, pra chegar ao cabal conocimento proustiano, compre abeirar asemade os tomos da súa correspondencia.

Non hai dúbida de que a obra é un vasto friso cuio desenvolvimento se ten proxeitado cara os bremantes lindeiros aos que Proust a levóu. En primeiro lugar, polo encerro e illamento morboso que o mal lle impuxo. En segundo termo, polo témero afervoamento que, superando doores e postracións, lle consagróu de cheo á obra. En terceira istancia, pola convinción fatalista de que o seu destino —quezáis albiscamento de groria literaria— radicaba en levala a cabo

denantes de morrer. Nefeito, deixando de lado as creacións marxinadas da obra fundamental, hai en Proust actitude e continuidade creadora, arrincadas dende a mocedade e entradas na novela-río.

A actitude creadora do escritor procede de ter ollado, dende o comezo, a unidade do friso que constituíu o todo de *A la recherche du temps perdu*. O continuísmo radicóu en ter perseverado —ao longo de vinte anos—, escribindo sin acougo, cos mesmos persoaxes, os mesmos ambentes e circos, co mesmo esprito analista e pormenarizador. Como ten dito Robert Proust, "estaba entregado de cheo á obra, non dexergaba existencia fora dela, non se creía con dereito a se tomar un descanso antes de rematar esa tarea esgotadora. Rematóuna sóio pra morrer, sacrificándose así de cheo á súa conciencia de escritor". Esa conciencia apálpase, alén do testemuño fraterno, na correspondencia. Sobre de todo, na preocupación pola sorte editorial dos volumes que ía entregando, miudosamente certificada en abondosas cartas aos editores.

En toda esa obra óllase ben que, pra o autor, a realidade é só aparente. Elo pende da captura da memoria, ou seña, o tempo perdido. Hai neso o cumplimento dunha lei sabia pola cal imaxínase ún somente o que está ausente. Quezáis non defraude, á longa, o que entendemos por realidade; sinxelamente, porque a imaxinación —elemento estético— non intervén nela. Quérese decir que non podemos recreala, porque dalgún xeito a realidade é sempre presente. Nace, en troque, a verdadeira realidade dunha impresión; ora seña reminiscencia, ou impresión de presente recollida nunha circunstancia particular. Pode producila un ouxeto que esperte o que estaba durmido. Desa impresión pásase a unha verdade abstrata, xeneral. Chega tal lembranza deica a superficie da nosa crara conciencia; é decir, o istante antigo que a tracción dun istante idéntico veu solicitar de tan lonxe, a conmover e suscitalo todo no fondo dún mesmo.

Despóis ensúmese na escuridade de onde veu; e é cando renunciamos a seguir demoéndoo, pero quédanos a sensación de télo recobrado coa continuidade orixinal dunha duración. A memoria introducíu o pasado no presente sin modificalo, tal como era no intre en que era presente; e recobrando así non só a esperiencia illada, sinón a impresión no medio mesmo, vivo pra sempre, que o arrodeaba e arrodea agora coa mesma forma e solidez. Ven ser o que o seu eséxeta Claude Mauriac ratifica: Verbi gratia, cidade e xardín no caso específico dun sabor provocado por un bolo nunha infusión que Proust paladeóu, e a lembranza recuóuno a unha esperiencia infantil. Esta realidade pode producírese en tempo presente gracias a unha circustancia particular que o azar nos depare.

En resume, Marcel Proust, o encraustrado, non é autor pra ser lido de presa, nin por xentes afusquinadas. Nembargante, este percurador do tempo perdido é novelista do perpetuo cambio da ilusión universal, o novelista da movilidade. Por eso alguén destacóu nel a proxeción de perene mocedade; o seu influxo na novelística futura; a indiscutible actualidade da súa obra e da súa técnica.

SALVADOR LORENZANA
Vigo

O HABITAT GALEGO

Galicia, que somentes abrangue un 5,90 por cen do territorio da Hespaña, e un 7,61 por cen da súa poboación, ten o cincuenta por cen dos seus pobos ou entidades singulares. Ou sexa, que namentras a Hespaña, incluida Galicia, axunta 63.613 entidades de poboación, Galicia soia ten 31.883.

Esto, asegún o Nomenclátor do INE de 1970, si ben pra algúns autores, como o alemán Niemeier, de feito son aínda máis xa que no Nomenclátor non están recollidas moitas das aldeas que na realidade existen, cousa que xa dicía encol do Catastro de Ensenada, no século XVIII, o Padre Sarmiento.

Pro quizáis sexa ben engadir que destas 31.883 entidades somentes o 24,04 por cento teñen a súa poboación afatada, faguendo núcleo, e que nas outras, que son o 75,96 por cento, atópase espallada, sendo esta unha das características fundamentáis do asentamento da poboación galega, e o que o diferencia dos outros pobos da Hespaña.

Agora ben, asegún o Nomenclátor do INE de 1970, as 31.883 entidades de poboación galegas clasifícanse estadísticamente en 14 cidades, 131 vilas, 7.215 lugares, 21.699 aldeas, 1.992 casales e, co nome de "outras", 832 entidades. Como teño demosado, a distinción entre lugar e aldea é artificial, e o mesmo podemos decir entre o casal e as "outras", por eso, e simplificando a clasificación devandita, deixámola en 14 cidades, 131 vilas, 28.914 aldeas e 2.824 casales.

No Censo xeral do Estado hespañol feito no ano 1860, que é o primeiro cronolóxicamente que nos oferece certas garantías, atopamos, faguendo o mesmo agrupamento, 10 cidades, 108 vilas, 28.895 aldeas e 4.118 casales, ou sexa, un total de entidades singulares de poboación de 33.131, o que supón que a baixa de entidades antre o 1860 e o 1970, ou sexa nun período de 110 anos, foi somentes de 1.284, o que nos pon de relevo como a traverso de máis dun século a baixa das entidades de poboación galegas en comparanza coas do resto da Hespaña é insinificante xa que, somentes nos derradeiros dez anos, a baixa de entidades de poboación na totalidade da Hespaña acadóu as 4.544, e por eso o porcentaxe Galicia-Hespaña, que no ano 1960 foi do 47,61 por cento, rubéu no 1970 ao 50 por cento.

Por certo que esta baixa no número das entidades de poboación entre o 1860 e o 1970, observámola somentes nas entidades máis cativas, ou sexa, nos casales como fatos de casas illadas, nun total de 1.294, mentras ruben, anque moi pouquiño, as aldeas, 19, e algo máis en comparanza as vilas, 23, e as cidades, 4.

Compre dicir que o tíduo de cidade foi outorgado nalgúns casos polo Estado en data recente como acontecéu con Sada e Santa Uxía

de Ribeira, ou ven de moi antergo, aínda que hoxe non semelle lóxico, pola pouca importanza numérica da poboación, como nos casos de Mondoñedo ou Tui. Das catorce cidades galegas actuales oficialmente recoñecidas: A Cruña, O Ferrol, Santiago, Betanzos, Sada, Santa Uxía de Ribeira, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo e Tui, sete antergas e tradicionáis —as sete capitáis das sete provincias do Reino de Galicia—, e sete con tíduo novo, sóio tiñan máis de cen mil habitantes no ano 1970 dúas: A Cruña e Vigo; máis de cincuenta mil e menos de cen mil, catro: O Ferrol, Ourense, Lugo e Santiago; tres non chegaban aos tres mil habitantes: Sada, Tui e Mondoñedo; e as outras cinco atopábanse entre os 4.682 de Viveiro e os 27.118 de Pontevedra.

En canto ás vilas, que finando o século XVIII eran, asegún nos di Lucas Labrada, 106, e delas: 14 de realengo, 25 de abadengo, 20 de señorío eclesiástico, 46 de señorío secular e unha de órdenes, e que pasan a ser no 1860, 108, ou sexa, dúas máis, pois tamén ás vilas como ás cidades o tíduo élles outorgado, son, como xa dixemos, no ano 1970, 131, das que lle tocan cuáse a mesma cantidade a cada unha das catro provincias de hoxe: 34 á Cruña, 33 a Lugo, 33 a Ourense e 31 a Pontevedra. Pro, destas 131 vilas, somentes unha, que é Marín, tén máis de 10.000 habitantes; 12, teñen entre catro e dez mil; 23, entre dous mil e catro mil; 29, entre mil e dous mil; e as demáis, ou sexan, 66, teñen menos de mil habitantes, e destas, 37, non chegan aos 500 habitantes. Das 131 vilas do Nomenclátor, 115 son capitáis de Axuntamento, e 16 nono son.

Pola contra, atopamos 45 aldeas que teñen máis de mil habitantes, e delas cinco con máis de tres mil, ou sexa, que cada unha destas cinco aldeas axuntan máis xente que tres das nomeadas cidades, e que a maioría das vilas e, pola outra banda, calquera destas 45 aldeas ten máis habitantes que calquera das 66 recoñecidas como vilas, e que non chegan a ter os mil habitantes.

Mais, por estas e outras cousas, xa temos falado dos trabucamentos do Nomenclátor, e dos que argallan os ditos trabucamentos que non son outros que os Axuntamento galegos que hastra o de agora non foron capaces de voltar os topónimos ao seu primixenio e verdadeiro feitío, nin de chamarlle ás entidades e ás máis cousas polo seu nome.

Pro, para dármonos conta de cómo se distribúie hoxe a poboación en Galicia compre que saibades que no Censo do 1970 as edificacións axuntadas eran o 65,43 por cento dun total de 748.429, e as espalladas o 34,57 por cento, sendo as máis afatadas as da Cruña e Ourense, e as máis espalladas as de Lugo e Pontevedra.

En canto á poboación residente na mesma data, nas entidades axuntadas ou con núcleo, acadaba un 62,45 por cento dun total de 2.583.674 habitantes que tiña Galicia no 1970, e nas espalladas un 37,55 por cento, correspondendo tamén a maior xuntanza ás provincias de Ourense e a Cruña, e o maior esparexemento ás de Lugo e Pontevedra.

Nestas condicións coidamos que hastra é lóxico, pro sen deixar de sere sinificativo, que dos 312 mal nomeados Municipios existentes en Galicia no 1970, 119, que costitúen o 38 por cento do total, tivesen por capital do Axuntamento a unha entidade con menos habitantes que outras entidades do mesmo termo municipal.

Pro coido que encol do obxetivo deste traballo, o que nos compre xa é disterar a poboación urbana da rural pra acadar o peso e importanza que cada unha delas ten en Galicia e, neste senso, e clasificando como poboación urbana aquela que ten a súa moranza nas entidades de máis de 20.000 habitantes; como poboación vilega nas de 5.000 a 20.000 habitantes; como poboación de transición nas de 1.000 a 5.000 habitantes; e como poboación rural nas de menos de 1.000 habitantes, temos que, asegún o Censo do 1970, dos 2.583.674 habitantes de feito que tiña Galicia, moraban nas cidades o 22,07 por cento; nas vilas, o 2,18 por cento; nas aldeas e vilas de transición, o 8,94 por cento; e nas aldeas rurales o 66,81 por cento. Ao comezar este século, no ano 1900, estes porcentaxes eran respeitivamente do: 6,60 por cento, o 0,00, por cento; o 4,67 por cento e o 88,73 por cento.

Mais quizáves esta clasificación non sexa por algúns ademitida hoxe, e por eso faguemos outra máis en boga que considera como poboación urbana a que vive nas entidades de máis de 10.000 habitantes; poboación intermedia entre urbana e rural, nas entidades de 2.001 hastra 10.000 habitantes; e poboación rural, nas entidades que non chegan aos 2.000 habitantes. Ademitindo esta clasificación vixente teríamos que a poboación galega no ano 1970, era nun 23,04 por cen urbana; nun 6,84 por cento intermedia; e nun 70,12 por cen rural, namentras que no mesmo ano a poboación española collida en xunto era o 66,50 por cento urbana; o 22,50 por cento intermedia, e somentes o 11 por cento rural.

Do que levamos dito deica agora tiramos tres conclusións iniciáis: a primeira, que o asentamento da poboación galega é un asentamento espallado; a segunda, que a poboación galega sigue sendo rural nunha gran maioría, un 70,12 por cento, escontra o 11 por cento que é a meia da Hespaña; terceira, que en Galicia non existen nin megalópolis nin grandes cidades.

Agora ben, ¿este asentamento espallado da poboación galega é unha cousa de agora, ou existíu desde sempre? Podemos segurar sin medo de erro que a continuidade do espallamento da poboación galega ven desde a protohistoria, sendo unha das constantes e características que poñen de relevo os autores galegos e non galegos pois, mentras Quelle olla este xeito da poboanza galega como moi antergo, Gómez Tabanera dinos que Galicia desde o amencer da súa historia apresenta unha poboación espallada, sin que derradeiros movimentos demográficos coñecidos históricamente a fixeran variar moito, e López Ferreiro sinala que en Galicia, a pesares dos esforzos de Fernando II e Alfonso IX, prevalecéu sempre o primeiro

xeito espallado do asentamento da poboación, quizáis polos moitos herdeiros e cultivadores existentes, ou tamén polas condicións dos pais e o carácter dos galegos.

Xa o Seminario de Estudos Galegos falando dos tipos protohistóricos do habitat da nosa terra: a citania e o castro, pon de releve a veciñanza dos castros e dos túmulos dolménicos, decindo que a mesma "dase moitas vegadas na Galiza e fala á prol de un rexo axuntamento das coleitivades indíxenas cos mesmos lugares de habitación, prolongada durante decenas de séculos, e amostra que a invasión céltiga non maquióu dos seus asentos ós pobos máis antigos que poboaban a bisbarra", niste caso, a do Val de Vilamarín.

López Cuevillas dinos que o "máis caraiterístico da nosa orgaización política protohistórica é aínda o número sorprendente dos nosos castros, que pon de manifesto un xeito espallado do vivir das xentes riba do chan, que aínda hoxe se mantén", e chama a atención encol do feito de que nos castros celtas existe un pendor nas edificacións a permanecer isoladas unhas das outras, evitando os contactos e prescindindo das medianeiras. E dinos tamén o gran prehistoriador ourensán que inclusive dentro da chamada área celta, as tribus asentadas en Galicia pódense diferenciar das outras e personalizarse por seren máis pequenas e ficar espalladas por todo o territorio.

Nesta orixe celta dunha boa parte das entidades de poboación galegas acadran moitos autores, e entre eles Zimmermann pra quen "a maior parte das actuales aldeas de Galicia foron creadas no tempo da invasión dos celtas". O cual non é enteiramente certo, pois moitas xa existían cando os celtas chegaron, e outras naceron na Reconquista e despóis dela, e aínda xurden hoxe á beira do mar ou das estradas. Cousa que ademite o mesmo Zimmermann cando sinala que "naturalmente no decurso do período medieval fixéronse novas poblacións pra acobexar os fuxitivos do sul ocupado polos árabes, e o mesmo aconteceu nos séculos XVIII e XIX, co incremento da poboación."

Neste senso, coidamos da meirande importanza consinar a opinión de Niemeier, quen di que a toponimia fala da abundanza dos castros nas bisbarras galegas, sendo a aldea pechada a máis vedraña das instalacións humanas en Galicia, aínda que non sexa doado probar esta instalación protohistórica da aldea pechada, pois en moitas delas pódese demosar a súa fundaxe na Edade Meia, si ben o tipo da aldea pechada é, nembargantes, moi antergo, xa que moitos castros foron ao mesmo tempo núcleos de poboación.

Niemeier contóu 440 entidades singulares de poboación en Galicia que levan o nome de castro, moa, e os seus derivados. Pro nunha pescuda que eu fixen no Nomenclátor atopéi 575 entidades singulares co nome de castro, moa, ou derivados, e co este comparto:

Castro	388
Castrelo	35
Castrillón	15
Mamoa	14
Moa	13
Madorra	5
Modia	8
Castelo	76
Tras y Sub-Castro	20
Croa	1
TOTAL	575

Estas 575 entidades compartíanse por provincias deste xeito:

A Cruña	213
Lugo	201
Ourense	60
Pontevedra	101
TOTAL	575

Xa Murguía falóu do asentamento dos celtas en Galicia decindo: "Compartillados en pequenos fatos que ao mesmo tempo e pola súa proximidade costituían grandes bulsas de poboación", acamparon simultáneamente uns nas desembocaduras dos ríos, nos esteiros, na beira do mar, nos lagos e lagoas, nos cumios das montañas e dos outeiros."

Castelao, ao poñer de releve o espallamento da poboación galega fixa a orixe celta deste espallamento, e dinos: "Ó botar unha ollada ao territorio galego é doado decatarse de que a poboación atópase distribuída nun "natural desorden" coma nos países celtas, nun significativo contraste cos módulos do axuntamento social na Castela e nas demáis rexións hespañolas"; mentras Otero Pedrayo, tendo en conta os estudos prehistóricos que descobren amósegas abondosas de pobloacións primitivas en tódalas bisbarras, hastra nas máis feras e montesías, danos a seguranza de que sempre o tipo sobranceiro do asentamento xeográfico da poboación galega foi o espallado; feito éste que ratifica Cuevillas amostrándonos como a traverso dos tempos non sofre alteramento o asentamento espallado da poboación: "Fenómenos concordantes poñen de releve que o mesmo nos séculos lonxáns da cultura megalítica que nos máis próximos da cultura castrexa, a poboación do norde-poente peninsular dispúñase riba do seu territorio dun xeito estremadamente espallado, moi axeitado ás condicións do seu chan e do seu clima, e que aínda hoxe se mantén, a pesares dos pendores opostos que asoballan na actualidade."

Cando os románs chegaron á Galicia celta e se fixeron donos dela obrigaron aos nosos devanceiros a deixar os castros e estableceron, pra un millor aproveitamento das terras, a "villae", as vilas, que acadaron unha meirande importanza na organización social galega.

A vila, como di Saraiva, era unha propiedade longa composta pola terra explotada direitamente polo propietario ou polo "villicus" seu representante, e polas numerosas tenzas desde o encomenzo enfiuzadas á explotación individual dos servos, ou polas que ao núcleo primeiro fóronselle axuntando paseniño, traballadas agora polos colonos ceibes descendentes dos antigos propietarios.

No seu conxunto a vila costituía un sistema caracterizado por sere ao mesmo tempo unha unidade xurídica —na que toda a autoridade pertencíalle ao dono ou "dominus"— e unha autarquía económica que abondaba para as súas necesidades. Tódolos problemas nados da vida colectiva —necesidades de fornecementos, adeministración da xusticia, direición dos traballos, regulación dos pastos comúns, forno pra cocer o pan, fabricación do viño, etc.— resolvíanse ou faguíanse na casa do domus, verdadeira capitalidade do pequeno mundo da vila.

As vilas romanas compúñanse xeralmente —como sinala Risco— dun "palatium" —pazo ou pacio— que era a moradía do dono, da "vila urbán" costituída polas costruccións adxetivas, da "vila frumentaria" coas cuadras e dependencias agrícolas complementarias —cortes, palleiros, celeiros—, e coa "vila rústica", ou sexan, as habitacións dos colonos e dos servos. As vilas levaban o nome dos seus donos e susistiron na época sueva e goda, e tamén na Reconquista, sendo os seus lindeiros e demarcacións moitas vegadas os da freguesía que se establecéu riba delas.

É certo que nos primeiros séculos da Reconquista houbo en Galica un pendor á concentración da propiedade nunhas poucas mans: nobres, bispos e mosteiros; que logo se cachenaría cos foros e subforos; pro esto non foi impedimento pra que a poboación seguise espallada e o número das entidades rubira cos poblamentos que fixeron entón nobres, mosteiros e bispos, e antre eles, como pionero, o de Lugo, Odoario. Foi tamén nestas datas cando se fixo o maior aportamento de nomes xermánicos á toponimia do país galego, como sinala Sachs, quen nos di que o 46 por cento dos nomes xermánicos da Península Ibérica, ou sexa, un total de 1.100, atópanse na toponimia galega cos Aldosende, Allariz, Framil, Guntín, Marzoy, e os sufixos en "mil" aos que se antepoñen os prefixos: ande, ante, coto, da, estra, fra, foi, gando, grada, ra, randa, saa, santo, toi, tras, e tristi; os en "monde" sufixo ao que se antepoñen: gi, guisa, rece, risa, ses; os en "rey" con: reca, sigi, e gond; os en "riz" e "ris", con: ange, asca, balde, belei, branda, forma, lebo, rei, roma, vilou e vilas; os en "ulfe" e "ulfes", cos prefixos: god, rand, reg, rece, ses, ti, sende, miro e rigo. E os nomes de lugar de que fala Gamillscheg: godos, godones, gudín, godiño, gudiña. Ou os moitos xermanos e romanos que aparescen nos testamentos do bispo Odoario, ou nos repoblamentos de outros "presores" como Betote, Sisenando, Cristóbal, o Conde Hermenexildo, o Conde Vimara Pérez e o Conde Odoario, hirmán de Alfonso III.

O movimento repoblador dos mosteiros na baixa e na alta Eda-

de Meia foi tamén dunha grande magnitude. Yepes, asegura que sóio os beneditinos fundaron ou repoblaron máis de 100 vilas e 1.500 aldeas. Nembargantes, compre ter en conta o que di Murguía, que non se poden tomar ao pé da letra estas novas de fundacións, xa que cando se fala de repoblamentos non se refiren a entidades que non existían ou que non tiñan veciños, senón a que se organizan nelas os servicios públicos e lles son devoltas as súas antigas leises e os seus maxistrados.

Pra Sánchez Albornoz, o despoblamento foi total nas bisbarras do sul de Galicia, anque non nas do norde. Pra Quelle o século X foi o século dos mosteiros galegos, polas moitas fundaxes que fixeron. Agora ben, en canto ao espallamento da poboación compre ter en conta que do mesmo xeito que os casales en relación coas vilas costitúen novos núcleos ou aldeas dentro do territorio que cada unha delas abrangue, as granxas sinifican outro tanto en canto aos mosteiros, sendo o xermen de moitas das entidades de poboación de hoxe. Di Niemeier que tódolos lugares que levan o nome de graña, granxa ou granja son fundaxes dos cistercienses, e nos Nomenclátor do 1920 das catro provincias galegas, conta 75. No Nomenclátor do 1970 atopamos 104 entidades singulares de poboación coas ditas tres nomeacións: 59 Graña, 44 Granja e somentes unha Granxa, o que pon de releve, antre outras cousas, a estremada castelanización da nosa toponimia.

O espallamento da poboación galega non lle gostaba xa no século XVI ao bispo de Tui quen na "Memoria das freguesías" que ten a data do 5 de marzal do 1587, escríbelle en castelán ao rei Felipe II o seguinte: "Hase de advertir que estes fregueses —polos de Tui— con seren tan poucos en cada unha das freguesías non viven xunto á eirexa na maior parte, nin circunveciños, sinón un cuarto de legoa ou meia, ou unha, da eirexa, e arredados os uns dos outros, e os máis pretos a cuarto de legoa e a dous tiros de arcabuz, e si S. M. fose servido de reducilos a poblacións como se fixo na provincia de Guipúzcoa, sería o maior servicio de Deus que se podería facer."

E este espallamento permanece no século XVIII, xa que nel, como nos di Otero Pedrayo: "Pódese estudare millor do que hoxe, a feitura pecha dos lugares drento do espallamento xeneral. A ordenación dos lugares é en estrela, en sucalcos, semilúas, conforme ao modelado do chan e o xénero de cultivos. Nas terras ricaces de viñas e vales, xurden en piña os lugares como pequenas e vixiantes acrópolis, en estaxes asegún os camiños e o xurdir das fontes nas costas asoelladas, nos beizos dos chaos, nas derradeiras pasaxes dos ríos, nas encostas abrigosas das serras. Hai, e ben doado de demostrare, unha preferencia pola lus do occidente."

Cando no 1752 comparecen os maiordomos das freguesías da Xurisdición de Lanzada respondendo á pergunta 22 do "Interrogatorio" do chamado Catastro de Ensenada pra que digan o número de casas existentes en cada unha das freguesías, din que non poden comprir o mandado pois "pra executalo era perciso percorrelas e

numeralas, en cuia dilixencia terían que empregar considerábel tempo, respeito a que non se alcontran axuntadas, senón moi arredadas unhas das outras, espalladas e borrifadas por tódalas freguesías, coa esceición de algunhas na vila e porto de Sanxenxo e no de San Martín do Grove."

Mais, este espallamento da poboación galega mantido a traverso dos séculos, ¿a qué obedece? A xeografía, a raza, e a vocación ruralista dos galegos semellan ser as principáis causas que o establecen, ou esto é o que coidan a maioría dos autores. Pra Dantín Cereceda non existe dúbida no feito de que Galicia sigue tamén a lei xeral de que "nas rexións de accidentado releve modelado, ricaces en mananciales e augas correntes, a poboación é tendente ao espallamento e non a xuntarse en núcleos grandeiros e arredados", sendo a un tempo país de pequena propiedade e de pequena labranza. Sánchez Albornoz, falando do Norde da Península nos tempos preromanos e romanos, sinala cómo nestas terras vivirían as xentes entón como agora "espalladas en cativas aldeas xa que a xeografía —a configuración vertical, o clima e os posibles cultivos— impoñen alí ao home ese xénero de moranza en pequechas agrupacións ruráis". E o mesmo nos di Lautensach, falando do sul de Galicia, e recuncan as Delegacións do INE nas catro provincias ao sinalar o accidentado meio xeográfico como un factor fundamental do espallamento da poboación campesiña imposto nunha indispensábel premisa para a explotación racional do solo.

Pro, neste senso, compre ter en conta que Galicia atópase —asegún Quelle— antre os tipos de poblamento atlántico que se caracteriza polo predominio de innumerábeles pequenas granxas e casales espallados densamente polo territorio enteiro, e que a densidade de poblamento é en Galicia, por termo meio, unhas nove ou dez veces maior que nas provincias de poblamento mediterráneo. Nembargantes, este espallamento da poboación galega non obedece enteiramente ás características de outros existentes na Europa, xa que como di Gómez Tabanera: "A poboación galega non se apresenta isócronamente atomizada, sinón máis ben disposta en pequenos, mestos e vidales núcleos de poboación, avaliándose nidiamente na súa organización pendores que a xeografía humana ten soerguido cuase a leises, como a da atracción atlántica dos grandes e vertebrados vales, e a imposta polas bocarribeiras vizosas e de boa exposición."

En canto á raza, xa temos falado dos feitíos do asentamento dos nosos devanceiros que tiveron unha indudable afeizón polo habitat esparexido que fixo que a poboación se compartillase en núcleos moi pequenos que semella non teren superado endexamáis a condición de aldeas. Falando da relación castro-aldea en Galicia, escribíu Lautensach: "A maioría da poboación vive en aldeas pequenas, apremidas ou espalladas, que se atopan moitas vegadas perto dun castro, e son por eso moi antigas". Asegún Fraguas, a aldea galega "nasce co castro, e percura a ocupación de lugares asoleados perto do monte nos pobos de pastores, fase xeral e antiga, e das vías de comunicación

agora, asenllando o millor emplazamento pra poder efectuar toda cras de traballos co maior aproveitamento de tempo i espacio."

Terán, fala dos restos arqueolóxicos megalíticos existentes en Galicia como dunha testimuña da antigüedade do poblamento galego, encol do que se superpón nos tempos protohistóricos unha poboación de orixe celta. Pro ninguén como Otero Pedrayo, explica esta relación: "Ó arredor do castro non xurde a cidade senón un conxunto espallado de aldeas das que o castro é atalaia, defendedor e símbolo. Istas aldeas, os "vicus" dos autores latinos, son o primeiro esquema da aldea galega. O relevo do país, a economía natural, tamén con seguranza un pendor da raza, impoñen á poboación galega, unha forma espallada de habitat". E engade: "A estroitura vidal i orgánica da poboación galega atópase tracexada xa, dunha vez pra sempre, dende os orixes históricos. Os celtas non crean cidades. Aínda hoxe a cidade galega non é a fórmula definitiva do país. Quen somentes coñeza as cidades non coñecerá Galicia. É perciso sentir ista tapezaria de pequenas células vidales, de clans ou freguesías, asegún os tempos."

Quizáis comprira falar aquí das teorías de Meitzen encol da influencia da raza nos asentamentos da poboación: axuntados, os xermánicos; espallados, os celtas; aínda que hoxe paresce estexan xa superadas. Ou do "ver sacrum", e a sonada retesía antre o Murguía e o García de la Riega, encol de si os galegos fican espallados como si estivesen acantoados e dispostos a porse ao camiño en percura de novas terras. Pro, o que non semella oferecer dúbidas é que a xeografía e a raza xuntas veñen ser as condicionantes fundamentáis do asentamento da poboación galega. Asegún Gómez Tabanera: "O espallamento obedece a varias causas ou factores costituíndo as máis sobresaíntes, por unha banda, a natureza labrada prolixamente coa súa orla costeira, e pola outra, un pendor innato e consustancial coas arcaicas fruxes atlánticas de Europa —verdadeiro inconsciente arcaico— e que quizáis se poidera relacionar coa amósega deixada por certas istitucións primitivas como o "ver sacrum".

Polo que respeita ao ruralismo da poboación galega que aínda hoxe é sinificativo como demosa ese 70,72, ou 66,81 por cento do 1970 en comparanza co 11 por cento da meia hespañola de que faléi ao encomezo, abondarían as parolas de Castelao pra destacalo: "É cousa moi sabida que máis dos dous tercios da poboación galega viven no campo, do campo e pra o campo; é cousa menos sabida, si ben non menos certa, que o tercio restante, o que habita na cidade, na súa gran maioría vive tamén do campo". Certo que dende que Castelao escribíu esto as cousas teñen cambiado e que a poboación urbana medróu e a campesiña debalóu nos derradeiros anos, pro aínda agora a poboación labrega é maioría como demosa o II Censo Agrario de España do INE, feito no 1972, do que resulta que o 56,2 por cento das familias galegas son propietarios de explotacións agrícolas, o que supón o meirande porcentaxe da Hespaña,

porcentaxe que nas provincias de Ourense e Lugo, rube hastra o 69 por cento.

Birot e Brunet coidan que os xeitos de traballar a terra inflúen no asentamento espallado, pro tamén inflúe o home galego, como moi ben sinala Martínez Risco: "O campesiño galego móvese na terra nativa como no seu meio propio. Vive avencellado a ela nunha estreita comunión que dura dende o berce á cova. A terra é pra il un factor esencial de contacto biolóxico que rixe e determina as súas acciós e reacciós; pódese decir que a señorea i é señoreado por ela". "O labrego ama á terra por riba de tódalas cousas, con amor de raigaña cósmica, porque tódalas cousas están pra il inmersas nela. Cando un petrucio, satisfeito, di que na súa casa "hai moito ben de Dios", quere abranguer nesa frase, tinguida de senso material e relixioso a un tempo, non somentes a súa facenda —no dobre siñificado de bens e gando propios— senón tamén a súa xente parental: a muller, os fillos, os netos, o esforzo de todos no pulo das angueiras agrícolas; quere expresar a xurdía realidade dunha familia folgadamente asentada na terra nai."

A terceira das conclusións ás que chegamos foi, que en Galicia non existiron grandes cidades, e que aínda no Censo do 1970, ningunha das actuales chegaba aos 200.000 habitantes. Quizáis tiveron a súa emposta, pro nona aproveitaron, Lugo, na época romana, e Santiago, na Edade Meia. Xa no "Codex Calixtinus" se nos di que a terra dos galegos "é rala en cidades, vilas e sementeiras". Cando se fan as "Relaciós" do 1587, pra o rei Felipe II, a meirande das provincias galegas ten por capital a Santiago, con mil veciños, ou sexa, 5.000 habitantes, sendo a capital máis pequena Mondoñedo, con somentes 263 veciños, ou 1.315 habitantes. E poucos máis veciños teñen no 1717, asegún o chamado "Vecindario General". Tense dito por algúns que Galicia non pudo desenrolar unha meirande cultura por non ter acadado unha gran cidade, e que o seu debalo obedecéu a esta circunstancia. Pro, o galego máis esgrevio dos derradeiros anos ollaba a Galicia enteira, dentro do seu espallamento, como unha soia e singular cidade.

Coido non existe dúbida encol do feito de que a nosa poboación fica asentada riba do territorio galego espallada en máis de trinta mil entidades. Agora ben, ¿estas entidades teñen o mesmo feitío, ou ollamos diferencias entre elas? Demangeon, falando en xeral do habitat espallado, distingue nel catro tipos: espallamento primario de tempo antigo; espallamento intercalar; espallamento secundario; e espallamento primario de tempo recente. Estes catro feitíos danse no asentamento galego e deles pódense poñer moitos exemplos. Pro existen outras clasificacións feitas encol da realidade galega e por eso máis siñificativas, como a de Otero Pedrayo, quen diferencia:

— Aldeas e pobos grandes, coas edificacións axuntadas, arrodeadas polas terras da laboura.

— Pobos costituídos por moranzas familiares, cada unha no meio da súa horta, mais todas elas faguendo un conxunto.

— Pobos integrados por casas somentes pra as persoas, namentras no campo érguense as edificacións de apricación agrícola.

— Pobos que no mesmo conxunto axuntan habitacións e edificacións para a labranza.

Coida Otero que o espallamento pode ser antigo, medieval ou moderno, e que se alcontra determinado por un repartimento de terras, unha rede de camiños, ou o incremento da poboación combinado cos novos feitíos i estensións do traballo agrcícola.

A clasificación de Niemeier e tamén moi coñecida e parece axeitada á realidade do asentamento galego rural. Distingue os cinco tipos de poblamento seguintes:

1. Aldea pechada, co vilar mesto.
2. Aldea pechada, co vilar claro.
3. Casales.
4. Aldea apregada á estrada, incluídas as dos cruces dos camiños.
5. Fatos de aldeas, e enxame de habitacións, con unha aldea-núcleo.

A aldea pechada co vilar mesto, abunda nas montañas, sendo as da Terra de Montes, por exemplo, máis pequenas, e as da bisbarra do Bolo, máis grandeiras. A aldea pechada, co vilar claro, é o tipo máis abondoso e atopámolo nas bocarribeiras e nos vales. Os casales illados non son adoitados, en troques óllanse moitas pequenas aldeas abertas coas casas afastadas, maiormente na beira-mar. Atópanse tamén moitas aldeas ao achego das estradas e camiños. O fato de aldeas en enxame pode ollarse no val de Lemos e na Terra Cha, a bisbarra que difiníu Manoel María: "A Terra Cha somentes é: un pobo aquí outro acolá; mil arbres, monte raso; un ceio chumbo e tráxico, no que andan as aves a voar. O resto é soedá."

A clasificación de Niemeier paréceme que ten sido mellorada por Fariña Toxo, quen sinala os sete tipos seguintes:

1. Aldea nuclear co vilar mesto.
2. Aldea nuclear co vilar claro.
3. Aldea polinuclear co vilar mesto.
4. Aldea polinuclear co vilar claro.
5. Aldeas nucleares en nebulosa.
6. Parroquia enxame con unha aldea núcleo.
7. Parroquia en enxame.

Certamente os xeitos do asentamento andan a cambiar desde hai uns anos e os lugares de atracción son as estradas e a beira do mar, como podemos ollar percorrendo o país galego, mais o que permanece sobranceiro é o espallamento das edificacións e da poboación,

quizáis porque os galegos de hoxe como os de onte e os de sempre, queren facer realidade o dito de Castelao: "O galego quere unha casa súa, independente, con catro fachadas, asentada riba dun outeiro."

Pra rematar este vertixinoso percorrido encol do habitat galego e os seus feitíos, compre falar coa brevedade que eisixe a emposta, de si este xeito de asentamento espallado é bó pra Galicia e pra os galegos que nela viven, ou si compría, como demandan algúns e xa pediron os bispos no século XVI, que as aldeas e os homes galegos sexan axuntados nunhas entidades de poboación moito máis grandes que lles poidan proporcionar aos seus veciños eses servicios urbáns que os xeitos da vida actual esixen.

Esta afoteza que teñen moitos de acadar a concentración da poboación galega e a conseguinte desaparición de moitas das entidades hoxe existentes, posto de relevo en propostas, xuntas e ponencias dos sectores oficialistas, ten sido incluso recollido polo Congreso Regional da Emigración Galega, que tivo lugar na Cruña no 1971, e que na terceira das súas conclusións dixo: "A distribución territorial de Galicia e o número das súas entidades singulares de poboación, son un dos obstáculos pra o seu desenrolo económico. O Congreso urxe se leve a cabo unha política de concentración de núcleos urbáns na área rural que permita dotalos de tódolos servicios que á vida da comunidade lle compren, e con esto, ao mesmo tempo, atallaríase o despoblamento desordenado do meio rural."

Apóianse na falla dunha vivenda rural confortábel e na movilidade creada por unha tecnoloxía favorábel. E pensan que a concentración urbana é precisa pra concentrar nela os servicios, sin ter en conta, como sinala Cores, que: "Os servicios xerales poden estar espallados coa condición de que exista unha posibilidade doada —meia hora nuns casos, unha hora noutros menos adoitados, e inclusive dúas horas nos de mero conxeito— de chegar a eles sin demasiada incomodidade."

O dilema que se plantexa é simple e obedece a unha consideración primaria en orde aos sistemas do habitat. Compre afoutarse encol de si os servicios se subordinan aos homes ou si son os homes os que teñen que subordinarse aos servicios, abandonando o seu tradicional, ademáis de axeitado —física e ecolóxicamente— habitat. Si convén máis facer estradas que vaian ás aldeas, ou non faguelas endexamáis pra que as aldeas fiquen máis illadas do que hoxe están, e morran dunha vez pra sempre. Si compre darlle a primacía á técnica e á economía por riba da sociedade; e si ao desenrolo consumista e urbán témoslle que oferecer nun arrepíante homenaxe tódolos valores humáns, incluídos os dun habitat racional e armónico.

¿Compre ademitir que o agrupamento da poboación, a formación

de megalópolis, a despoboación campesiña, que son o pendor máis sinalado do mundo de hoxe son, nefeuto, os máis desexables? Convén non esquecerse que no mundo de agora a moda das grandes concentracións urbanas vaise abandonando; que os homes non atopan acougo xa en ningures; e que a poboación trashumante da que fala Toffler é maior cada vegada, e estes anceios humáns de trasplantamento do habitat quizáis siñifiquen un novo "ver sacrum" da civilización industrial.

Como ten dito en data recente a Asambleia Consultiva do Consello de Europa, todo convida hoxe aos homes a espallarse, todos os progresos técnicos lles permiten xa vivir isoladamente, lonxe dos seus lugares de traballo, sin depender dos pontos de distribución. As fábricas poden escoller a súa ubicación, as xentes a súa residencia pra o vindoiro fora dos lugares tradicionáis, fuxíndolle ás desventaxas das concentracións urbanas.

O espallamento da poboación galega obedecéu, como temos demosado, a un conxunto de factores que fixeron de Galicia no decurso de moitos séculos o país máis poboado da Península Ibérica. Xa Murguía puxo de manifesto que na Edade Meia, Galicia e os seus homes mantían máis bispos, mosteiros, nobres, cregos e fidalgos, que os demáis reinos. E no Diccionario de Miñano, Ánxel Areal fala a prol do espallamento da poboación e dinos que a laboura das terras fica favorecida polo sistema de establecemento espallado, "pois tendo cada familia á beira e a man as terras que traballa, fáino con moito agarimo, séndolle máis doado o estercalas, e cada día fai nelas novas melloras."

Por eso Beiras pon de releve que o habitat galego cumpléu deica agora unha función insustituíble, e compre lembrarse que "mentras en Galicia aínda falta por saber do primeiro núcleo de poucas ducias de habitantes que quedara deserto, en Castela a Vella ou Aragón, son xa moitos os pobos de varios centos de habitantes que están valeiros de todo. O que quere decir que é máis viábel un núcleo de poboación galego dez veces máis pequeno, que un núcleo castelán ou aragonés". Sinala tamén Beiras que o meio rural galego resístese a deixar de selo, e coida que aínda non estexa claro cáles son as ventaxas e desventaxas do espallamento aos efeitos dos xeitos da vida e o desenrolo.

Cores pergunta encol do feito de que os grandes pobos da meseta fiquen pechados e valeiros, mentras as aldeas galegas térmanse a morrer; e que as cidades galegas e as vilas urbáns tampouco teñen, a pesares da concentración, un nivel axeitado de vida e servicios, chegando á conclusión de que os mitos económicos e sociáis son máis caristiosos de resolver que os mitos ancestráis dunha cultura. E que frente ao remodelamento artificial atoparase sempre presente

o xenio cultural do país con tódolos seus defeitos e tódalas súas virtudes."

Nesta mesma liña, Otero Díaz escribe: "Despoboar Galicia sería económicamente absurdo e socialmente inicuo; batería con imperativos moráis; tería os efeitos dun darwinismo rexional; despoboar Galicia sería unha solución oposta ao dereito natural do home galego sobor dos recursos económicos da terra na que nace e na que arela vivir; sería, en suma, privalo do seu arredor afectivo que equivale a privalo dun estímulo a producir; e sería, en fin, a negación do dereito de emprego aos traballadores galegos nos lugares nos que se atopan espontáneamente establecidos."

E voltando ao aliface de que o habitat esparexido encarece a dotación dos servicios xeráis, e que eleva nese aspecto os costes sociáis do desenrolo, pergunta Beiras, a quenes razonan deste xeito, se teñen calculado os custes sociáis das nosas aglomeracións urbanas. Neste senso compre saber cántos cartos adica o Estado hespañol aos servicios urbáns e aos rurales. Á pergunta resposta Gaviria sinalando que o volume da inversión nas áreas rurales supón un total inferior ao gastado en pasos a dous niveles para os automóviles no ano 1970, na cidade de Madrid.

Martínez Cortiña fala de que as relacións de producción no campo galego siguen sendo tradicionáis sin que se teñan trasformado en capitalistas, cousa que ten acontecido noutras rexións. Agora ben ¿a explotación agraria de tipo capitalista é a que lle convén en realidade ao campo galego? ¿Cál é, cara o vindoiro, o tipo axeitado pra unha explotación agraria racional?

Gaviria, referíndose á concentración parcelaria en Galicia, di que obtuvo como resultado leiras de grandor facheiro, destruíndo os ribanzos e lindeiros entre as ditas leiras, que no decurso de séculos serviron de refuxio a microorganismos animáis e de reserva de auga. E coida que a explotación campesiña galega vixente é a que pode ser o ponto de partida na volta á tecnoloxía lene no cultivo da terra que se aveciña: "Os campesiños galegos son exemplo dunha agricultura a un tempo parcial e sincronizada coa industria, ben en Alemania, ben na propia rexión, e coa pesca. Somentes o seu fondo amor á terra, e a súa capacidade de sacrificio, fixeron supervivir a explotación agrícola galega que pode ser —na opinión de Gaviria— un fondo e importante ponto de partida cando haxa que voltar a encomezar coa aplicación da agricultura ou tecnoloxía lene."

Eu coido, por eso, que calquer determinación que se adoite en orde a unha posible concentración da poboación galega e das súas entidades ou aldeas, ten que ser estudada e razonada, xa que moi ben poidera acontecer que sexa máis económico, máis social, e, dende logo, moito máis humán, pular o desenrolo da nosa terra aproveitando as súas indudábeles condicións naturáis pra atallar a

emigración e, dacordo cos feitíos do habitat urbán-rural hoxe ademitidos, e sin necesidade de concentrar poboación nin entidades, ciscando as industrias polo campo, facer de toda Galicia, como quería Castelao, unha soia cidade: "A cidade-xardín máis fermosa do mundo; a cidade ideal prós homes que queren vivir en contaito coa Natureza."

XOSÉ FARIÑA XAMARDO
Madrid



AUTOCARICATURAS DE CASTELAO

A xenialidade de Castelao como dibuxante galego é de todos conocida. Dentro desta súa condición creadora, o artista rianxeiro popularizóu dende moi novo un abondoso labor como caricaturista. Por algo el mesmo ten dito que a caricatura é unha abreviatura do dibuxo.

As primeiras amosas do talento artístico de Castelao reflexáronse, xa é sabido, no seu humorismo gráfico. Aló polo ano 1903 chegóu a Santiago pra cursar na súa Universidade os estudos da carreira de Meiciña. No 1906 empeza a brillar na farándula compostelana. Contaba apenas vintedóus anos de edade cando se deu a conocer nas estudiantinas e nas páxinas da "Gaceta de Galicia".

Asistíu Castelao ás aulas como un universitario máis, pero sin se singularizar como estudante aventaxado. Noustante, non tardóu en revelar unha fasquía artística de particular orixinalidade. Un día calquera, antre a sorpresa dos seus compañeiros, ocurríuselle facer en dúas liñas sobre da mesa de mármore dun café, a caricatura dun catedrático. A revelación tivo, dende aquela, unha feliz continuidade. Mentras os seus amigos de tertulia diaria estaban a falar, el, silandeiramente, dibuxaba e dibuxaba.

O arte de Castelao nacéu alí, nas mesas do café que frecuentaba. Despóis, deica o ano 1909 no que se licencióu na súa carreira, foi adequirindo prestixio e sona como caricaturista nos meios universitarios compostelans.

Foi alí onde tivo a súa raizame o humorismo gráfico que o había levar a compartir con Bagaría os espacios adicados polo xornal madrileño "El Sol" a ese mester. As caricaturas que saíron dende aquela do seu lápiz inspirado encheron unha longa etapa. Os seus trazos obedecían ao criterio que espoñería máis tarde: "A caricatura escolle os rasgos esencialmente espresivos, e fuxe de todo o que sexa ausiliar ou accesorio". "Na caricatura debe copiárese a actitude e a espresión dun intre psicolóxico, a súa idiosincrasia. E todo eso coa máis pequena cantidade de liñas, as indispensables pra que se comprenda a espresión."

Pero non foron sóio caricaturas de persoaxes contemporáneos, da aldea e do mundo galegos, as que Castelao realizóu ao longo da súa vida fecunda. Deixóunos tamén unha chea de auto-caricaturas que nestes derradeiros tempos andiveron a reproducir uns e outros.

Hoxe engadimos a elas nas páxinas de GRIAL, unha serie de sete que o autor de *Cousas* mantivo inéditas. Corresponden ao *Álbum de autocaricaturas* que fixo nos seus días de estudante en Compostela, e que Castelao entregóu antes de se finar, ao seu grande amigo Rodolfo Prada. Por favor déste inxerímolas agora na nosa revista como novo homenaxe á memoria do gran artista.

DE
AUTO-CARICATURAS
CASTELLO

Pintando



Tocando

Cando me sinto "gitano"

Examinándome

Encendendo



Durmindo

EVARISTO O DO CINE

Evaristo o do cine era un home moi alto e moi gordo e moi brutangán, e, inda que era veciño meu, eu non o saudaba, coma os demáis rapaces da vila: Non lle queríamos ben porque andaba a berrarnos seguido de que se lle enchíamos o cine de cascas de pipas e de que se lle pegábamos os chicles nas butacas, e porque tamén ás veces lle fumaban nas ringleiras do fondo. Entón viña o Evaristo e empezaba: "Fora, fora, veña, a fumardes na casiña diante dos vosos pais, desgraciados, a ver se vos estrevedes", e cando saían os rapaces seguía o Evaristo: "Que un día vou chamar ao brigada para que vos prenda por *ancendiarios,* senvergoñas". Entón, os que quedábamos no cine, fartos de ouvirlle berrar, empezábamos a facer "Chst, chst" e o Evaristo virábase para nós e decía: "Calade vós, que o cine é meu e ao *Avaristo* ninguén lle toma o pelo."

O Evaristo falaba mal, decía eso de *ancendiarios* e *Avaristo* e máis cousas empezadas por *a* que non tiñan tal *a,* e berraba moitísimo e, como digo, botaba aos rapaces do cine e por eso lle queríamos mal... eu tamén, até que pasóu o que pasóu aquel vran:

Aquel vran fixéronme xefe da banda porque acabando o curso díxenlles aos rapaces no recreo da escola: "¿Se cruzo o río a bucear, facédesme xefe?" e eles dixeron que sí e á saída da clase fomos deica o río e eu mergulléime e aguantéi braceando dunha beira a outra. Entón dende a outra beira díxenlle ao Bernardo o fillo de don Bernardo o médico, que era daquela o xefe da banda: "Veña, Bernardocas a ver se o fas ti", pero el xa nin se estrevéu porque axudaba a misa conmigo e sabía que eu aguantaba a respiración moito máis ca el, que eu a aguantaba toda a consagración seguida e el tiña que respirar cando don Xosé levantaba o cálice.

Pois por eso fixéronme xefe. Eu dispuña o que tíñamos que facer, se íbamos pelexar contra os da banda da rúa de San Amaro ou se íbamos á froita, ou aos niños, ou ás troitas e todas esas cousas; e tamén gardaba o tabaco e xuntaba os cartos para mercalo. E se xogábamos á mona eu decía: "Mona" e todos habían de vir após de mín a donde fose, mesmo que eu me metera nun confesonario da igrexa, que eso fixen unha vez e todos os rapaces veña, alá, conmigo; pero vai o Bernardocas e quedóuse fora e despóis díxollo á nai que llo contóu á miña e logo fíxome ir confesar porque decía que era un sacrilexio.

Entón ao Bernardocas botámolo da banda e deixámoslle entrar ao Xoán Xesteira que xa nolo pedira moitas veces e ese día era o seu santo e díxonos: "Se me deixades entrar na banda, convídovos ao cine a todos". E por eso lle deixamos entrar e fomos ao cine por-

que xa comprara el as entradas cos cartos que lle deran polo santo, e no descanso despóis do NODO fomos ao retrete e déunos de fumar uns Chesters que lle mangara ao pai.

No cine non había cuase ninguén, que facía moita calor e a xente fora xantar polo río arriba aos prados; estábamos os da banda e poucos máis e logo de principiar a película dixen eu: "Mona" e todos se cagaron porque xa sabían o que íbamos facer; entón díxenlle ao Xoán: Pasa tabaco e mistos, Xesteira" e, ¡rás!, ¡rás!, riscamos os mistos, prendemos lume e a fumar.

Pero nada, o Evaristo, que sempre miraba polo burato do lado de por donde sai a luz da máquina, non baixaba a berrarnos. Entón dona Aurora, a señora do farmacéutico que alá estaba cos nenos, dixo: "Gamberros, gamberros, parade de fumar que ides incendiar o cine" pero nós, nada, veña a fumar e o Evaristo que non daba aparecido.

Entón, como a película era "Simbad o Mariño" e saían uns monstros grandísimos que querían papar a noiva de Simbad, eu, cada vez que xurdía un bicharoco daqueles, berraba: "¡Qué medo!" e os outros repetían: "¡Qué medo, mamaíña!". E nada, que non viña o Evaristo.

Até que, ¡zás!, cortan a película, acenden as luces, abren a porta e alá que vemos o Evaristo e máis o brigada e un cabo; e o Evaristo berraba: "¡Eses son os *ancendiarios!*"

E vai o brigada e ven cara nós decindo: "Veña, dun en fondo, todos para o cuartel e que ninguén intente escapar", e dona Aurora a aplaudir: "Sí señor, sí señor, préndanos por gamberros, unha semaniña no cagarrón". E botamos a camiñar para fora do cine e o Xoán Xesteira levaba aínda o cigarro, que nin tirara con el do susto que tiña e eu, cando íbamos pasar a rente do brigada, tiréille dunha palmada e díxenlle: "Tira co cigarro, torda, que é a proba do delito."

No cuartel o cabo escrebéu a máquina os nomes de todos e o Xesteira decía: "Eu aínda non lle son da banda", pero nin caso, que tamén lle tomóu o nome, como a todos, e despóis foi un garda civil, que o mandóu o brigada, buscar aos nosos pais.

E veu o meu vello con aquela cara que puña cando lle rompíamos algo na casa ou cando a aboa lle decía que as viñas aínda eran dela; e vai e dílle ao brigada: "Moitas gracias, Arximiro, por avisarme, e que non se preocupe o Evaristo que éste non o volve a facer". E levóume collido do brazo todo o tempo deica a casa, sen me falar, e cando chegamos alá estaban todos a ollar para nós, caladiños, e a única que falóu foi a miña nai que lle dixo ao vello: "Antonio, coa febilla non, Antonio", así que eu ben me decatéi da tunda que iba levar, co cinto, e penséi que se o vello quería darme coa febilla iba amolado porque non pensaba chorar.

Pero empezáronme a caer vergallazos, ¡pim!, ¡pam!, ¡zás!, veña, sen parar, polas cachas e polas pernas, e decía o meu pai: "Vouche deprender eu a ti, bandido", e, veña, a bater, e como eu calaba aguantando a respiración decía el: "¿Non choras, ei? Xa veremos se choras". E eu calaba coma un peto a ver se el se fartaba pero non

se fartaba o condenado e tiven que chorar, e deitéime ao chan a facer que choraba, pero non choraba de veras porque nós tamén xogábamos ao cinto e xa tiña eu apañado tanto que logo se me puña cárdea a palma da man e me saía un negrón —e máis nunca chorara ... ...

Ao Xoán Xesteira botámolo por mentireiro, por decir no cuartel que non era da banda e xa o era; e cando pasaba por xunto de nós cantábamoslle eso de "Xoán Perillán, montado nun can, o can estaba coxo, tiróuno nun toxo". Entón puxémonos a pensar que nos tíñamos que vengar do Evaristo polas malleiras que leváramos, que a todos nos deran, e fun eu e díxenlles: "Xa sei o que imos facer, rapaces... Mona", e botéi a correr a todos após de mín porque eu dixera: "Mona". E metémonos polo calexón das Hortas e chegamos ao valado do Evaristo; trepamos e alá estaba el na hamaca, pendurado dunha ponla da figueira. Entón dixen eu polo baixiño: "Adiante todos contra o sarraceno" e chegamos moi amodiño a pé da figueira.

O Evaristo roncaba que parecía un burro a ornear e tiña a cara cuberta cun periódico; entón fun eu e subín á ponla donde tiña a hamaca amarrada e púxenme en pé nela e fun avanzando por riba do Evaristo, agarrado nas outras ponlas. E os outros, que eran catro máis, todos atrás de mín. E ún peidóu sen querer, de medo.

Entón empecéi a rir polo baixo, que non sei se ría coa idea que tiña ou do medo de pensar no que había de pasar, e díxenlles aos rapaces: "Voulle mexar no periódico."

Pero non me deu tempo porque, ¡cra...a...ac!, ¡zás!, ¡pumba!, ¡cataplúm!, ao chan todos: esgazóuse a ponla donde estábamos e caemos en rebumbio por cima do Evaristo...

Nunca na miña vida correra eu tanto, que cando me decatéi estábamos xa nos muíños do río; e o meu primo Xanfuco, que era o máis novo da banda, botóuse a chorar decindo: "Pola túa culpa vannos meter no raformatorio a todos". Entón eu díxenlles: "Non vos preocupedes que eu me entrego á policía", pero cando cheguéi á porta do cuartel quedéi alá parado sen saber o qué decirlle ao garda, e vai el e díme: "Pareces parvo, neno; vaite de ahí, veña", e funme, e como non sabía para dónde ir marchéi para a casa a contarlle á aboa o que pasara.

Cando cheguéi á casa estaban a miña vella e máis a aboa falando cunha veciña e decían: "Está moi mal; dixo don Bernardo que tiña varias costelas e máis unha perna quebradas; e el di que non sabe o que lle pasóu, que estaba botando a sesta na hamaca e cando despertóu estaba xa no chan feito un Ecce Homo". Entón eu decatéime de que falaban do Evaristo e funlles decir aos rapaces que el non se decatara de que fóramos nós e que por eso non me entregara á policía, pero que tíñamos que xurar que ninguén falaría do que fixéramos, e xurámolo bicando os dedos en cruz ... ...

Pois ao *Avaristo* levárono para Santiago nunha ambulancia e cando volvéu viña de alá cunha perna enxesada toda tesa; así que, como non podía camiñar, pasaba o tempo na horta, embaixo da parreira,

botando sonecas e lendo o periódico, e o meu pai dixo: "Mira ti qué desgracia a do Evaristo, caramba, que vai ser a súa ruína non poder rexer o cine. ¿Cómo lle podería pasar eso? ¿Cómo lle rompería a ponla desa maneira..?"

Entón eu penséi que nos debíamos entregar á policía para pagarmos polo noso crime e díxenlles aos rapaces: "Haise que entregar porque tarde ou cedo vannos descubrir, que o criminal sempre deixa marcas". Pero eles non querían, que aínda se lembraban da malleira da vez anterior...

E así pasóu o vran. Eu moitas veces trepaba ao valado do Evaristo e alá o vía á sombra da parreira coa pata tesa. Da ponla que tronzáramos co peso foran facendo leña e eu, cando vía os anacos que aínda quedaban, lembrábame do que me decía a vella cando lle afoguéi os gatiños no verquedeiro: "Levas camiño de criminal, Toñito."

Entón un día, cando xa remataba o vran, díxome o vello: "Para o curso vas ir interno á Cruña, a ver se alí te aturan os frades", así que me deu un non sei qué de pensar que había de deixar a escola e os rapaces e todo eso e empecéi a dar voltas por todos os sitios da vila até que fun dar ao calexón das Hortas. E cheguéi á do Evaristo e subín ao valado e estaba a mirar para os figos da figueira aquela, que eran migueliños, deses pequerrechos coa pinga de mel no cú, e decatéime de que o Evaristo me vira.

E ¡zás!, vou eu e chimpéime para baixo do valado e fun a xunto del e díxenlle: "Señor Evaristo, sabe por qué caéu da hamaca? Pois por esto, e por esto, e por esto..." e contéille toda a verdade, e máis que marchaba para un colexio da Cruña pero que tanto me tiña ir para o reformatorio. E mentras llo contaba íbaselle poñendo un sorriso na carota que tiña, que a tiña máis fea que nunca porque desque estaba coxo non se afeitara; e ao final deu unha gargallada e chamóu á muller —e eu penséi, claro, que era para ela avisar á garda civil.

Pero non; veu a señora Diducha e díxolle o marido: "Diducha, dálle uns figos aquí ao Toñito, que o van mandar interno para a Cruña e vai quedar sen catalos". E despois díxome a mín: "Pois, mira, se aprobas e non tes que estudar nas vacacións, heiche de dar eu un choíño no cine, que necesito alguén que me axude na cabina e, se che deixa o teu pai, podíasme vir botar unha man nas sesións infantís ... ...

E, como decía ao principio, dende aquel vran todo cambióu e xa sempre fun amigo do Evaristo o do cine.

XAVIER ALCALÁ

O MOURISCÓN

Agora xa vou vello, tan vello que me custa camiñar e teño que facelo coa axuda dun caxado. Pésanme os pés que outrora foran lixeiros e non cansaban os atallos bravos desta terra montañesa. Camiño devagar e gasto o tempo dos paseos a lembrar a miña vida longa; e paseo moito pois máis nada me queda por facer salvo esperar o día en que El Señor queira chamarme...

De toda a miña vida o recordo máis vivo é a neneza. Ás veces, de camiño pola estrada á beira do río, cando vexo cómo os rapaces collen polos carreiros cara o monte levando o gado a pacer, sinto envexa deles porque ben sei que monte arriba van chegar ás brañas e alí se deitarán na erba mol a escoitar o canto dos paxaros nas uceiras, ollando o ceo... ¡Ai!, de neno nada había que tanto me gostase como distinguir a fala das aves no silencio do monte alto: o xílgaro, o merlo, o ferreiro-chas-chás, o rouxinol..., uns que chilreaban e outros que só piaban, a falar todos os seus idiomas que eu tentaba aperceber.

Os paxariños e os bosques donde moraban eran unha ledicia, todos cheos de sons e colorido. Co paso das estacións era maravilla ver mudar as cores do arboredo, do verde claro na primavera ao pardo do inverno, cando as ponlas espidas agardaban xa só polo brancor da neve.

E chegado o inverno logo viñan os seráns arredor da lareira, botando castañas á brasa, bebendo viño da bota, falando os mil falares. Mentras, o vento bruaba na escuridade do val aterecido e as folerpas de neve azoutaban as fiestras da casa. De mañá, amansado o vento e deitada no chan toda a neve que as nubes trouxeran, era unha alegría ver os montes vestidos de branco brillando ao sol, recortados contra o azul do ceo...

Sendo aínda un picariño que empezaba a decatarse das cousas da vida, nestas mañás claras de inverno reparara eu nun feito maravilloso que todo o pobo coñecía: no Xistral, o cume máis alto das montañas que rodean a aldea, ficaba sempre unha arbre espida de neve mentras todo arredor dela aparecía arroupado de branco. Se era disanto, os homes da aldea xuntábanse para a misa no adro da igrexa, esfregando as mans e patexando nas lousas por mataren o frío; e cando algún, ollando para o curuto do Xistral, divisaba a arbre espida e se estrevía a decir: "Velahí o Mouriscón", os demáis facían o sinal da cruz contestando: "Esconxúrote Mouriscón..."

Este misterio da arbre rebelde que non se deixaba cubrir pola neve coma as demáis estivo na miña mente durante moito tempo. Eu, a cada inverno, cando a maravilla do Mouriscón acontecía, per-

guntábame o seu por qué e como resposta non atopaba máis que o susto da xente: "O Mouriscón estáche enmeigado. Xa o foron esconxurar os frades de Celavella pero o esconxuro non valéu..."

Os anos foron pasando e eu, cada vez con máis forza, quería saber a verdade do Mouriscón. Xa era un mozo lanzal e destemido cando certo día do inverno díxenlle ao meu abó: "Cando veña o bon tempo hei de subir deica o Xistral para ver o Mouriscón de perto". Entón o abó, que era coma min agora un vello de lento caminar e falar, aconsellóume: "Leva coidado, meu fillo; quen para baixo a sombra do Mouriscón tórnase mouro para sempre", e facendo o sinal da cruz rematóu: "Esconxúrote". Mais as palabras do abó na vez de facerme gañar medo encirraron o meu ánimo de descubrir o misterio e din en matinar no xeito de conseguilo.

E aconteceu por aqueles tempos vir a un serán ao pé da lareira o Mingos da Revolta, home de moitas artes, sabidor de contos e lendas. E como a xente falase do Mouriscón, o Mingos díxonos: "Abofé que non sabedes aínda o máis maravilloso desa arbre. Esperade que vos conte a "Historia do prodixio do Mouriscón":

"Nos tempos que alá van, os animaliños eran poucos na nosa terra, e os poucos que eran, antes de se espallaren, todos vivían no cume do Xistral, a montaña máis alta do país. Daquela, un mouriscón que aínda se ergue no pico era unha arbriña pequecha, famosa porque baixo a súa sombra mesta medraban miñocas gordísimas.

"Aves e outros animáis comedores de miñocas temían o pequeno mouriscón cuia sombra todo tornaba mouro: mouro era o biquiño das miñocas que apenas se mostraban a rente do chan e gris escuro viraran as teipas que furando no sochán afrolaban antre as raíces da arbre maravillosa...

"O caso foi que habitaban aquelas alturas unha pomba, unha pega e un corvo, paxaros que nese tempo todos eran da mesma cór branca. Eran amigos antre eles e os tres debecían por pillaren a miñoca máis gorda que moraba ao pé do mouriscón —a pomba polo xogo de pillala, a pega xa pensando en xantala e o corvo soñando coa larpeirada esquisita que había de ser.

"Un día o corvo, o máis desexoso antre eles, decidíu: "Temos que cazar a miñoca máis gorda, compañeiras. Hemos dividir o día en tres turnos de garda; ímonos agachar antre as follas do mouriscón para axexarmos o momento en que a miñoca bote o bico fora do tobo e entón, ¡zás!, a por ela. Despois faremos a partilla..."

"E así fixeron, tras botaren a sorte os turnos. A pomba cadróulle o primeiro e alá se pousóu no mouriscón esperando sentir se bulía a miñoca para se lanzar a pillala. Pero, pousada no bico da arbriña por medo a que a súa sombra a manchase, mal sentía nada. E nesto pasóu un pombo ladrón que a chamóu; a pomba namoróuse del, e após del marchóu esquecendo os propósitos.

"Chegaba a pega ao mouriscón e, vendo a compañeira tras do pombo ladrón, comprendéu que fracasara e dispúxose a facer a súa agarda. Pousóu nunha ponla, non tan alta que non vira o chan nin tan baixa que logo a sombra a cubrise, e esperóu. A miñoca parecía

avisada e pouco se deixaba ver. Pasaba o tempo e a pega aborrecíase de estar queda. O sol erguíase no ceo e ela comezón a se distraer coas cousas do arredor. Cando o sol chegaba ao cumio, a pega reparóu nalgo que brillaba con forza ao lonxe, non poido resistir a tentación e saíu voando cara o brillo. Ao chegar alá víu que era unha pía de auga donde o sol se reflexaba; achegóuse a ela e no espello da auga contemplóu o desastre: non se decatara de que ao moverse o sol tamén as sombras das follas do mouriscón se movían; por eso, mentras ela distraída outeaba os contornos do Xistral, algunha sombra lle caera na plumaxe que agora aparecía branca e negra...

"O corvo chegóu ao mouriscón pouco despóis do meridiá, croaxóu, e, ao non ter resposta, perguntóu pola pomba e máis a pega a unha curuxa que moraba nos arredores. A curuxa vira ambas as dúas e segura estaba de que non cataran miñoca, e que abandonaran a vixía antes de tempo.

"Así o corvo, coa cobiza de papar a miñoca grosa el soíño, metéuse furando antre as ponlas do mouriscón, sen medo a lixarse coa sombra. E alí esperóu agachado, sen chistar ollo até que a miñoca botóu a cabeciña confiada fora do tobo, e..., ¡¡¡zás!!!

"Á tarde atopáronse os tres amigos, miraron uns para os outros e o corvo fixo bulra da pomba namoradeira a pega raboteira pola súa falta de constancia, e polas manchas da pega. Cando as outras por se defenderen tentaron mofarse do corvo, que ficara negro coma o carbón, éste ríu e dixo: "Pero eu papéivos a miñoca enteiriña e que tanto me aproveite como me gostóu. Amáis, xa mudaréi a plumaxe."

"Mais ao mudar a plumaxe a nova que lle medróu voltaba a ser negra, como negra por partes lle voltaba a saír á pega. E así para sempre.

"Esta é a razón de por qué as pombas de boa caste son brancas (que as hai grisallas, de pior caste, por se teren amigado con corvos en demasía) e por qué as pegas son branquinegras e os corvos negros de todo. E quen tal queira comprobar suba logo ao pico do Xistral e vexa alá cómo fai a sombra do prodixioso mouriscón..."

Pasaran varios invernos desque o Mingos da Revolta nos contara aquela historia e o verme da conciencia non deixaba de furar nos meus miolos: "¿Por qué o Mouriscón non se cubre de neve? ¿É certo que a súa sombra volve todo negro?", e acusábame: "Ti és un cobarde se non subes deica o Xistral a comprobalo".

Así que un día de primavera decidínme. Collín o máis branco dos años que tíñamos na casa, un cordello e algo de comer. Subín a lomba do Xistral, fraga arriba, antre o piar dos paxariños e o cacarexar barudo dos urogalos en cío chamando ás súas namoradas.

En chegando ao cume entréi nunha clareira no medio da cal crecía altísimo o Mouriscón, cheo de orgullo. Sen perder tempo, co cordello amarréi o año a un pedrolo que por alí atopéi e chimpéino para xunto do tronco, donde a sombra o cubrira. E fúnme para lonxe a esperar.

Pasaron as horas, eu escoitaba os falares da paxarada e din en cabilar de por qué o Mouriscón non se deixaba cubrir pola neve da invernía: tan alto e no medio da clareira non tiña outras arbres que lle taparan o vento ás súas follas; amáis, eran as folliñas esguías, lisas, e, como tamén as ponlas, aparecían inclinadas cara o chan. Por eso, seguramente, a neve non había de parar moito nelas.

O año pasaba o tempo a balir e triscar a erba, dormitando ás veces; e cando ao solpor recollín o bichiño tiña a lá tan branca e tan limpa como á mañá cando o trouxera...

Agora xa vou vello, cústame camiñar, fáltame aquel pulo dos anos mozos. Arrastando os pés, moitas tardes claras do inverno vou-me sentar na igrexa a papar a raiola. E cando no cume do Xistral vexo o Mouriscón penso no segredo que descubrín sendo mozo: é un segredo que ninguén máis nestas terras sabe —ou que quizáis alguén, que foi mozo destemido coma min, sabe pero non conta.

Estes misterios que a xente fala non se han de desvelar nunca porque o pobo necesita deles nos seráns longos e fríos do inverno. Por eso hanse de calar; por eso témolos que gardar connosco, e connosco levalos á derradeira morada cando El Señor teña a ben chamarnos a xunto d'El.

O NIÑO DA MAN DE DEUS (OU DÓNDE FOI POUSAR A OUTRA MAN DO NOSO SEÑOR)

Hai tempo, cando os homes falaban da nosa Terra, non lle chamaban como agora. Era o seu nome de entón: "O niño da man de Deus".

Esto díxomo un vello pescantín do río, a quen, segundo me falóu, llo dixera unha anguía. Eu quixen argallar un pouco máis no asunto, e perguntéille se sabía quén llo dixera á anguía. Respostóume que non lle dera tempo a perguntarllo, porque a anguía navegaba con apuro río arriba, e non paróu moito tempo onda el.

Matinando no asunto, escrebín logo esta historia na que se esplica por qué os homes de antes lle daban ese nome á Galicia. A historia pódevos semellar unha trola, pero esperade que a remate e veredes como cantó vos digo ha de ser certo, tan certo e verdadeiro como que todos os días se ergue o sol no ceo.

O caso é que Deus, no séptimo día da Creación, estaba xa moi canso, e, coidando que tiña todo o mundo feito, decidíu acougar un pouquiño denantes de voltar para o ceo. E mirando ben as cousas, razón levaba, que tiña espallados xa moitos vales, e cumes, e chai-

ras, e bosques, e ríos e mares pola terra adiante. É de comprender, logo, que se fixera á idea de ter todo rematado. Pero, ¿estábao? ¡Non! Esquencera nada menos que de facer Galicia.

Sentóuse, pois, no chan a tomar alento. E disque o lugar onde se detivera o Noso Señor era unha terra fea, sen arbres, nin froles, nin paxaros... Non había nada de nada. O único que tiña de bó era quedar á orela do mar, que a Deus góstalle moito por causa de ver como baten as ondas.

E foi así, ao pousarse no chan, cando todo sucedéu. Botara as mans á terra para soster millor o corpo, e unha delas, coido que foi a esquerda, pousóuna sobor da terra fea, esa de que vos faléi hai un pouco. A terra, cando sentíu a man do Noso Señor enriba dela, amolecéu para non a mancar, e a man afondóuse na terra abrandecida, o que aproveitóu o mar para vir acariñala enchendo a fondura da marca.

E así foi como naceron as nosas grandes rías. O polegar, o máis groso, fixo a de Ares; o indicador a de Muros; o corazón, a de Arosa; o anular fixo a de Pontevedra, e o meniño deu a ría de Vigo.

Ésta é a razón de que os homes antigos chamaran a Galicia: "O niño da man de Deus". Pero, ¡ei!, non deixedes de ler, que aínda non rematóu a historia.

Como vos dixen, sentárase Deus á beira do mar, e os peixes todos, cando souperon que estaba alí, viñéronlle bicar os dedos. E de tantos como viñan, enchían o mar todo polos arredores da súa man. Xa marchara o Noso Señor, camiño do ceo, e aínda estaban a chegar peixiños dende todos os recunchos do mar...

Despóis, pasóu o tempo, e pouco a pouco fóronse esquecendo os peixes de que nalgún día apousara o Noso Señor na Galicia; moitos marcharon, e outros, como as fanecas e os panchos, ficaron a vivir nas rías que a man de Deus abrira. Tamén, outros dos que se foran, os máis morriñentos, cal son as sardiñas, os anguiachos, os salmóns e os arroaces, voltan todos os anos por se acaso volvéu o Noso Señor. Os demáis, polo visto, non teñen tanta preocupación.

Agora xa sabedes cómo se fixo a nosa Terra, ou cómo coido eu que se fixo polo nome que os antergos lle daban. Claro, se é que a anguía non lle mentíu ao pescantín, ou o pescantín non me engañóu a mín. Sexa como for, as cousas poideron acontecer así. Pero aínda hai algo máis que me bule na cabeza cando penso nesta historia: se é verdade que a Galicia fíxoa a man esquerda de Deus, se é verdade que cando o Noso Señor se sentóu no chan apoióu as dúas mans na terra para descansar, eso quere decir que, de certo, ten de haber outra terra, semellante á nosa, e feita do mesmo xeito... Pensade, rapaciños: ¿Onde foi parar a outra man de Deus?

XOÁN RAMÓN VIDAL
XAVIER ALCALÁ

POEMAS

SOIDADE

Eu teño vocación
de estar sin naide,
de ter o mar por un amigo,
por música o silencio.
Eu teño vocación
de estar sin naide
pra ter en cada home
un compañeiro.

A CHUVIA

A chuvia
(dondamente batendo na memoria)
vai enchendo
de puntos silandeiros
o decorrer das horas.
¡Esta chuvia calada
que me fala de mil cousas!

A CIDADE

Mergullado
no balbordo da cidade,
os coches que me insultan,
o insomnio,
a ferida diaria
do traballo alleado,
a falta de sustancia
das noticias,
a morte dos paxaros
¿qué corazón pode latexar
en paz e acompasado?
¿qué amor pode esistir?
¿qué verso?
¿qué canto?
Somentes é posible
o latexo da loita,
rítmico,
diario.

LENDO A NERUDA

Estóu a lérte
no medio do traballo
¿mal feito?

É unha tarde de vran.
Escóitase no patio
o canto dos paxaros.
Teu libro
é manso como un río.
O día, ao teu contacto,
vaise facendo máis claro.
Teu camiño queda aberto.
Non hai morte que poda pechalo.

PEPSI-COLA

Pepsi-Cola:
eres o único
que vai quedar en pé
despóis de tanto engano.
O demáis,
pouco a pouco,
iráse derrubando.
Eres a "cola" dun imperio,
o inútil rabo
dun estúpido pasado.
Sí,
que toda esa basura
se veña abaixo.
Sí,
querida Pepsi-Cola,
querido resto
dese imperio
occidental
(cousas do mapa)
cristián
(cecáis por tantos homes
como ten crucificado).
Estados Unidos,
inútiles estados
¿qué sería de vós
sin negros,
sin probes,
sin chicanos?
Multitude de inútiles
tarados.
Páxina en blanco da historia,
ou peor,
páxina en sangue,
páxina en morte,
páxina en pranto.
Acumular,
acumular,
ése o teu canto.
Capital pra unhos poucos
¡e cánta miseria pra tantos !

A DÚBIDA

A dúbida
de todo canto esiste
afirma e vivifica.
Os homes do dogma
morren de asfixia
na escura habitación
da teoría.
A dúbida é
raíz
da miña libertade,
raíz tamén
da poesía.
Os homes que sábeno todo
¿qué poden sentir?
qué poden amar?
¿por qué
ou por quén
poden loitar?
¿qué lle poden
xa
pedir á vida?
Os homes do dogma
non viven,
agonizan.

SOLIDARIDADE

Solidaridade,
palabra esquecida
cando eu
aínda era neno.
Palabra abafada
por mil palabras vás
de triunfo,
de éxito e diñeiro,
de intelixencia,
poder, competencia
i, en fin,
o léxico total
dos fariseos.
Recobrada logo
a golpe de miseria,
a golpe,
a golpe limpo,
a golpe seco
da vida mesma,
dos mesmos acontecimentos.
Perdida primeiro
polo efecto
da pedagoxía familiar,
escolar,
publicitaria
e sepulcraria.

Atopada logo
no sudar
corpo con corpo,
no sofrir,
no cavilar,
no chorar soio.
Pedagoxía obreira,
maxinal,
xurdindo do cansancio,
da impotencia,
constituíndo
o humus total
da sociedade enteira.
Sabedoría,
ciencia,
poesía
nacidas da miseria.

NO PEIRAO

Día de sol,
xaneiro.
O sudor agarda
no meu corpo
apretado
e quedo.
O barco
que estamos a cargar
móvese arreo.
Ao cruzar a pasarela
tremamos coma monecos.
Teño medo.
Respiro,
respiro sal e sol,
respiro inverno.
No inmenso útero mariño
durme o rexo dolor
dos mariñeiros.
¿Qué mansa bomba
poderá cambear
este momento,
cambear a actual
distribución do medo?

A SERAFÍN E XULIO FERNÁNDEZ

A vosa palabra
quedóu cortada
polo xiado coitelo
deste tempo.
Pero esiste,
ben o sei,
outro tempo,
o Tempo verdadeiro
que medra baixo terra

e baixo ferro.
A morte,
como crén,
non é semente do medo.
A morte,
é semente de homes rexos
e o sangue
a seiva nova das novas frores,
o leite nutricial
dos novos nenos,
o soporte interior
dos novos homes que veremos.

¿ÓNDE ESTÁS?

¿Ónde estás, Galicia?
Xardín pechado,
noso horto,
nosa casa,
humus da nosa amistade.
¿ónde estás?
xardín ciscado,
frores rotas,
corazóns pisoteados.
¿ónde estás?
ceo
terra
mar
labregos
mariñeiros
proletarios
mulleres
nenos
ancianos.
Non somos,
aínda non somos,
estamos querendo ser
terra
homes
mulleres
nenos
ancianos
todos plenamente humáns,
todos irmáns,
ningún esclavo.

PASEAR

Pasear,
pasear soio.
Deixar atrás o medo,
deixar atrás os anos
da miseria
e máis do pranto.
A rúa,

envolta en luces,
acólleme con albres,
con homes e mulleres,
con noivos,
con soldados.
O mar,
o mar é necesario
pra enterrar un día
o corazón,
os soños,
os beixos,
as lembranzas do pasado.
Pasear,
pasear soio,
paseniño, soave, descuidado.

O CLIMA ESTÁ CAMBIANDO

Decembre.
Hai tempo que non chove.
O clima,
din,
parez que está cambiando.
A cidade,
ao caír da tarde,
mergúllase no roxo do sol,
no mar, na eternidade.
E os homes
¿non cambiamos tamén?
Non sei.
No medio do traballo
facemos unha pausa
pra bebermos o viño
que ofrece un compañeiro.
Sudamos.
¿Quén se acorda
da cobiza do patrón
neste momento?
Sorrimos
na derradeira luz do día.
Sorrimos
no último silencio.
O tempo é noso.
A terra
está nas nosas mans.
A historia está a agromar
nos nosos corazóns.
O mundo non ten amo.

XOÁN XULIO ALFAIA
Vigo

Sirc
-72-

O IDIOMA GALEGO NA NOSA VIDA E NA NOSA CULTURA*

Dende o comenzo da renacencia galega, na que todos imos convindo xa en chamarmos Era dos Precursores a tal día coma hoxe, chega a ser verdadeiramente inxente o de literatura, centífeca ou non, valiosa ou ruín, que se ten deitado encol do noso idioma. Pódese dicir que arredor deste tema andan tódalas porfías que se moven na nosa Terra e que teñen un caraute verdadeiramente sustancial. Realmente, veleiquí o punto central da polémica galeguista: eiquí é o campo de loita onde se atopan pra se asañaren unha coa outra, as dúas correntes: a vital e a antivital; o istinto suicida que leva a Galicia a desaparecer coma pobo, e a reacción salvadora que a quer espertar a unha nova vida. Asina, hai unha pirmeira e fundamental porfía sobre si se debe falar e escribir o galego. É natural que os galegos suicidas —ou egoístas— digan que non, e que os galegos vitalistas, con abnegación patriótica e humán, digan que sí. A xente decátase, máis ou menos craramente da importancia do asunto e hai que convir en que sigue estas porfías apaixoadamente.

Nefeito, trátase do asunto de máis vital importancia pra un pobo, e a proba témola nos esforzos que levan feito e están facendo tódalas novas nacionalidades da Europa que a guerra ceibóu da escravitude, pra rehabilitaren as súas língoas nacionáis, porque saben moi ben que somentes con língoa de seu poden ter unha cultura de seu, e somentes con cultura de seu poden facer figura no mundo, pois os pobos de cultura emprestada, nin xiquera pertencen á historia.

Do mesmo xeito que no home podemos considerar tres elementos: corpo, alma, esprito —algo do que a psicoloxía escolástica chama: vida vexetativa, vida sensitiva e vida racional— e con eles nunha estreita correspondencia, podemos considerar eses tres elementos nos pobos: o corpo corresponde á terra, a ialma corresponde á raza, ao esprito corresponde a língoa: "Geos, Ethnos, Logos". A vivencia nunha terra xeográficamente caracterizada fai a un pobo consustan-

* No *Calendario gallego* do ano 1929, editado por "Céltiga" de Buenos Aires, publicóuse este artigo que mantén hoxe a mesma actualidade que tivo na data da súa aparición.

cial con ela, pola cotián comunión que dela recibe nos seus froitas de que se mantén, da iauga que por ela decorre ou dela xurde e mata a súa sede, do ár que lle trai o cheiro dos campos, da visión repetida das formas naturáis o que se van calcando no seu pensamento coma prototipos de tódalas outras formas que noutros lados poida ver, e que cada ún de nós ha ter que apreciar necesariamente por comparanza coas da súa terra (asombra o pouco que se ten insistido neste influxo espritual do meio xeográfico).

A ialma protoforma eterna da raza que vai no sangue, asegura a perpetuación dun tipo ou subtipo humán, no físico e no psíquico. Si moito é a persistencia dos estímulos do meio, pode que sexa máis aínda a do tipo específico de reacción vital á que chamamos raza. Spengler chama a éste o "elemento sostén da sanguinidade", que din os nosos paisanos, elemento femia e maternal que abala no seu colo toda cultura enxebre e viva.

A fala é a forma necesaria do entendemento, o "elemento tabú" de Spengler, raíz da relixión e da ciencia, elemento macho e criador do que ven a mudación e o avance. Non hai creación sen pensamento nen pensamento sen palabra. Noutro senso difrente do relixioso, na vida do pensar e da cultura, é tamén verdadeiro o comenzo do Evanxeo de San Xoán: "In principium erat Verbum".

Pensar é certamente falar pra contra sí. Non hai difrencia antre o pensamento racional e a súa espresión, a fala e o pensamento son as dúas superficies da tona inmaterial que recobre a ialma; a interior, o pensamento; a esterior, a fala. A ciencia, se cadra, non é máis que un xeito especial de nomear as cousas: unha nomenclatura. Por algo decía Epicteto aquelo de: "Initierm doctrinaesit consideratio nominis". Nomeadas as cousas, fican criados os conceitos e antre estes conceitos xa pode a ciencia estabrecer as relacións que coide precisas pra espricar o mundo. Deste xeito o mundo esprícase pola palabra. É ese poder inmenso das verbas, moito meirande aínda do que, dende outro lado, supuxo Edgar Pöe no "Eoloquio de Eiros e Charmion".

Mais na fala hai aínda algo máis importante que as verbas; as verbas hérdanse. Eu estóu arestora escribindo en galego, mais case tódalas verbas que estóu empregando son latinas. Craro está que moitas destas verbas teñen pra nós outro senso, máis ou menos difrente do que tiñan pra os románs que nos conqueriron e nolas trouxeron. Pra faguer o galego, os galaicos deitaron no latín unha alma moi difrente da alma dos románs, porque a dos galaicos non era unha alma latina: era doutra "sanguinidade", era a alma céltiga —por eso teño eu definído etnográficamente a Galicia como o "estremo meridional da Céltiga", do mesmo xeito que compre definíla xeográficamente (ao igoal que Bretaña, Gales, Irlanda) como un "Fisterre"—. O esprito de Galicia é "románico", mais non é "romano", —por eso fixen eu a definición lingüística de Galicia dicindo que é "o estremo Occidente da Romania" (no vello mundo, craro está, e prescindindo provisoiramente de América)—. E polo tanto, non hai somentes antre o galego e o latín, súa língoa nai, unha di-

frencia pola evolución fonética das verbas e máis pola súa evolución semántica, senón que a hai moito meirande, no xeito de enfialas, e non somentes a que vai dunha língoa de análise a unha língoa de síntese, senón aínda noutras moitas cousas que non soen andar polas gramáticas. Precisamente, o máis importante das língoas, apenas se escomenza a atraguer a atención dos filólogos. E siñalo esta difrencia, embora por outra beira, en moitas cousas, estea o galego máis perto do latín que non outras língoas románicas.

É así como as verbas hérdanse estas difrencias críanse e son as que denuncian o "xenio" do pobo que as crióu, xenio que esas mesmas falas axudaron a formar. Porque si o pensamento áchase polo menos estreitamente condicioado pola lingoaxe, tal como fala un pobo, así pensa: o pensamento encadéase, enfíase, escorrega polo canle que lle ofercen as estruturas da frase e as formas sintácticas herdadas dos antergos, e aínda as asociacións de ideias solen vir das relacións gramaticáis, semánticas e ata algunhas vegadas, fonéticas. Deiquí a importancia da fala na formación do pensamento e da psicoloxía do pobo galego, e deiquí que a poñamos coma o terceiro elemento, o elemento máis espritual, dígase cultural da nosa vida.

Pra vérmolo, temos que nos meter na historia. Teño que repetir eiquí que a mín paréceme, e non son eu sóio, que hai datos dabondo pra pensarmos que a romanización de Galicia foi serodia, e que se non debéu á acción do Imperio, senón á da Eirexa. Por muitas razóns que non son do caso, podemos afirmar que a infruencia do Imperio na Galicia foi pequena, exercida somentes ao longo das vías e nos centros de esprotación mineira. Os galegos endexamáis figuraron como os béticos ou como os galos na vida román. Galicia era pra Roma unha terra colonial non asimilada, remada e bárbara, da que se referían cousas estranas e prodixiosas. O cristianismo en troques, entróu cedo e entróu fondo, inzóu con forza, vizoso e louzao, abalóu tremendamente as conciencias, e producíu un estado cultural tan importante, que permite un movemento dos espritos de tanta consideración coma foi o movemento priscilianista un dos feitos culturáis máis dinos de nota na nosa historia. Asina Galicia deprendéu o latín de camiño que deprendía o Evanxeo. Sendo tan serodia a romanización, ¿cómo desaparecéu tan por compreto a antiga fala céltiga? Igual pasóu na Pequena Bretaña, onde o céltigo foi reimportado posteriormente.

De modo e de maneira que o que se diz o latín clásico, a fala culta da Roma imperial, pouca infruencia puido ter no galego, ao que a infruencia culta venlle do latín baixo, especialmente ecresiástico. Por eso teño eu dito que o galego era "homo infimae latinitatis".

Hai língoas "románicas" e hai arquiteitura "románica". Galicia é unha das terras máis caraiterísticas do románico. Está por facer o estudo en comparanza da nosa língoa e da nosa arquiteitura: estudo que corresponde aos etnólogos, cuia ciencia apenas comenza antre nós. Pódese adiantar dende logo que a língoa galega e a arte románica son formas culturais que se corresponden coma versións

da mesma lingoaxe: o galego é o románico falado, e o románico e o galego escriturado en pedra.

O lapso histórico de crecimento do galego pódese dividir —coa inesactitude necesaria dos esquemas— en tres partes: un tempo "monacal" ate o século XII, un tempo "comunal" no XII e no XIII, e un tempo feudal" no XIV e XV. Da infruencia monacal na fala temos moito: o calendario cos nomes dos meses e das festas e a semán contada por feiras, falas, ditos e cantigas de orixe litúrxica e aínda escolástica. E teño pra mín que esta íntima estructura cristián da fala e do pensamento galego é precisamente a que fai que os galegos non teñan sido endexamáis fanáticos nin intolerantes, nin dun misticismo tan ríspito e case inhumán, como os casteláns, senón que profesaran sempre aquela relixiosidade asisada que Ruskin ademiraba en San Martiño de Tours, santo por certo moi venerado na Galicia, e que foi o que erguéu o seu prestixio de piedade e sabencia en defensa da pirmeira vítima da intolerancia cristián: o noso Prisciliano.

Do tempo das loitas comunais é o millor da lírica galega: é o tempo dos "Canzoeiros", onde se xuntan a lírica popular e a lírica cortesán. Temos xa a nosa língoa formada, traballada, na vida libre das cibdades e vilas comunais, onde a nobreza vai perdendo as súas bárbaras aptitudes, hastra pra a espresión dos máis requintados sentimentos, mundializada por unha corrente europea costante, feita *língoa de corte de cabaleiros e de amores*, "*língoa da cortesía*" por escelencia no Ocidente da Península, coma se ve nos ditos do Marqués de Santillana, língoa dun pobo que vai conquerindo as súas libertades, e cuio ritmo vital camiña apresa.

Nefeito, daquela Galicia, falando a súa língoa, comeza a vivir unha cultura superior: a cultura comunal e cabaleiresca, cando aínda Castela vive as "Gestas" semibárbaras do Cid Campeador, co cruel e groseiro episodio da carballeira de Corpes, por exempro, e a dos sete Infantes de Lara, co non menos brutal do colombro cheo de sangue... Castela había recibir de Galicia máis adiante a "lírica e a cortesía".

Todos terán notado que o galego no meio do ruralismo a que máis adiante se víu reducido, conserva moito de cortesán, moito de língoa de reis, de cabaleiros e de "homes bós", cibdades libres das vilas aforadas. O galego, ergueito daquela a língoa hiperculta, erguéu o nivel moral e social do pobo que o falaba, e os galegos non perderon esto de todo. O paisano máis rústico ten aínda espresións e modos da máis esquisita cortesía, e frases tan poéticamente refeitas, que chega a semellar o sobrevivente dunha cultura requintada e superior. É aínda un trovador espontáneo que vive en parte no tempo dos Canzoeiros de Alfonso o Sabio e de don Dinis. Ten o hábito da espresión culta, que refina e que educa. A brutalidade non esiste nel coma froito espontáneo; a súa fala, como os seus costumes, degrádanse pouco e pouco por mediación dos centros castelanizados e castelanizantes.

No século XIV, os reis da casa de Trastamara entregan Galicia

a unha nobreza criada por eles —os novos ricos da baixa Edade Meia—. e xurden casas poderosas: Andrades, Sarmentos, Ulloas, Pimenteles, Castros, etc., que fan eiquí mangas e capirotes. O feudalismo recrúa, e as libertades comunais son asoballadas, os bés dos mosteiros usurpados, e comenza un case costante estado de guerra. Mais Galicia non por eso tornóu á barbarie: a língoa e a cultura conservároнse, e cecáis pra exempro e enseño dos novos señores, é daquela cando máis inza a literatura cabaleiresca franco-bretona, e tradúcense do francés a *Crónica Troyá,* o *Lanzarote do Lago,* a *Demanda do Santo Graal;* do latín a *Crónica de Turpín,* e por fin, escríbese o *Amadís de Gaula.* E con elo, a prosa galega desprendéuse do estilo notarial das cartas e dos testamentos, e apegóuse ao idealismo céltigo, do que se fixo atinada espresión nos romances que aínda se conservan.

Despóis, a favor das loitas civís, xa se sabe o que pasóu. O galego deixóu de ser língoa oficial e despóis língoa literaria. Siguéu sendo porén, a língoa falada por tódolos galegos de tódalas castes ata casa meiados do século XIX. Aconteceu daquela un fenómeno lingüístico intresante; como ouserva Meyer Lúbge, as língoas románicas evolucionaron dende a invasión xermánica, arredándose do latín e acentuando as súas peculiaridades. Mais ao chegar o Renacimento, iniciaron unha involución, unha regresión cara o latín clásico, que se manifesta principalmente pola introducción de "cultismos" e, no castelán por exempro, por unha tendencia á sintaxe latina e ao hipérbaton, cuio movemento en Castela comenza con Juan de Mena e chega ao cume con Góngora. Pois ben, este movemento regresivo, que atinxíu aínda un pouco ao catalán, polo mesmo tempo retrocedido no emprego oficial e literario, non atinxíu ao galego, que se ceibóu del, anque a custo do seu emprobecimento.

De fins do século XV a meiados do XIX, os poucos escritores galegos escribían case sempre en castelán ou en latín; e o galego falado íbase cada vez máis ruralizando. Mais en troques, os portugueses levaban a vella língoa dos Canzoeiros por todo o mundo, inzaban de nomes galegos o Atlántico, o Índico e o Pacífico, e escribíase na nosa fala o asombroso moimento de *Os Lusiadas.* Gracias aos portugueses, un galego atopa o Mapa-Mundi cheo de nomes familiares que lle soan ás verbas ouvidas no berce e na intimidade familiar: *Natal, Ano Bom, Corisco, Porto Santo, Porto Novo, Mato Grosso, San Paulo, Boa Esperanza, Mascareñas,* etc., etc., etc. Portugal sostivo ata hoxe brilantemente a bandeira do ilustre romance ocidental, namentras os galegos o deixaban esmorecer.

De entón data a diferenciación, aínda hoxe ben pequena por sorte, antre o portugués e o galego. O portugués sofréu longamente a infruencia neoclásica; o galego en troques conservóu moitas formas enxebres que perdéu o portugués culto. Moitas destas formas volvémolas cultas. Moitas destas formas volvémolas atopar nos escritores portugueses que beberon a súa língoa no pobo, coma acontez con Camilo.

Ademáis de conservar formas arcaicas por desuso literario, o galego, reducido e todo ao emprego familiar e rural, tivo a virtude suprema de conservar o máis fundamental do esprito do noso pobo. No século XIX, desaparecido ata o nome de "Reino de Galicia", o centralismo político e adeministrativo chegado ao uniformismo, a "raza" misturada e en parte emigrada, a "terra" colonizada por metecos soberbios que se sabían os amos, a "fala" foi o úneco esponente da persoalidade da nosa Terra, a fala era a que nos daba "estado de pobo", o que é dicir, diante da xusticia eterna, estado xurídico potencial...

Así e todo, a antiga língoa da corte e da cortesía ficaba reducida a ser unha língoa proletaria, polo cal, a burguesía galega emprincipiaba a abandoala. Houbo un tempo en que eles aínda a falaban antre eles, mais aos fillos falábanlles en castelán... Sendo eu de ben poucos anos, un señor acusoume aos meus pais, por ir falando galego con outros rapaces nun paseo con música no Xardín do Posio. Semella miragre que o galego resistira a unha hostilidade tan asañada, combatido na casa, na escola, na eirexa, no xornal, no libro, no casino, no rótulo, no documento, no teatro, na oficiña, na sala de xusticia, no cuartel, no comercio, na emigración. "Cristo das língoas", chamoulle Curros Enríquez: efeitivamente, ningunha outra sofréu tan longa, doorosa e cruel Paixón sen chegar á Morte; con moito menos, morréu o irlandés na mór parte da Insua. Mais os saións e verdugos da nosa fala contaban con todalas forzas humáns e aínda con forzas endiañadas: non sei si co Demo e coa Carne, anque de seguro que si, mais co Mundo sí que contaban; mais non contaban con Deus.

O galego, e, o galego somentes, é o que conservóu a persoalidade, máis aínda, o "ser" de Galicia. Si hoxe Galicia vive e ten coma pobo —non coma grea de homes multitudinar e sen concencia, como os fatos de ovellas— un porvir dediante e unha misión histórica, é somentes por ter unha fala de seu.

Unha fala de seu, con tradición literaria —e anque nona tiveral— e polo tanto con posibilidade de creación cultural diferenciada, ou sexa: unha voz dina de ser ouvida no mundo. Língoa máis que irmá da portuguesa, que falan moitos millóns de homes no mundo, que comparte co castelán a América do Sul, e compite co inglés en moitas terras da África e da India e da Oceanía, e que aínda pudera máis se nós quixéramos.

Non somentes a língoa nos conservóu a persoalidade, senón a psicoloxía. Língoa doce e donda, con certo predomiño das vocales, con grande riqueza fonética, de entonación musical, doada pra a espresión dos estados afeitivos, sumamente analítica, con gran facilidade pra a formanza de verbas novas, con moita riqueza de frases, de metáforas e comparanzas tradicionais, resulta unha fala moi culta aínda nos beizos das clases inferiores. Nela vivéu o idealismo, o senso crítico, a prudencia, o siso, os afectos familiares, o afincamento na terra, a saudade, a cortesía, a familiaridade, todalas virtudes dunha raza que, digan o que queiran, non ten outras chatas que a

esaxeración mesma desas virtudes. O que hai é que non cortarlle o pulo, e deixala manifestar tal e coma é. O que hai é que combater a hipocresía que a fai espresar en língoa allea.

O galego foi sempre e é agora mesmo, unha língoa esencialmente educadora, suxestiva, formadora do esprito. Si os galegos houberan sido educados nela, hoxe serían un dos pobos máis cultos da Europa. Esto débese principalmente ao seu ton afeitivo. Mais o seu valor coma língoa filosófica, e aínda científica, é cousa que agora se escomenza a ver, e aquí, no meu pensar, a cousa está en non ser unha língoa gastada coma outras, e polo tanto, traducir millor certas matices inéditos do pensamento. A filosofía, a ciencia —singularmente as ciencias do esprito: historia, dereito, socioloxía, etc.— que se fagan en galego, han ter, pola virtude do idioma, unha atinada novedade.

Por fin, é van pretensión que nun artigo queiramos atacar todolos puntos que pra o seu desenrolo precisarían un libro. Abonda polo tanto que deamos remate coa concrusión de que se Galicia é moito, case todo, o que debe á súa língoa, é moito máis o que lle pode deber aínda.

VICENTE RISCO



JUAN FRANCISCO DE CASTRO: UN ILUSTRADO GALEGO ENTRE A REFORMA E A SUPERACIÓN DA SOCIEDADE FEUDAL

1. O HOME

Juan Francisco de Castro nacéu en Lugo en 1721 e morréu na mesma cidade sesenta e nove anos dimpóis. Abogado e crego, foi coengo en Lugo e arcedián de Dozón. Impulsor e directivo da "Sociedade Económica de Amigos del País" de Lugo, pertenecía ao fato de cregos ilustrados que diron en animar a vida cultural galega da segunda mitade do século XVIII. Escribíu un extenso compendio cultural *Dios y la Naturaleza* (Madrid, 1780-1790, dez tomos) e algúns ensaios menores. Non obstante, a súa obra principal son os *Discursos sobre las leyes y sus intérpretes, en que se demuestra la incertidumbre de éstos y la necesidad de un nuevo y metódico cuerpo de derecho, para la recta administración de justicia* (Madrid, 1765, dous tomos; 2.ª edición, Madrid, 1829). Mesmamente o tíduo revela a preocupación do autor pola racionalidade das leises e polo perfecionamento dos istrumentos xurídicos. Un tomo terceiro desta obra aparecéu ao pasar cinco anos, *Discursos Críticos sobre las leyes y sus intérpretes: incertidumbres y detrimentos de los Mayorazgos y otras disposiciones análogas en el bien común: su ofensa a la población, agricultura, artes y comercio: necesidad de remedio: tentativa de algunos medios. Paradojas sobre la nobleza y mérito para fundar Mayorazgo* (Madrid, 1970). Estes *Discursos Críticos* axúdannos a escarabellar nas principáis contradicións da sociedade galega do seu tempo.

2. A SOCIEDADE GALEGA DO SÉCULO XVIII

No século XVIII asístese en Galicia a un proceso de expansión das forzas produtivas. O crecemento da poboación —aínda que frenado pola emigración, que se fai irresistíbel na segunda mitade do século [1]—, a consolidación do cultivo do millo, o incremento dos rendementos agrícolas e unha certa intensificación dos cultivos, son exemplos siñificativos. Mais este crecemento bate axiña ca grande barreira que apresenta a estrutura social.

A economía galega continúa a ser de base agraria. A industria artesanal atópase esnaquizada, fortemente xunguida á explotación agraria; alcanzando somentes certa entidade a industria doméstica do liño, ao tempo que a do coiro vive intres de recesión. Bótase tamén de menos unha burguesía mercantil emprendedora, pois somentes se aprecian grupos de comerciantes dunha certa entidade na

[1] Bustelo estima esta emigración en 350.000 persoas de 1749 a 1797. V. Francisco BUSTELO, *Introdución ao estudo cuantitativo da poboación galega no século XVIII*, Grial, n.º 45, 1974, páxs. 257-268.

Cruña e Ribadeo; mentras que a cativeira circulación dos bens é consecuencia das dificultades do transporte, mais tamén da inexistencia dunha demanda interior que dira en estimular a produción e máilo comercio.

I é que nin a explotación familiar campesiña de mera subsistencia, nin os xeitos de apropiación e utilización do excedente, favorecían o desenrolo económico. A propiedade da terra mantíñase, como na Edade Media, nas mans do clero e máis da nobreza; a ela xunguíanse os dereitos señoriáis. A distribución da terra cultivada baixo as distintas xurisdicións, según o censo de 1797, era [2]:

Terras de realengo	*Abadengo*	*Señores*
9,1%	52,5%	38,4%

Mais estas cifras non reflexan a verdadeira correlación de poder na Galicia do XVIII. Precisamentes neste século, á sombraxe do incremento da poboación e máis dos precios, adequire un pulo considerábel o grupo social que García-Lombardero identifica como "señores medianeiros". Este grupo social intermedio, cuia forza reside na medra da demanda de terras e máis na xeralización do subforo, ganóulle pola man á vella nobreza laica e relixiosa na partida da "perpetuación" dos foros. Fora como fose, vellos e novos señores extraen o excedente por canles típicamente feudáis (rendas, dezmos e tributos señoriáis o clero e a nobreza propietaria; rendas, fundamentalmente, os señores medianeiros). O emprego deste excedente tende a consolidar o nivel de vida e a posición social dos beneficiados máis que a se convertir en inversión produtiva [3].

3. O PENSAMENTO ECONÓMICO DE J. F. DE CASTRO

Pra o Castro, a poboación é o motor principal do sistema produtivo: "de la población es de quien provienen, como de primera causa, todas las comodidades, que recibimos de la agricultura, artes y comercio. La población antecede a estos empleos, como siempre precede el ser al operar" [4]. De entre as actividades produtivas, destaca a agricultura cun papel relevante: "La agricultura es la productora de los verdaderos bienes del hombre: todos los más bienes no lo son comparados con las producciones de la agricultura" [5]. A agricultura necesita da medra da poboación activa para o seu desenrolo e, implícitamente, dedúcese que o producto agrario é función lineal da poboación ocupada. Non advirte Castro o perigo dun

---

[2] Jaime GARCÍA-LOMBARDERO, *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, siglo XXI, 1973, páx. 90.

[3] Xunto a estes elementos internos á formación social que dificultan a acumulación de capital, inciden outros factores. Siñalaréi dous canles de saída dos excedentes. Un, as detracións das casas centráis dos mosteiros, importantes xa no século XVI, como estuda na súa Tese doutoral María Xosé RODRÍGUEZ GALDO, *Señores y campesinos en la Galicia de los siglos XIV-XVI* (en prensa). Outro, a imposición real. Como exemplo deste último poden verse as queixas de Suárez Freyre sobor dos "caudales con que ha contribuído y contribuye Galicia anualmente para sus caminos" e que son empregados fora do país (V. Julián F. SUÁREZ FREYRE, *Viage de Galicia desde la villa de Benavente*, Santiago, 1813, limiar e páxs. 69-70).

[4] Juan Francisco DE CASTRO, *Discursos Críticos...*, tomo III, Madrid, 1870, páx. 57.

[5] *Ibidem*, páx. 113.

esgotamento das terras rentables, que a falta de cambios siñificativos nos medios de produción e máis nas formas de cultivos, levaría a un descenso da produtividade media do traballo. En canto ás manufaturas, teñen un papel sustitutivo da agricultura. "Si faltando agricultura, hay otros establecimientos, en que ocupadas las manos, trabajan en obras..." [6]. Os produtos delas valen para obteren, mediante o intercambio, os alimentos necesarios. O comercio depende da existencia de excedentes agrícolas ou industriáis e "después de la agricultura y artes necesarias es el más conveniente empleo, y de que más comodidades resulta en la sociedad" [7].

En síntese, pódese facer o seguinte esquema do pensamento económico de Castro:

— a poboación ocupa o posto central no sistema económico;
— a produción agrícola e manufatureira é función da poboación activa;
— o desenrolo comercial depende do desenrolo agrícola e manufatureiro.

Si ben a poboación ten primacía no proceso económico [8], non constitúe unha variable esóxena, pois "son inseparables población, agricultura, manufacturas, y comercio, causándose mutuamente a sí mismos, y siendo de sí mismos recíprocos efectos" [9].

A economía é para Castro, xa que logo, un proceso dinámico, cunhas relacións de interdependencia, de distinta intensidade, entre os diferentes sectores económicos. Esta dinamicidade ven caracterizada pola circulación dos bens: "la sangre del cuerpo civil son los bienes" [10], afirma, seguindo a tradición fisiocrática de asemellar vida económica e anatomía humana.

4. A CRÍTICA DA SOCIEDADE FEUDAL

Con tal artellamento teórico, Castro ponlle cara ás trabas que frenan o crecemento económico. Os maiorazgos atópanse na raigaña destes atrancos. A propiedade vinculada da terra impide o fluxo dos bens, "los fija en una sola persona de una dilatada familia, con lo que se empobrecen y esterilizan por falta de este suco nutricio sus ramas: la población se minora, porque se minoran las dotes y heredamientos: faltan brazos, o medios para la agricultura, con lo que desfallece: el comercio se extenúa sin la circulación donde tiene su apoyo; y últimamente decaen las artes, y los manejos que sirven a la sociedad civil, y viene a una total parálisis, porque no giran los espíritus que la animan" [11].

Castro adica moitas páxinas á crítica sistemática e demoledora dos maiorazgos e máis das vinculacións, o que non é nada gratuíto, pois, a máis de lle pór cancelas ao desenvolvimento económico, xogan un papel fundamental na reprodución das relacións sociáis: "sin

---

[6] *Ibidem*, páxs. 60-61.
[7] *Ibidem*, páx. 143.
[8] "Aunque tan íntimamente unidos población, agricultura artes, y comercio, si no obstante, se haya de dar a alguno de los concurrentes la primacía en el bien común, es la población". Cfr. J. F. DE CASTRO *ob. cit.*, tomo III, páx. 62.
[9] *Ibidem*, páx. 61.
[10] *Ibidem*, limiar ao tomo III.
[11] *Ibidem*.

bienes perpetuos, en que se sobstuviesen las familias, jamás éstas conservarían los blasones, o señales de su descendencia" [12]. A conservación da nobleza depende, para Castro, do mantenimento das súas propiedades e da súa riqueza.

En Galicia, "la multitud de Mayorazgos, y manos muertas, y la pobreza de los labradores minora su actividad. Rara vez se componen las grangerías, o caserías mayorazgas de tierras de cultivo, sin mucho de montuoso e inculto..." [13]; situación esta que contrasta ca anguriosa demanda de terras dos labregos galegos. Castro expresa así, ao seu xeito, a contradición entre a expansión das forzas productivas e a conservación das relacións sociáis de produción. Mais non somentes os grandes maiorazgos son un engarro pra o crecemento económico; Castro refírese tamén aos pequenos "vinculillos", orixen no noso país de abondosos pleitos.

Causa importante do estancamento agrario é tamén "toda especie de gravosas imposiciones a que los vasallos viven sujetos para con los dueños de las jurisdicciones y solariegos; esto es, opresión, violencia y tiranía" [14]. Tamén critica Castro a especulación dos señores ca renovación dos foros, e atopa nos "despoxos" unha fonte de "decaimiento de la agricultura, o a lo menos de sus progresos en reducir a labradío terrenos incultos" [15]. O prestixio de Castro e a súa postura nesta cuestión foron aproveitados polos partidarios da "perpetuación" dos foros [16]. Conta Castro o proceso de aforamento das terras:

> "Se ajusta el labrador con el señor verdadero o aparente para que le permita cultivar algún terreno, no tanto alguna vez porque se persuada pertenecerle su dominio, como porque conoce tiene fuerzas y poder sobrado para impedirle su cultura (...). Ajustado el contrato principia el colono a quebrantar y arrancar peñascos, quemar y cortar zarzales y malezas, mover la tierra a duro golpe de hierro, sin que acaso en algunos años todo este trabajo le facilite alguna comodidad, fuera de la pensión anual que debe pagar" [17].

Esgotadas as voces do foro, o señor quere recuperar o terreo, agora tan millorado:

> "Suele ser alguna persona poderosa o comunidad eclesiástica, a quienes los gastos del pleito nada empobrecen, y en favor de quienes los agentes, solicitadores

---

[12] J. F. DE CASTRO, *ob. cit.*, tomo III, páx. 227.

[13] *Ibidem*, páx. 123.

[14] J. F. DE CASTRO, *Discursos críticos*..., tomo I, 2.ª edición, Madrid, 1829, páx. 135. Enumera Castro: "Pagan con gusto y fidelidad diezmos y primicias. Lo hacen también de oblaciones (...) Votos al Apóstol Santiago o a otras iglesias, sin medida uniforme en algunos parages; vasallages de diversas especies y nombres; luctuosas, abadías o espolios, tributos reales, que no oprimen por sí mismos, sino por recaer sobre tantas contribuciones" (*Ibidem*, páx. 129).

[15] *Ibidem*, tomo I, páx. 130.

[16] No expediente do diputado Zúñiga ao Consello de Castilla cítase a Castro 22 veces. V. *La natural razón por el Reyno de Galicia*..., Arch. Histórico Nacional de Madrid, Consejos, leg. 2918. Castro era, non obstante, partidario da renovación a favor do derradeiro poseedor.

[17] DE CASTRO, *ob. cit.*, páxs. 125-126 do tomo I.

y más dependientes de justicia siempre muestran mucha solicitud y vigilancia (...). Envuelto, pues el enfiteuta entre estas consideraciones que, o le ponderan los abogados, o le ponen presente sugetos de experiencia, o a veces sin consideración alguna; preocupado del miedo que concibió a su enemigo, no halla otro recurso que, o comprar la renovación con un dinero que suele quedarse entre las manos de los que agencian por el dominio directo, sin constar haberse recibido, y aún con algún aumento de pensión, o constituir un exorbitante canon (...) y no pocas veces con obligación de reconocer por enfitéuticos muchos bienes, que como propios o alodiales, mezclados, o a la inmediación del territorio aforado poseía" [18].

A crítica da sociedade feudal, dende un punto de vista económico, non ten dúbida para Castro. Nembargantes, non se atreve a pedir a súa sustitución. "Se necesita en la República un orden de ricos y pobres, nobles y plebeyos" [19], di o coengo lucense, que coida tamén na necesidade da nobreza "jamás nociva al Reyno quando es moderada, y en descrédito suyo quando es reducida" [20]. A necesidade política da nobreza para a supervivencia da sociedade, e a correlación entre a conservación desta clase e a propiedade vinculada, faille a Castro formular un programa reformista dos maiorazgos: prohibición de fundación no futuro sin permiso real, limitación dos privilexios da propiedade vinculada, aplicación e extensión da lei de incompatibilidade dos maiorazgos, compatibilidade entre maiorazgo e contrato enfitéutico, etc. Propostas ben coitadas si temos en conta a aceda crítica anterior, que esixiría arrumbar ca propiedade vinculada.

A utilidade social da nobreza impide, xa que logo, a súa desaparición. Mais a condición de nobre vai xunguida á posesión de bens e á aceptación dunha movilidade social que, en certo modo, bate ca inmovilidade que caracteriza ás conceicións estamentáis da sociedade: "Pendiendo, pues, tanto la nobleza de este mundo de la posesión de las riquezas, siendo en éstas tan variable la fortuna, que el que hoy es pobre puede mañana ser rico, no parece haya inconveniente, como tan anexo a la misma revolución, que pueda mañan ser noble el que hoy es plebeyo" [21]. Aínda máis, "con estas transmutaciones se sostiene, y sustenta la República en el orden político" [22]. Recolle así Castro o proceso de empobrecimento de moitas familias fidalgas e a ascensión, en troques, dos novos grupos sociáis, que o ilustrado lucense presenciou ao longo da súa vida. Si ben as consideracións políticas veñen a limitar as críticas de Castro ás relacións sociáis da Galicia do Antigo Réximen, permanece ben clara a súa conceición dinámica da sociedade e a súa profunda denuncia dos atrancos ao desenrolo económico.

FAUSTO DOPICO
Santiago

---

[18] *Ibidem*, páxs. 127-129.
[19] J. F. DE CASTRO, *ob. cit.*, tomo III, páx. 41.
[20] *Ibidem*, páx. 183.
[21] *Ibidem*, páx. 240.
[22] *Ibidem*, páx. 237.

SOBRE A ORTOGRAFÍA GALEGA: UNHA INICIATIVA

Xosé-Martiño Montero Santalla invita ca súa valente proposta [1] a rematar a polémica, ou debate, sobre a unificación ortográfica entre o galego e o portugués que nesta mesma revista sostiveron no ano 1973 Ramón Piñeiro e Manuel Rodrigues Lapa.

Nn ano antes tratara o tema o "Boletín do Grupo de Traballo Galego de Londres" [2], e mesmo ofrecera nas súas páxinas unha iniciativa que hoxe coido interesante reproducir aquí pra os leitores de "Grial".

Nos suplementos aos números 7 (febreiro 72) e 8 (abril 72) o Boletín levaba textos portugueses, con algunhas instrucións pra lle facilitar ao mestre a súa leitura, e neste derradeiro número incluíase, baixo a rúbrica "O galego e o portugués", parte dunha carta do Prof. Rodrigues Lapa encol do problema galego-portugués. Eis algúns parágrafos:

"Eu vejo o problema doutra forma. Falta ao galego de hoje a consciência de que galego e português foram a são ainda a mesma língua, apesar das diferenças que a uma delas imprimiu o contacto com outra língua, culta e dominadora. E também falta ao galego a consciência doutro facto: nenhuma das regiões diferenciadas, a Biscaia e a Catalunha, goza da enorme vantagem que tem a Galiza: falar, dentro da Ibéria, a língua oficial dum estado soberano (Portugal). Por isso, quaisquer que sejam as vicissitudes que o destino e a cobardia dos homens reservem ao idioma galego, uma coisa temos como certa: essa doce língua já não morrerá, pois se ouve e se lê em Portugal, onde é uma língua de cultura, falada por 120 milhões de indivíduos. Já incluo, naturalmente, neste número, 4 milhões de galegos.

"Estes pressupostos, a que dificilmente se pode negar validade, deviam obrigar os galegos cultos a dois esforços primordiais. Primeiro: depurar o seu idioma rústico, limpandoo dos hibridismos que o deturpam. Segundo: ter a coragem de aproximar a língua literária mais possível do português. A criação duma língua literária assim achegada ao português é a única solução que resta aos galegos para salvarem a sua expressão nativa, seriamente ameaçada

---

[1] *Unificación ortográfica galego-portuguesa,* Grial, n.º 51, xan.-mar. 76, Vigo.

[2] O "Grupo de Traballo Galego de Londres" estaba costituído por María Teresa Barro, Carlos Durán, Fernando Pérez-Barreiro Nolla, Manuel Fernández-Gasalla e Xavier Toubes. O Boletín publicábase aproximadamente cada dous meses e mandábase a mestres galegos (mormente ruráis) co ouxeto de familiarizarse co contido da Lei do Ensino de agosto de 1970 (no tocante ás linguas vernáculas) e á posibilidade que abría de ensinar galego na escola, pra o que levaba un suplemento con material escolar imediatamente utilizábel.

hoje em dia. É esse idioma, sucessivamente expurgado e urbanizado, que deve ser ensinado nas escolas. Assim acabaria a velha inibição, que tantas destruições tem feito na sensibilidade e no carácter do galego.

"De qualquer maneira, estamos a braços com un dilema, que exige uma opção crucial: ou o galego se perde, submergido pelo castelhano; ou se salva, apoiando-se na força duma língua en ascenção como é o português."

No número seguinte (o 9) estractábase baixo o tíduo "O futuro da ortografía galega" unha carta do Prof. Agostinho da Silva, da Universidade de Santa Catarina, Brasil, arredor do mesmo tema. Entre outras cousas, decía:

"Creio que, antes de tudo, há a pensar no que foram as origens. Por existência de substractos particulares, de disposições psicológicas especiais, de factores geográficos ou étnicos, ou de qualquer outra causa, o latim importado para o canto noroeste da Península ganha características particulares e idênticas de um e de outro lado do Minho. É esta a língua dos Cancioneiros, com tratamento literário, mas decerto não muito afastada da língua vulgar.

"Separada a Galiza de Portugal, toma a língua que ficou para o sul características evolutivas e estabelece, ao conquistarem-se os territórios que iam constituindo Portugal, sobretudo os de Além Tejo, o primeiro "crioulo" português, já diferente êl próprio, em vocabulário e fonética, do Português de Aquém Tejo.

"Com os descobrimentos, sobretudo os do Brasil, aparecem os crioulos ultramarinos, de importância apenas local, excepto o do Brasil. Fundamentado na língua do século XVI e XVII, na pronúncia e na maior liberdade sintática e com grande base no falar popular e rural, o Português do Brasil é, digamos, um Português menos evoluido, e mais puro do que o de Portugal. Pondo as coisas ao limite, diríamos que o Português de Portugal, por circunstâncias políticas, econômicas, culturais, se abastardou. O de lá ficou mais fiel e, também por motivos demográficos, políticos, econômicos e outros, é a fracção do Português que hoje, dominando no ensino da língua em países estranjeiros e pela sua dinâmica interna, domina o conjunto, começando mesmo a dominar o Português de Portugal, o que se acentuará ainda para o futuro.

"Parece, portanto, que o que se tem de fazer é uma integração geral do Galego, do Português de Portugal e do Português do Brasil, que será cada vez mais também o Português de Angola e de Moçambique, sobretudo de Angola. Os escritores galegos precisam de adoptar a ortografia luso-brasileira, de receber vocabulário e de introduzir vocabulário e deviam fazer o possível por editar seus trabalhos *simultâneamente* na Galiza, em Portugal, em Angola, no Brasil. Deve poder dizer-se indistintamente que o Galego é uma forma do Português, ou o Português uma forma do Galego, ou os dois uma unidade com o Português ultramarino, referindo-me eu aqui ao da África e ao do Brasil.

"A ligação linguística e cultural entre um e outro lado do Minho vai fazer-se pelo próprio correr da história; talvez a ligação com o Brasil se pudesse facilitar por nosso próprio esforço."

E a seguir viña a opinión editorial do Boletín:

"Pra nós é espranzador o feito de o galego suscitar grande interés na comunidade luso-brasileira, e crémos que é esa a vía que nos compre seguir, se ben hai que encetala con moito xeito e sen precipitacións. Pero o certo é que temos que, polo menos, facer un xesto nesa direición, como podería ser, se cadra, reincorporar ao galego o "g" e o "j" que se eliminaron no século derradeiro da ortografía (os nosos leitores coñecerán a gramática de Marcial Valladares, e non fai mal efeito lér nela eses consoantes) sustituídos polo "x". Despóis poderíase tentar o "lh" e o "nh", e ouservar qué efeito se produz no público galego e no extragalego. Finalmente, o máis difícil sería resolver o problema "-ión/-ão", e algún outro. Pero inda que non se chegara a tanto, xa sería un xesto considerábel que habería tér un grande efeito na nosa sicoloxía nacional. Compre, nembargantes, facelo de xeito que non se allee ou aliene unha forte tradición "galeguista", que fai ao galego ser galego, e non portugués propiamente. Despóis de todo os galeguistas percuran o auténtico galego en oposición ao castelán pra mantér un xeito de ser xenuíno e propio."

E no suplemento ao mesmo número do Boletín do Grupo de Traballo Galego de Londres tomábase esta iniciativa:

"Encetamos hoxe un esperimento ortográfico con ouxeto de esplorar as posibilidades de achegamento co portugués dos países lusofalantes. É un primeiro paso nunha custión que se vai facendo urxente. Con respeitos ao noso señor Castelao.

"A ÁRVORE

"A árvore é o símbolo do senhorio espiritual da Galiza.

"A árvore é un-a regalia dos olhos polo seu feitio; é un-a ledícia dos ouvidos, porque nela cantan os pásaros; é un-a arrulhadora do espírito, porque nas suas ramas conta contos o vento.

"A árvore danos fruta, que é un manjar composto polo mesmo Criador, para regalia do noso paladar; é o último ben que nos ficou do Paraíso perdido.

"A árvore pídelhe água ao céu para que a terra tenha sangue, vida e beleza.

"A árvore danos sombra fresca no verán e lume acolhedor no inverno.

"A árvore danos as traves, o piso e as portas da casa. Danos a cara, o armário dos lenzóis e a artesa do pan. Danos o berce, o cajado da velhice e a caixa para baixar á terra.

"A árvore danos o papel barato que nos traz cada dia as novas do que pasa no mundo.

"Val mais un-a terra con árvores nos montes que un estado con ouro nos bancos.

"Na nosa terra danse as melhores árvores.

"O dia que saibamos o que val un-a árvore, ese dia non teremos necesidade de emigrar.

"O PEIXE

"O peixe é un dos símbolos de Cristo.

"O peixe é a prata do mar feita carne.

"Cada peixe ten sustáncia do seu mar. O peixe do Atlántico —un mar terrívelmente selvage— sabe ao sal da vida libre.

"O peixe galego traz nas féveras da carne as melhores eséncias do oceano.

"Cánto costa criar un quilo de carne de vaca! En troca a carne de peixe críase sen cuidados nen gastos.

"A pesca era un trabalho nobre e generoso. Cando naufragaba un-a lancha morria o patrón junto con os compañeiros. Agora o patrón chámase armador e nunca morre afogado, porque já non vai ao mar.

"A Fisterra galega —a ponta mais avanzada da Europa— fíxose para pescar.

"O dia en que a Galiza seja nosa, os marinheiros vivirán na abundáncia.

Castelao. *Sempre en Galiza*

"Algún leitor atopará alarmante este xeito de presentar a Castelao. Compre decir que non é máis que unha proba de boa vontade pra o achegamento da nosa língua ao resto da vasta comunidade luso-falante, de quen tamén é patrimonio, e, por tanto, da humanidade."

Aquela foi unha pequena e limitada aportación do Boletín, fai xa case catro anos. Que eu seipa non se publicóu nada semellante dende entón en Galicia. ¿Por qué non se fai un novo intento neste senso? ¿Por qué non facer unha edición de peto do "Catecismo do Labrego", por exemplo, ou unha escolma do mesmo "Sempre en Galiza", achegándose o máis posíbel á grafía portuguesa, e promocioando os libros en Portugal e no Brasil?

CARLOS DURÁN
Londres



ANÁLISE TEMÁTICO DO LIBRO V DE "FOLLAS NOVAS", DE ROSALÍA DE CASTRO

I. ¿TEN O LIBRO UNIDADE TEMÁTICA?

Soe decirse con certa frecuencia que "As viudas" son o libro da emigración na obra de Rosalía. Pero, ¿todos os poemas deste libro falan deste problema tan importante na nosa rexión? Ésta é a pregunta que intentaréi responder brevemente neste apartado.

Eu penso que a resposta é negativa. Esto non quer decir, por suposto, que este libro non presente e poetice o problema social da emigración galega, senón que, ademáis de estudar mui ben este problema, tamén abarca outros. É decir, hai poemas que se refiren a outros campos da vida, e que non teñen relación, ao menos direita, ca emigración, que de todas maneiras é o tema central do libro.

Vexamos algúns exemplos dos que me fan chegar á conclusión xa dita, sin que os exemplos sexan todos, senón somentes os máis importantes ou os máis craros.

Así o poema que comenza "Dende aquí vexo un camiño" (295)[1] é alleo, na miña opinión, á emigración. Nos derradeiros versos refrexa o problema da propia persoalidade no senso do típico desacougo romántico, ese costante choque do home ca sociedade e ca súa propia alma. Recordemos eses derradeiros versos:

"Nin fuxo, non, que anque fuxa
dun lugar a outro lugar,
de min mesma, naide, naide,
naide me libertará." (296)

A loita da persoa co seu esprito é o tema deste poema.

Outro exemplo pode ser ese realmente estupendo poema tiduado "¿Por qué?" (306), no cal Rosalía preséntanos o tema da diferenza social. No poema refréxase o batir dos corazóns dos probes cando escoitan aos algoaciles que veñen a cobrar as rendas, para rematar con dous versos que constituien unha verdadeira denuncia social:

"—¡Silencio! ¡Non brasfemes,
que éste é un valle de lágrimas. . !
Mais ¿por qué a algúns lles toca sufrir tanto,
i outros a vida antre contentos pasan?" (306)

O pesimismo destes dous primeiros versos aparez tamén no breve poema que comenza "Sempre pola morte esperas" (298), e que tampouco ten relación estreita ca emigración. Os versos finais,

[1] Rosalía de Castro: *Poesías;* Edicións do Patronato Rosalía Castro, Vigo, 1973. (Todos os números que aparezan antre parénteses refírense a páxinas desta edición).

nos que con moita frecuencia Rosalía condensa todo o poema, espresan esa idea da morte como remedio dunha vida chea de pesares; din así:

"Cando a iaugua das penas
se reverte na copa sin medida,
sóio é remedio a morte
para curar da vida." (298)

Finalmente, mencionaréi un derradeiro exemplo: o poema que comenza "Pois consólate, Rosa" (307-309), o cal é un verdadeiro estudo sobor da volubilidade do amor, e a súa esencia; o amor é algo que non se pode intentar conservar si el non quere:

"forza é deixalo ire
que n'hai virtude nin poder que o prenda..." (309)

chegando incluso a ver no amor certa banalidade e un algo de mentira, provocado pola separación dos dous amantes, pero sin sere provocada esa separación pola emigración, na miña opinión.

Con estes exemplos coido deixar xa ben amostrada a inesistenza de unidade temática total neste libro V de *Follas Novas*. Pero teñamos sempre ben presente que a emigración é o tema e núcleo central do libro, aínda que éste non presente unha unidade certa.

II. ¿Poesía ouxetiva ou suxeitiva?

Neste apartado recurriréi a algunha cita bibliográfica, xa que coido que o problema é de difícil solución.

Dos cinco libros que comprende *Follas Novas* ("Vaguedás", "Do íntimo", "Varia", "Da terra" e "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos), os tres primeiros soen considerarse xeralmente como poesía suxeitiva, é decir, soen considerarse como espresión dos sentimentos máis íntimos da autora e dos problemas metafísicos universáis do ser humano. Pola outra banda, os poemas de "Da terra" e "As viudas" soen considerarse como poesía ouxetiva.

Agora ben, tal afirmación pode presentar algunhas dificultades para sere admitida. Así, no que se refire ao IV libro, "Da terra", hai que decir que nel atopamos poemas claramente suxeitivos; éste é o caso do tiudado "En Cornes" (273-275) e tamén do poema "San Lourenzo", que remata o libro (275-277). Outro tanto pode decirse do derradeiro libro de *Follas Novas*, no que "... achamos poemas nos que é imposibre non ver confidencias direitas do poeta que nos fala no seu propio nome" [2]. Suxeitivos poden considerarse poemas como os que comenzan: "¡Ouh miña parra de albariñas uvas" (284) poema IV de "¡Terra a nosa!", "Eu levo unha pena / gardada no peito" (289), "Meus pensamentos, ¡cál voás tolos. . !" (290), "Ó sol fun quentarme "(297) e "¡Quérome ire, quérome ire!" (294), por citar algúns dos máis representativos desta suxeitividade.

Penso que éste é un problema ao que non pode darse unha solución definitiva, a non ser que se dé unha solución intermedia, que para min é a verdadeira: considerar o libro "As viudas" como

[2] Carballo Calero, R.: *Historia da literatura galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1963 (1.ª edición), páx. 175.

portador de poesía suxeitiva e ouxetiva, con predominio desta última.

A ouxetividade é maior debido a que o tema principal, a emigración, é un tema que está fora da persoa humana. Esto non quer decir, en modo algún, que Rosalía non se identificara cos sentimentos das persoas que sufrían este feito social. Rosalía identificábase plenamente con esas mulleres e mozas abandoadas polo seu marido ou noivo, de tal maneira que hai poemas nos que non é fácil distinguir antre a autora e a muller abandoada; tal pode ser o caso do que comenza "Teño un niño de tolos pensamentos" (300), sobre todo no que se refire á súa primeira mitade.

Agora ben, tamén hai poesía suxeitiva, na que a autora espresa os seus propios sentimentos. Así, pois, creo que non pode decirse tallantemente que "As viudas" é un libro de poesía ouxetiva, nin tampouco que é un libro de poesía suxeitiva. Penso que é un libro no que alternan ambas cun predominio da ouxetiva, por unha banda, pero no que, pola outra, a poesía suxeitiva ten máis importancia da que poidera parecer á primeira vista, mediante a identificación dos propios sentimentos da autora cos das mulleres abandoadas.

A unión, incluso nun mesmo poema, como veremos despóis, e mezcla do plano da ouxetividade e do da suxeitividade son características deste libro. Polo tanto considero mui acertadas unhas verbas de don Ricardo Carballo Calero, reproducidas eiquí a pesares da súa estensión, que poñen de manifesto, non somentes este feito senón tamén a identificación nos sufrimentos antre Rosalía i esas mulleres abadoadas: "Nas "Viudas" non sempre é fácil separar o ouxetivo do suxeitivo, a poesía social da poesía persoal. Por iso sentímonos tentados a creer que no libro V de *Follas Novas* hai poemas compostos como liberación dunha cárrega afeitiva completamente íntima, pero que foron logo incluidos na seición en canto podían encaixar nela, xa que ela está consagrada ás mágoas femeninas, moitas delas análogas ás que Rosalía puido sofrer. O afastamento do home, a probeza, a soedade, foron desgracias comúns a Rosalía e ás súas heroínas das "Viudas". (...) Ela puido se sentire como unha viuda máis. (...) De certo, en boa parte, as súas penas eran as mesmas das labradoras e peixeiras. E así, chegóu a incluir no libro V das *Follas Novas* poemas onde as motivacións concretas que podían vencellalos ao conxunto teñen xa desparecido, e fica somente o recendo dunha mágoa indefida, co que se atinxiron os máis enxebres cumes do puro lirismo"[3].

III. Tema central: a emigración

Xa dixen antes que, aínda que o libro presenta máis temas que éste, verdadeiramente hai que recoñecer que éste foi o verdadeiro *leit motiv* da gran maioría dos poemas.

Verei primeiramente os diversos puntos de vista desde os cales Rosalía denuncia, ou polo menos refrexa, este problema, para rematar o presente traballo cun breve repaso dos aspeitos máis importantes deste fenómeno social.

---

[3] Carballo Calero, R.: *Historia da literatura galega*, 1808-1936, Ed. Galaxia, Vigo, 1963 (1.ª edición), páxs. 177-178.

1. *Puntos de vista no problema da emigración*

Intentaréi estabrecer varias casetas, prestando atención non somentes ás persoas que falan nos poemas senón tamén aos lugares desde os cales falan.

Unha primeira e clara diferenciación establécese antre os poemas que ven a emigración desde fora, e que soen ser cáxeque sempre narrativos, e os que están postos na boca dalgunha das persoas que sofren direita ou indiretamente tal feito. A oposición pode estabrecerse, pois, antre poemas narrativos e poemas líricos, entendendo este derradeiro termo no senso de espresión de sentimentos das almas. Algunhos dos narrativos son: os poemas II, III e X de "¡Pra a Habana!", que comenzan "Cando ninguén os mira" (279), "O mar castiga bravamente as penas" (279) i "Éste vaise i aquel vaise" (280); a maioría dos poemas de "¡Terra a nosa!" (283-286) e os que comenzan "Foi a Páscoa enxoita (289), "¡Cómo lle doía a ialma" (297) e "De soidás morríase" (306).

Todos os demáis poemas que se refiren á emigración presentan espresión dos sentimentos, xa sexa do que emigra ou da que é abandoada.

Hai ademáis poemas que participan destes dous tipos; tal é o caso do primeiro poema de "¡Pra a Habana!", que empeza "Vendéronlle os bois" (278), e no que tras unha parte narrativa que abarca os oito primeiros versos, os oito derradeiros son a despedida que un mozo fai dunha moza chamada María. Esta mezcla dos dous planos vólvese a dar no poema tiduado "No craustro" (296-297), ca diferencia de que eiquí, tras as verbas da enamorada, hai oito versos nos que se volve ao plano narrativo con que comenzóu o poema; e o tiduado "Ca pena ó lombo" (309-310), que neste senso presenta o mesmo esquema que "No craustro".

Dentro dos que son espresión de sentimentos, temos dous grandes grupos: os que refrexan sentimentos dos homes que emigran e os que refrexan os sentimentos das abandoadas, que son a gran maioría.

Exempros deste derradeiro grupo son os poemas IV e V de "¡Olvidémolos mortos!", que comenzan "¡Qué armonioso na altura resoa" (281) i "Es garrido e lanzal i os teus ollos" (282); os que comenzan "Tecín soia a miña tea" (287), "—¡Como venden a carne no mercado" (288-289), "Non coidaréi xa os rosales" (289), "O meu olido máis puro" (294), "Anque me des viño do Ribeiro de Avia" (294-295), "Teño un niño de tolos pensamentos" (300-301), e os tiduados "Basta unha morte" (302), "As Torres de Oeste" (302-305) e "Vivir para ver" (291-292). A éstes hai que sumar os que anteriormente consideramos como espresión dos sentimentos suxeitivos da autora identificándose cas mulleres abandoadas.

Os poemas que están postos na boca dos que emigran pódense dividir en dous subgrupos, segundo que estes homes estén aínda na nosa terra anunciando a súa partida ou que xa estén lexos de Galicia.

Dos que representan intres anteriores á partida son exemplos o poema tiduado "N'é de morte" (292-293), no que un mozo despídese dunha moza que lle acababa de decir que ao volvelo a ver ela volvía a vivir, e a segunda parte do primeiro poema dos de "¡Pra a Habana!" (278), ao cal xa fixen antes alusión. Un caso mui

especial é o poema IV de "¡Pra a Habana!" no que os sentimentos do que ao día seguinte marchará de Galicia diríxense a animar aos seus compañeiros.

Xa pra rematar, outros dous poemas están situados lonxe da nosa terra. Así, o tiduado "¿Qué lle digo?" (299-300), no que un emigrante pregunta a outro as novas que éste quere que lle dé á súa muller, xa que o primeiro volve pra a terra.

Un caso mui especial preséntao o breve poema que remata o libro, tiduado "Tan sóio" (310). Nos oito versos de que costa o poema temos unha situación distinta ás xa vistas. Nesta ocasión tanto a muller como o home están lexos da nosa rexión e os seus recordos e futuros descansos non son os mesmos. Eu penso que este poema está posto nos beizos da muller.

Estas diversas casetas pódense representar, nos seus rasgos xerales, nun esquema coma éste:

Puntos de vista
- — Poemas narrativos: refrexan o fenómeno da emigración.
- — Poemas líricos: expresión de sentimientos
  - — as mulleres abandoadas
  - — os homes que emigran
    - — antes de emigrar: en Galicia
    - — despóis de emigrar: fora de Galicia.

2. *Visión da emigración*

Para rematar este pequeno traballo, adicaréi unha atención máis concreta ao tema central do libro que, como xa dixen moitas veces nas liñas anteriores, é a emigración.

Rosalía ve a causa da emigración na pobreza da nosa rexión. Este feito provoca que os homes decidan abandoar esta terra, tal como se ve nos seguintes versos:

"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou..." (278)

Agora ben, Rosalía, aínda que ve a causa deste feito social, non é partidaria da emigración, xa que cree no rexurdir da nosa terra. A emigración non é pra ela a solución da probeza galega. Recordemos algúns versos que corroboren a miña afirmación:

—"¡Valor, valor! I espera, desdichado
mentras teñas aquí
unhas paredes tristes e desnudas..." (283).

—"¡Qué ha de facer, Señor, si o desamparo
ten ó redor de sí!
¿Deixar a terra en que nacéu i a casa
en que espera ter fin?
¡Non, non, que o inverno xa pasóu i a hermosa
primadera vai vir!" (284)

Rosalía considera que o feito de marchar é un gran sacrificio, que costa moito aos homes que se ven obligados a facelo. Esta outra idea é tamén visibre nos seus versos; así, di que a emigración é "Forzoso, mais supremo sacrificio" (279); as despedidas no son alegres certamente: "...¡que tristísimos adioses / se acostuman oír" (283); aos homes que emigran "...os consome / do teu chan se apartar" (286). A actitude dos que teñen que emigrar está maxistralmente dibuxada nestes versos:

"Con malenconía
miran para o mar
os que noutras terras
tén que buscar pan" (289)

Estes homes que emigran fanno ca espranza de volver en pouco tempo a Galicia: "¡I anque ora vamos de Galicia lonxe, / verás desque tornemos / o que medrano os robres!" (280). Agora ben, Rosalía non está mui segura desta volta, senón que máis ben pensa que a emigración será a morte para eses homes:

—"Dentro dun mes, no simiterio imenso
da Habana, ou nos seus bosques,
ide a ver qué foi deles...
¡No eterno olvido para sempre dormen!" (280-281)

—"...din algúns que a morrer van;
¡ai! queren fuxir da morte,
¡i a morte con eles vai!" (294)

A emigración é un feito social no que hai xeralmente unha dualidade mui importante: o que emigra e a que fica en Galicia esperando a arelada volta; é decir, o home e a muller abandoada. Prestaréi atención agora aos rasgos máis característicos do comportamento destas dúas figuras, seguindo sempre as ideas espresadas por Rosalía nos seus versos.

O home, antes de marchar, desexa volver canto antes creendo ademáis que a ausencia non mata os amores que se tén. Mais coido que moito mellor que as miñas verbas, estes versos de Rosalía, que se reproducen a pesares da súa estensión, refrexan os seus pensamentos nese intre:

"Dixeches: "María,
máis dose que as méles,
máis linda que as frores,
paloma sin feles,
non chores, non chores,
que ausencia envivece,
no mata, ni esquece
os doses amores
que a dicha axuntóu.
¡Eu voume...!, mais si ora
delor nos ofrece
fertuna traidora,
jamás te olvidara
quen tanto te adora,
quen tanto te amara.

¡Adiós, miña vida!
No peito escondida
te levo, antretanto
non torno a te ver.
¡Ti espera!, pois xuro
por Dios sacrosanto,
aquí hei de volver" (291-292)
que si non morrer,

Mais despóis o home cambea i esquece á muller, porque un home non pode estar pendente destes feitos: "Dime, meniña, si un home pode / cargar con tantos recordos destos, / e si non debe botalos fora / porque n'estorben no pensamento" (293).

Entón verá a súa estancia lonxe da terra como un estado de libertade:

"...; boi á libertade adoito...
Xa sabes o refrán, meu compañeiro:
a libertá primeiro,
e mellor que alá broa é aquí bizcoito" (299)

Pero, aínda así, o home continúa pensando en que cando sexa vello volverá á súa aldea, "que algo lle hei de levar á terra nosa" (299).

Mui distinto é o comportamento da muller abandoada. Ela vivirá unha vida chea de soedade, de penas e de recordos. Ela será a que verdadeiramente sufrirá a ausencia do seu home sin que naide poda consolala:

"E tés corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará" (280)

di a poetisa falando a Galacia.

Aínda que "eterno cal Dios é seu penare" (288), ela gardará a ausencia do home e non profanará o seu retiro: "...non quero / profanar este retiro, / nin pode o corazón tolo / ser de sí mesmo asesino" (282). Esta muller terá que facer sóia todas as cousas (véxase o poema "Tecín soia a miña tea", páx. 287) e non terá ademáis acougo: "N'acougo cunha inquietude / que non me deixa vivir" (294).

Ademáis de non profanar ese retiro e vivir enteiramente na soedade, cunha enteireza cáxeque espartana está disposta a perdoar ao seu home, e non falará mal del en ningún sitio, como amostran estes versos:

—"¡Pero qué importa ó fin que me vendese,
si eu n'o podo olvidar!
—Anque me odie, e me pise, e me maldiza,
heillo de perdoar" (288)

—"¡Eu marmurar de ti con xente allea...!
Nunca meu queridiño,
que tí es meu home, eu túa muller, e debo
calar a miña dor i os teus desvíos" (300).

O seu dor non será coñecido por naide máis que ela:

"¡Cántas tristezas, cántos
queixumbrosos sospiros
me atormentaron! ¡Cántos,
do meu peito saíron!
Pero todo en sacreto;
que esto a ninguén llo digo" (300).

Esta muller chegará á morte xa que:

"Cando a iaugua das penas
se reverte na copa sin medida,
sóio é remedio a morte
para curar da vida" (298).

Pero antes de chegar este intre, ela terá esperado moito tempo polo seu home: "Todo volve, todo torna, / menos o ben que eu quería" (296); e a súa vida non foi unha vida alegre porque:

"Da esperanza hermosa cortáronme as alas,
e n'hai alegría si n'hai esperanza" (295).

Ao fin, ela morrerá de penas e de dor, esquecida de todos:

"Outros virán profanarvos,
mentras eu morro esquencida" (297).

Finalmente, ademáis desta diferenza de comportamento antre o home e a muller, da cal a muller chega a decatarse ("mais ben sei que ti / non qués de min nin a groria", páx. 294), hai outra diferenza, esposta no derradeiro poema do libro, posto na boca da moza, e no que se di cómo mentras el tan sóio recorda a súa terra, ela recórdase dela e do home. O descanso para os dous non será o mesmo:

"Mais ¡ai! ti nela atoparás descanso,
i eu tan sóio na morte o hei de atopar" (310).

Coido que con estas ideas é xa visibre a ideoloxía de Rosalía sobor dun problema tan importante na nosa terra galega, como é o da emigración.

Dúas ideas, na miña opinión, son básicas; unha é que a emigración fai que o home morra para a muller, a cal queda viuda como o tíduo do libro o indica sinificativamente. A outra é a penosa vida que leva esta muller abandoada, refrexada, mellor que en ningún outro sitio, no tíduo dun dos seus poemas: "Ca pena ó lombo".

XAN VERDINI DEUS
A Coruña

NOTAS ENCOL DA PUBLICACIÓN DE "O LÉXICO DE O GROVE"

Como anexo número 3 da revista VERBA, *Anuario gallego de Filología*, aparecéu no ano 1974 o traballo tiduado *Léxico de O Grove* [1], do que é autora María del Carmen Enríquez. Este traballo forma parte da tesis doctoral defendida pola autora o día 31 de outubro de 1971 no paraninfo da Universidade Compostelá.

O núcleo do traballo é unha esposición, ó longo de 166 páxinas, do lésico das parroquias de San Vicente e de San Martín, que forman o concello de O Grove. O estudio do lésico vai precedido dunha introducción de 25 páxinas, na que se dá unha síntesis dos rasgos caracterizadores da fala de O Grove.

1. O traballo ábrese cun mapa da ría de Arousa e cunha descripción xeográfica do concello de O Grove na que a autora pasa revista ó enclave, clima, estensión, poboación e regulación político-adeministrativa, xudicial, militar, docente, naval e eclesiástica. Fai, asimesmo, un estudio da economía da bisbarra, basada, ante todo, na esplotación marisqueira e pesqueira, non en van O Grove conta cunha frota dun milleiro de barcos aprousimadamente, que se adican ó cerco, ó xeito, ó palangre, ós trasmallos, ás raeiras, ás nasas de langosta, á xábega e ó cordel, así como á captura de marisco —ostra, ameixa, navalla, berberecho, etc.

2. Neste concello dáse o contacto antre dúas línguas: o galego e o castelán, e, lóxicamente, amóstranse na fala moitos casos de interferencias lingüísticas. A autora chega a decir: "El gallego está tan contaminado por el castellano que, en muchas ocasiones, no se puede precisar si el hablante emplea un gallego contaminado por el castellano o un castellano estructurado en gallego". Esta afirmación parécenos un pouco esaxerada, pois, se ben o galego da bisbarra atópase xa en moitos casos asulagado por unha marea de lésico castelán, non se pode falar nestes termos cando se estudia o infruxo do castelán na estructura gramatical do galego (e non esquenzamos que son, por riba de todo, as estructuras gramaticales as que dan o tinte a unha língua), por sé-lo avance do castelán bastante máis pequeno neste campo, aínda que non se poida negar tamén aquí a súa presencia amiazante.

Dos castelanismos que aparecen no lésico entresacamos algúns:

[1] ENRÍQUEZ, María del Carmen: *Léxico de O Grove*, anejo 3 de la revista *Verba, anuario gallego de filología*, Universidad de Santiago de Compostela, 1974.

A diptongación *-ie-* en verbas que o galego non ademite ésta: *balięnte, bisięsto,* etc. Non faltan casos de ultracorrección e, ó mesmo tempo, cruce co castelán: *biejés* (cast. "vejez").

O diptongo *-ue-* en verbas que o galego non o coñece: *verjuęnsa, consuelo, fuęjo,* etc.

O resultado do sufixo latino *-arium, -aria* é en galego *-eiro, -eira* (cfr. *nebuęiro, nesporęiro, ombreiro, orballęira*) e non *-ero, -era,* resultado do castelán, que aparece en verbas como: *bisujęera, pamplinero, secadęro.*

Casos de falsos galeguismos como: *baraxar, conexo, cuchilo* (formado sobor do cast. *cuchillo*), *cuchęra* (cruce do cast. *cuchara* e do gal. *cullęra*), frente ás formas propias do galego: *barallar, coello, coitelo* e *culler.*

As formas castelás levan camiño de suprantá-las galegas na denominación dos días da semán: *lunes* en vez de *lúns, miércoles* (cfr. diptongo *-ie-*) ó lado de *corta fęira, juęves* (o resultado galego sería *xoves*) ó lado de *quinta fęira, biernes* (cfr. diptongo *-ie-*).

Unha chea de verbas de todo tipo están a pasar do castelán ó galego: *árbol* (forma sobor da que se formóu *árbolo* co morfema de xénero masculino *-o*), *paloma, crudo, nudo, codo, cuento, fuerte, alumbrar,* etc., frente ás voces patrimoniales galegas: *arbre, pomba, cru, no, cóbado, conto, forte* e *alumear.*

Coidamos que as interferencias lingüísticas na estructura gramatical teñen unha trascendencia moito meirande no caso contrario: no do castelán falado polas persoas nadas no ambiente galego.

A autora fai, dentro dos galego-falantes, unha clasificación segundo a edade, a situación social e a parroquia a que pertecen. Sinala tres factores de lingüística esterna que contribúen a que decaia o número de falantes do galego.

2.1. A emigración interior e esterior. Cando os emigrantes voltan prás súas casas veñen a falar en castelán, anque procedan dun país estranxeiro onda ninguén o fale. Esto débese ó que X. Alonso Montero chama: *O alleamento dunha gran parte da poboación galega.* Segundo Alonso Montero "os pais e fillos, cada ún á súa maneira, razonan de este xeito:

a) O galego, máis auténtico, máis vivo, máis rico, non promociona socialmente, non confire prestixio.

b) Falar en castelán é meterse, sin máis, no mundo dos mellores.

c) ¿Quénes son os mellores? Os que teñen cartos, ou os que teñen poder, ou os que teñen berce esgrevio, ou os que teñen postos altos.

d) Ás veces, moitas veces, abonda con ter diñeiro pra ter berce esgrevio, postos altos e poder.

e) En cualqueira parte do mundo certos homes percuran distinguirse de outros homes e, pra elo, botan man do vestido, do léxico escolleito, dos ouxetos de uso e dos adornos. Pra conseguir esto compre ter cartos pois cos cartos consigue ún cousas e aparencias vedadas ós sin cartos

f) De súpeto en Galicia, cun pouco de xeito, pode ún acercarse ós que son 'máis que ún' pola vía da fala" (*O que compre saber da língua galega,* edit. Alborada, Buenos Aires, 1969, páx. 15).

2.2. O turismo. No vran moitos nativos falan castelán, pra se faceren máis accesibles ós clientes.

2.3. Os meios de comunicación social (prensa, radio e televisión) e o cine, que transmiten a meirande parte da súa información en castelán.

3. Fonética.

3.1. Vocalismo:

Casos de aféresis ou perda dunha vocal no principio da verba: *badexo, bruño.* Tamén se dá o caso contrario de prótesis en verbos, nomes e adxetivos: *ajomitar, arrabear, anublarse, apescudar, alejía, afarta, arrenejado...*

Casos de síncopa ou perda dunha vocal no meio da verba: *broa* en vez de *boroa.* Tamén casos contrarios de vocales anaptíticas: *birilę* ("determiñado xogo de pelota"), *barizias* ("varices"). Ás veces conviven a forma sincopada ó lado da non sincopada: *nespręiro* ó lado de *nesporęiro.*

Son moitos os casos de *-e* paragóxico, principalmente nas verbas rematadas en *-r*: *coladore, colliflore, arrincare, bebere, berrare,* etc.

Atópanse abundante casos de metafonía vocálica: *anamorado, anano, bistir, culludo,* etc. En xeral, as vocales átonas teñen moi pouca persoalidade fonética, segundo se nota en verbas coma: *calibęra, bendisir, birbiricho, bisujęra, chaminea, bóbida da boca* ("padal"), etc. Esta inestabilidade ten vixencia incruso no caso dos diptongos (así, ó lado de *bailar* atópase *beilar*).

3.2. Consoantismo.

3.2.1. A geada é total na fala de O Grove. Aparece incruso no grupo *-ng-*, no que, aparte da realización fonética [ŋg], dáse o enxordecemento do segundo elemento do grupo con dúas variantes: unha fricativa, velar, aspirada, xorda [ŋg], e outra oclusiva, velar xorda [ŋk]. Vemos pois a coesistencia de tres variantes fonéticas [ŋg], [ŋx], [ŋk], mostra crara da inestabilidade neste intre da fala estudiada, inestabilidade que dá lugar á formación de tripletes en verbas coma: *palancana / palangana / palanjana, sancre / sangre / sanjre, franculla / frangulla / franjulla,* etc.

3.2.2. O seseo dáse de maneira xeral na parroquia de San Martín, tanto en posición silábica implosiva coma esplosiva. De outro xeito, na parroquia de San Vicente, aínda que o seseo é xeral en posición final, sóio aparece en raras ocasións en posición medial (*posillo, poso, tasa,* etc.), e nunca en posición inicial. Atópanse tamén algúns casos de ceceo por ultracorrección: *zęsos* ("sesos"), *zaliba* ("cuspe"), etcétera.

Bótase de menos un análisis fonético da geada e do seseo. ¿Qué realización fonética reciben estes dous fonemas?, ¿é o *-s-* apicoal-

veolar ou predorsal?, ¿é a geada forte [x] ou débil [h], ou conviven as dúas formas dando lugar a un estado polimórfico deste fenómeno? Non esquenzamos que a meirande parte dos cámbeos fonéticos pasan por un estado de polimorfismo, e, a miudo, o estudio de este estado permítenos ollar os vieiros que está a percorré-la la língua.

3.2.3. O yeísmo ou non distinción dos fonemas /l/ e /y/ dáse na parroquia de San Martín, non así na de San Vicente, onde moita xente distingue as dúas unidades fonéticas. O problema do yeísmo vai fondamente vinculado ó problema xeneracional: este fenómeno, que leva camiño de conquistar toda Galicia nun prazo moi breve, é cáseque xeral na xeneración máis xoven de toda a rexión galega; lóxicamente, a xente nova da parroquia de San Vicente non é allea a esta tendencia.

3.2.4. Rotacismo de /-l/ (-l > -r): *arbañil*. O /r/ e o /l/ neutralízanse a miudo en posición implosiva: *colcho* ("corcho"). Rotacismo de /-s/ (-s > -r) non sóio dediante de consoante sonora (*derde, murlo, ermajar*...), senón tamén dediante de xorda: *dercubrir, erfollar, arrierjarse, xurjado* (de un *xusjado*).

3.2.5. Os grupos cultos *ct, cc* ofrecen dúas solucións: a) a da vocalización do primeiro elemento do grupo en *u*: *defęuto, aspęuto, caráuter, ausión* ("acción"), *ousidente* ("occidente"), etc.; b) a eliminación do primeiro elemento: *defęto, aspęto, caráter, asión, osidente*, etc.

3.2.6. Casos de metátesis, tanto de vocal coma de consoante: *anemorar* por *enamorar, croba* por *cobra*.

4. Morfoloxía.

4.1. Os sufixos latinos *anu, -ana* dán sempre o resultado *-an*, tanto pró masculino coma pró femenino: *bran* (mas.), *man* (fem.), *irmán* (masc. e fem.).

4.2. Na morfoloxía verbal son de notar tres características:

4.2.1. O morfema *-ín* prá primeira persoa de singular do pretérito absoluto de indicativo, non sóio nos verbos en *-er, -ir*, senón tamén, en moitos casos, nos verbos en *-ar*, trocándose co morfema *-ei*: *cantín / cantéi, botín / botéi, falín / faléi*.

4.2.2. O morfema *-stes* prá segunda persoa de singular do pretérito absoluto: *calastes* ("calaches"), *quixestes* ("quixeches"), *pidistes* ("pidiches").

4.2.3. Casos de conservación na parroquia de San Vicente de formas do participio presente latino: *justante* ("con agrado"), *falante* ("falador"), *boante* ("voando"), etc.

5. Língua espresiva.

5.1. Son abundantes as locucións de diverso tipo:

— en función verbal: *barrerse o mundo* ("perdé-lo conocemento"), *baté-las queixadas* ("tiritar"), *alterarse o sangre* ("excitarse"), *andar á abisca* ("estar expiando"), *andar nas falas* ("ser criticado"), etcétera.;

— en función adxetiva: *cara de fame* ("fraco"), *cara labada* ("cínico"), *cara de rosa* ("guapo"), *abęrto de man* ("espléndido"), etc.;

— en función sustantiva: *aire de jata* ("gómitos dos nenos pequenos"), *cu de sesta* ("cu grande"), *pę damijo* ("tentemozo colocado por baixo dos bancos da dorna"), etc.;

— en función adverbial: *nin rabo de peixe* ("absolutamente nada"), *ó pé da letra, nun instantiño,* etc.;

— en función interxectiva: *mala chispa* ("¡qué desgracia!"), *nunca se veu* ("non é pra tanto"), *malorraio te parta* ("ogallá morras"), etcétera.

5.2. Formacións léxicas festivas: *apoltroado* ("cómodo"), *atobado* ("deitado"), *bandayęiro* ("desordenado"), *barbayoęiro* ("sucio"), *viralatas* ("de carácter e temperamento variable"), *fiyo de pǫrta abęrta* ("fillo natural"), *mexona* ("bincha que supura"), *cacar* ("cagar").

5.3. Son numerosas as voces interxectivas referidas ós animales: pra meté-las galiñas no galiñeiro dise *axe,* e pra chamalas, *churra.* Pra chamá-lo porco, *curricha,* e pra metelo no cortello, *axee.* Pra chamá-lo gato, *miquiño* ou *michiño,* e pra facelo marchar, *jachi.* Pra facer marchá-lo can, *isca, lisca.* Pra chamá-los pitos, *pi pi,* etc.

6. A presentación esterna do traballo.

6.1. Indicación ó lado das formas, en primeiro lugar, da categoría da verba: sustantivo (s.), adxetivo (adj.), verbo (v.), locución adverbial ou prepositiva (loc.). En segundo termo figura a indicación do xénero (m. ou f.) e do número, cando aparece en plural (pl.).

6.2. Transcripción fonolóxica, non fonética. As peculiaridades máis sobresaíntes son: o emprego de /b/ prás grafías *b, v.* O /j/ corresponde ás grafías *g + a, e, i, o, u,* que se pronuncian co son [x], por tratarse dunha localidade de geada. No traballo mantense a grafía *ll* nas verbas recolleitas na parroquia de San Vicente, e a grafía *y* nas orixinales da parroquia de San Martín, que son falantes yeístas. Na transcripción fonolóxica non se rexistra o *h* por non ter entidade fónica propia e carecer de valor distintivo. O *c + e, i,* correspondente ó son [θ] aparece transcrito *z + e, i.* Sinálanse as vocales tónicas abertas, e déixanse sen marca as átonas e as tónicas pechadas.

6.3. As verbas que non son comúns á totalidade do concello van sinaladas coa indicación do nome da parroquia na que foron recolleitas. Esto é de suma importancia pra estudiá-las diferencias lingüísticas das dúas parroquias, que responden a dous xeitos de vida distintos: ún agrícola-gandeiro (San Vicente), outro mariñeiro (San Martín).

7. Estamos dediante dun traballo moi útil pra vé-la vida das verbas, as dúbidas no seu desenrolo propias dunha época de inestabilidade da língua, inestabilidade manifesta na abundante mostra de poliformismo: vacilación no timbre do *e* tónico no diptongo *ei,* [ęi], [ęi], [ęi], [ęi], anque a forma máis abundante sexa, segundo a autora, a de timbre aberto; vacilación nos diptongos átonos (*bailar /*

beilar); vacilación nas vocales átonas (*atrebemento / atrebimento, zaręixa / zerężxa / sereixa*, etc.); dobletes nos grupos cultos (*aspęto / aspęuto, caráter / caráuter*, etc.). Sería interesante estudiar esta inestabilidade e a preferencia por unhas formas ou outras en función da edade, o status económico e o ambiente cultural do falante. O fenómeno do polimorfismo está axudado pola presencia contínua do infruxo castelán, que cada vez con máis forza penetra na fala destas xentes. Agradécense, derradeiramente, algunhas notas etnográficas que a autora vai ciscando a traverso de todo o traballo.

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Santiago

OSSIÁN EN WETZLAR E CARLOTA EN WEIMAR

O tíduo deste artigo non nace dunha ocasional hora de pedantería. Nace de que eu remato de ler un libro, unha cuasi-novela de Thomas Mann, tiduada *Carlota en Weimar*, escrita no ano 1940, pro que deica agora non chegara ás miñas mans. A Carlota de quen falamos é a Carlota de "As penas do xoven Werther", quen un día do setembro de 1816 chega a Weimar acompañada dunha filla súa, solteira. A dilixencia párase na plaza do Mercado, diante do famoso hotel "O Elefante". Carlota viaxóu a Weimar coa escusa de saudar a unha irmá, pro o verdadeiro fin da viaxe é, sin dúbida, o atoparse co conselleiro privado, S. E. Goethe. O señor conselleiro privado fai dous meses que enviudóu de Christine Vulpius. Carlota tivo noticias. Os dous viudos van a saudarse, quizáves a ter algunha conversa en segredo. Polo "Werther", toda Alemania coñecía a Carlota, viuda Ketsner, nacida Buff, de Wetzlar. ¿Sabemos ben cánto do xoven Werther sigue vivindo no conselleiro Goethe?

O tema foi estudado máis dunha vez, e é o que Carlota Ketsner vai averiguar en Weimar. ¿Verdadeiramente foi amada como se conta no libro famoso? Coida que leva nunha das súas grandes maletas o talismán que pode revelarlle a verdade, aquel traxe branco adornado con laciños coor rosa pálido, que vistíu no famoso baile no que tanto danzóu con Werther. O apaixoado mozo foi agasallado cun dos laciños. ¿Conservaraio Goethe? Cando Carlota se atope con Goethe en Weimar, levará posto un traxe igual ao do baile, pro cun laciño menos. ¿Decatarase Goethe, lembrará? Estamos en 1816, e o baile foi en 1772.

Pasaron corenta e catro anos. Carlota doulle once fillos ao señor Conselleiro Áulico Ketsner, que groria teña. Os amores de Goethe foron moitos, e aínda, aos setenta e catro anos, en 1823, vaise namorar de Ulrica von Levetzow, que aínda non cumpríu dezaoito, e chegará e pedila en matrimonio, aínda que a boda non chegue a celebrarse. Goethe anda a bicar as mans de Ulrica e a chorar. Agora, de vello, ten a mesma facilidade pra as bágoas que o xoven Werther. En fin, na "Elexia de Marienbad", pediralle aos amigos que o deixen soio, nun verso con resonancias ossiánicas: "¡Deixaime soio, fideles camaradas / entre as rocas, o pantano e o mofo!". Quizáves aínda sexa máis ossiánico como Carmen Bravo Villasante traduce ao castelán: "solo entre las rocas y el musgo verde".

No texto correspondente ao 12 do outono do "Werther", éste, é decir, Goethe, confesa que Ossián, —os poemas ossiánicos de Macpherson—, desbancóu a Homero no seu esprito, e dícenos en qué consiste o sublime encantamento: "Vagar polas uceiras, aspirar o vento de tormenta que columpia nas nubens as sombras dos antepasados ao pálido luar: escoitar queixarse a voz do rego do monte

nas fervenzas, e os laios xordos dos espritos nas súas covas, e as queixas da moza que agonía ao pé de catro pedras cobertas de mofo, sob as que descansa o heroi grorioso que foi o seu amante". Sí, ahí están as rocas e mailo mofo. Ossián entusiasma a Werther coma ningún heroi homérico. O fillo de Fingal vai soio deica á campa, e a herba dos campos polos que camiña é doblegada polos seus pés despóis de ser inclinada polo vento. Werther soña con desenvainar a espada, e librar ao seu príncipe das angurias da vida, feríndose logo a sí mesmo pra que a súa alma siga a do heroi liberado.

Pro, a meirande emoción ossiánica prodúcese na derradeira visita que Werther fai a Carlota o 21 ou 22 de decembro, a víspera do suicidio. Goethe ten, quizáves, un modelo literario, que o será Paolo e Francesca no canto V do Inferno, da "Comedia" do Dante: "Noi leggevamo un giorno per diletto / de Lanciaiotto come amor lo strinse"... Como Paolo e Francesca de Lanzarote, Werther lé con Carlota as traduccións que el mesmo fixo dalgúns cantos de Ossián. Paolo e Francesca bícanse cando chegan a ler coma dama Xinebra e Lanzarote se bicaron: "Quando leggiamo il disiato riso / esser baciato... la bocca mi bació tutto tremante". Paolo e Francesca e Carlota e Werther, poden decir con razón conxuntamente o primeiro verso do penúltimo terceto do canto V: "Galeotto fu il libro e chi lo scrisse". A Celestina foi o libro. En Francesca hai unha doce serenidade de amor, o gozo do calmo aloumiño, a desexada sorrisa, il disiato riso, que folga nos beizos, na boca aberta de Xinebra. Amor carnal e non por eso menos puro. Pro en Carlota e en Werther o que se bican son as bágoas e a desesperación. Werther estaba lendo: "Ti aloumíñasme e dices: traio conmigo a rosada do ceo, pro axiña me mucharéi, que a tempestade que xa se amosa arrincará as miñas follas. Cando mañán chegue o viaxeiro que me coñecéu en toda a miña beleza, buscarame e buscarame por toda parte, e non me atopará". Carlota comprende que Werther vai deixar voluntariamente a vida, e é entón cando se abrazan e bican. O bico de Paolo e Francesca foi unha doce e confiada entrega, pro os de Carlota e Werther son "frenéticos bicos de beizos que treman, de bocas que balbucean verbas entrecortadas". En verdade que nunca houbera podido sospeitar esta escea o pastor Macpherson cando lle inventaba cantos ao antigo Ossián.

En fin, Carlota xa está en Weimar. A xente apíñase diante do hotel "O Elefante" pra vela entrar e saír. ¡Lote, a Lote de Werther! Van pasados tres ou catro días, e a Señora Conselleira Áulica viuda Ketsner, é convidada a un almozo por S. E. o Conselleiro Privado Goethe, un Werther que ao fin non se non quitóu a vida, aínda que houbo mozos que se suicidaron porque Werther se suicidóu. Goethe conserva o laciño coor rosa pálido do traxe do baile de Wetzlar, e no libro de Mann hai unha deliciosa escea, cando Goethe espera a que Carlota salla do teatro, de ver representar a traxedia "Rosamunda" de Teodoro Körner. Goethe prestóulle o seu coche á señora viuda Ketsner, un coche coa cabina tapizada de azul, o coche das viaxes de Goethe, cunha mesiña pra escribir. E namentras Carlota chora con "Rosamunda", Goethe aparece e séntase no coche, a agardala. Cando rematada a función, Carlota entra

no coche, decátase de que non viaxa soia, que Goethe está alí, agardándoa, mirando pra ela cos seus ollos escuros, mui abertos, e cunha expresión maliciosa.

—¡Boas noites, querida!, dixo, "coa mesma voz con que antano leía a Ossián e a Klopstock", soliñará Mann.

A escea quen a comenta millor que ninguén é o maiordomo Mager, do hotel "O Elefante", cando o coche de Goethe se detén diante da porta e Carlota baixa. Ela queda vendo coma o coche se perde na noite, e Mager comenta:

¡Gracias sexan dadas ao ceo, señora Conselleira Áulica! Perciso é recoñecer que axudar á Lota do "Werther" a baixar da carroza de Goethe é unha aventura, ¿cómo decilo?, dina de figurar nun libro."

Craro que sí.

ÁLVARO LABRADA
Vigo



ALGUNHAS REFLEXIÓNS ENCOL DA ECONOMÍA GALEGA

INTRODUCCION

Non hai dúbida que hoxe os problemas socioeconómicos e culturáis de Galicia son obxeto dun innegable interés. Cáseque nunca, como agora, tivemos concencia os galegos da nosa propia situación. De feito todo parece indicar que a concencia colectiva de Galicia encomeza a manifestar unha crecente sensibilidade ante o feito do noso atraso económico. Galicia, nos momentos actuáis, está deixando de ser considerada como un país eminentemente feiticeiro ou misterioso, de paisaxes poéticas e numerosas supersticións, como o presentan innumerables tópicos que decote esistiron sóbor da nosa terra e os seus habitantes. A realidade galega emprincípiase a ver e contemplar dun xeito máis riguroso e certo, pois os tales tópicos, anque con certa base real nos nosos costumes e tradicións populares, desdibuxan as características máis relevantes e os problemas que máis angurian ás nosas xentes.

Tratar de ofrecer unha visión o máis obxetiva posible da totalidade dos problemas económicos de Galicia non resulta moi doado, mais nós imos tencionar unha pequena reflesión sóbor dos que persoalmente consideremos máis relevantes.

GALICIA: UN PAÍS SUBDESENVOLTO

Cando se fala do atraso ancestral da economía galega —cousa ben certa pra calquer mínimo coñecedor da nosa realidade— adúcense múltiples e non precisamente rigurosas esplicacións: que Galicia é unha das terras da Península Ibérica máis probes e que a falta de abandosos recursos non lle permite acadar un nivel óptimo de desenvolvimento económico. Mais non é menos certo que esisten diversos informes técnicos —incluso de organismos internacionais— que nos demostran o contrario. Galicia é, segundo estes informes, unha das áreas da Península con maiores posibilidades naturais pra encomezar unha esplotación e transformación racional dos seus recursos e materias primas. Algo pasa, pois, pra que, sendo potencialmente as nosas terras das máis ricaces, non nos sexa posible sacar un maior proveito delas. Máis adiante veremos por qué acontece así.

Tense dito tamén que un dos atrancos do noso desenvolvimento radica na mesma infraestructura xeográfica, que a mantivo alonxada durante séculos das correntes que motivaron o progreso noutras terras, debido á súa situación periférica un tanto excéntrica e ás súas dificultades orográficas. E certamente, aínda hoxe, a pesares do profundo cámbeo operado nas técnicas de comunicación e relación económicas non deixa de ser un claro síntoma do noso atraso económico. A constitución xeolóxica e a conformación topo-

gráfica non fan moi doadas as comunicacións no interior nin co resto da Península, a escepción das comunicacións marítimas pra as que Galicia posee unha situación de privilexio. Se como di Lamour: "as vías de comunicación constituen o sistema sanguíneo do corpo económico", imponse unha urxente mellora e modernización das mesmas. O que os planificadores franceses chaman "aménagement du territoire" presenta moitas lagoas en Galicia.

A economía galega estivo moi ao marxe dos grandes cámbeos que supuxeron a aparición dos sistemas económicos máis importantes hoxe en día: o Capitalismo e o Colectivismo. A nosa economía é eminentemente precapitalista polo seu caraute estacionario e incluso regresivo nalgúns sectores como os que constituen o mundo rural. Segundo Castelao: "Galicia é un país precapitalista que está poboado por traballadores que viven dun mísero xornal que sacan da terra ou do mar, sin industrias dabondo pra absorber o escedente da poboación campesiña ou mariñeira cun déficit pecuniario constante que se resolven pacíficamente por medio da emigración".

Atopámonos, xa que logo, cunha estructura económica cuios rasgos principais veñen xa dende a Edade Media e principios da Moderna. E é aquí precisamente onde ten o seu orixe o atraso ancestral ou estancamento da economía galega. Xaime Isla recórdanos que: "A asimilación e incorporación do reino de Galicia pola coroa de Castela supuxo a desarticulación dun sistema propio e en evolución, aberto pouco tempo denantes ás correntes europeas ao traveso do Camiño de Santiago, que constituía, de aquela, un foco dunha gran cultura peculiar e universalista á vez".

Nesta época Galicia queda amputada, por séculos, dos seus dirixentes naturais que son sustituidos por funcionarios reás encarregados de facer xusticia e arrecoudar os trabucos no nome dos chamados Reises Católicos. Non esquezamos tampouco que pouco denantes resultará fallido o intento revolucionario do campesiñado galego protagonizado polos IRMANDIÑOS, anterior aos movimentos comunáis que xurdiron despóis en España e incluso en Europa. Galicia convírtese así nun pobo de rendeiros, avasallados por poderes alleos, polo que os homes de traballo máis decididos non tiveron outro camiño que o da forzada emigración.

Deste xeito, a nosa economía paisana, tarada por múltiples cárregas, mantense deica os nosos días como unha economía predominantemente rural, autosuficente. Mesmo por eso, desconsideradas as institucións consuetudinarias peculiares que, segundo os "modelos xurídico-agrarios" do mundo, servían á conservación dunha esplotación de tipo familiar e aínda comunáis, o suficentemente rentables de aquela. A aplicación do dereito común de Castela favorecéu a pulverización do noso chan provocando o actual minifundio que constitue un dos máis importantes obstáculos pra a mellora e tecnificación de noso agro, caracterizado por minúsculas e infindas parcelas e esplotacións agrarias non rentables. A economía rural galega é cerrada porque —en palabras de Cruz Gallástegui— "consume e vende somente o escedente conseguido a forza de traballo e privacións pra poder mercar outros productos: vestido, abonos, sementes ou pagar trabucos".

A SOCIEDADE URBÁ E INDUSTRIAL

Vistas xa as características fundamentáis da nosa economía rural, convén sinalar agora as da economía industrial radicada nas nosas máis importantes zonas urbás, o mesmo que a interrelación esistente entre ambas as dúas.

A economía industrial galega, que é de escasa importancia en comparanza coa de outras áreas españolas, realiza en Galicia, tal como está incrustada, un papel pouco favorable pra coa maoiritaria comunidade campesiña: debilítaa en vez de fortecela. O capitalismo que sin dúbida posue unha poderosa dinámica de crecimento inmediato, non se revela, en cámbeo, como o sistema máis axeitado pra transformar o benestar xeral da comunidade, porque non leva aparelladas unhas leises de distribución da riqueza, que actúen cara un reparto cada vez máis equitativo da mesma. A esperencia pon de manifesto que, en xeral, os núcleos de organización capitalista introducidos en zonas atrasadas "rara vez transforman as estructuras tradicionais nun sentido progresivo —como resalta Furtado— como tampouco a organización capitalista tivo repercusións moi importantes na economía local".

Esto sí que esplica o atraso da economía galega porque Galicia non é un país probe senón empobrecido, cun sector industrial non moi relevante, pero sí o suficente como pra non permitir doadamente o desenvolvimento da zona rural. Ambas as dúas realidades condiciónanse mutuamente, "vencelladas nunha dialéctica difícilmente reversible —segundo a denomina Beiras—, posto que a sociedade moderna resulta en certo xeito un corpo estrano ao país no que se encrustóu". "En lugar de vigorizado, sector por sector —continúa Beiras— produce unha transformación progresiva do mundo rural na que non hai senón demolición e conflicto".

Os enclaves da economía capitalista operan nas zonas deprimidas perpetuando e facendo máis acusada a dependencia de éstas, en vez de irradiar o desenvolvimento económico na área precapitalista da sociedade dual, xa que coesisten dous tipos de sistemas económicos distintos. Ou sexa, que Galicia padece o que se coñece hoxe como "colonialismo interior". O sistema capitalista dominante nestes casos dispón dunha maior capacidade de presión, ao non esistir as fronteiras que separan aos actuales estados soberáns entre sí no neocolonialismo internacional, ou o que Theotonio dos Santos denomina "a nova dependencia". Deste xeito as economías atrasadas nin siquera dispoñen da relativa defensa que, no outro caso, supón unha fronteira política e arancelaria.

O DIVORCIO INSTITUCIONAL

Resulta lóxico que nunha situación conflictiva deste tipo se revele incluso a nivel das superestructuras xurídicas e institucionáis. O marco institucional vixente no mundo rural galego refuga, pola disociación esistente, as institucións impostas de maneira uniformista e centralista. A unidade económica en Galicia é a casa familiar e o grupo transfamiliar é a parroquia. Ambas as dúas institucións non teñen recoñecida persoalidade formal no orde administrativo e, pola contra, sí a ten o axuntamento. Noutros lugares de España o axuntamento pode constituir, e de feito o constitue a verdadeira comuna campesiña; pero en Galicia éste non presupón na sociedade rural agrupación real algunha porque só

abrangue parroquias distintas e esparexidas espacialmente que non poden ter una estricta comunidade de intereses.

Na actualidade, polo tanto, siguen esistindo institucións peculiares que reclaman evolución que, por outra banda, non se está producindo, porque se tropeza con múltiples eivas. Esiste unha compilación de Dereito foral galego, de escasa ou nula influencia no xeito de vida rural. Trátase dunhas institucións consuetudinarias que o que precisan son unhas canles pra o seu desenvolvimento e evolución, e non unha simple cristalización en normas legáis, como así se fixo.

A EMIGRACIÓN

Anque falar de emigración en Galicia xa cáseque resulta tópico, con todo, é aínda o problema máis grave e antigo da nosa economía. Deica o punto de que a totalidade dos problemas económicos e sociáis de Galicia pódense referir globalmente ao da emigración. Non é a nosa pretensión aquí e agora darlle máis voltas ao que reiterativamente vense decindo encol do tema sin terse resolto aínda nada. O que a nós nos interesa é situar este fenómeno nas condicións sociais e económicas xa sinaladas anteriormente.

A emigración, como tal, non é outra cousa que ese movimento de transformación dunha forza de traballo liberada das relacións de producción precapitalista que se vai sometendo a unhas novas de tipo capitalista ao ser, nin máis nin menos, que unha cesión de man de obra dos países ou áreas subdesenvoltas a outros máis progresivos económicamente (téñase en conta que nos estamos a referir ao mundo occidental e as formas progresivas de desenvolvimento capitalista). A OCDE estima en doce anos a amortización do "custe de producción" dun home mozo de dezaoito anos nun país desenvolto de Europa. Os obreiros inmigrantes nos dez países desenvoltos de Europa, que teñen sobrepasado o millón anual, supoñen un colosal regalo dos países probes aos ricos na medida en que éstes podan absorber este trasvase de poboación activa. O perigo actual dun retorno masivo dos nosos emigrantes, ou a desaceleración no ritmo deste fenómeno é aínda, se cabe, máis preocupante pola ameaza que supón o paro de tantos traballadores como os que foron emigrando deica agora.

Os que denantes morrían nun sistema que a duras penas garantizaba a súa subsistencia, hoxe emigran se lles é posíbel. As xentes destes países atrasados estaban sometidas á fame, epidemias, etc., e agora van, ou ao menos percuran manterse, alí onde o capital reclama a súa forza de traballo como unha mercancía máis no mercado de traballo capitalista. Hastra o punto de que en Galicia se creóu algún centro de ensino pra preparar a xóvenes especialistas en diversas ramas da mecánica e outros oficios técnicos pra logo seren enviados, tan axiña como consiguen graduarse, a diferentes países. "Esta política, segundo Cambre Mariño, por moita tinta que se gaste en presentarlla aos galegos como un logro positivo e beneficioso non pode deixarse de ver como o que realmente é: unha factoría pra a esportación na que os bens producidos non son automóvis, frigoríficos ou zapatos. Os productos esportables son, neste caso, homes".

¿A INDUSTRIALIZACIÓN, UNHA ALTERNATIVA?

E é precisamente esta problemática xeral que aquí plantexamos a que esplica a aparición de distintos intentos por resolvela, con mellor ou peor acerto, tanto a nivel teórico coma na praxis. Unha destas alternativas é a da industrialización a ultranza, o máis acelerada posible, precisamente porque aquí, como na xeneralidade dos países subdesenvoltos, a palabra industrialización suscita unha idea un tanto mística e salvadora, á que se lle atribue un benestar económico e social que escede ás súas posibilidades reás. Non faltan quenes, por elo, pensen na urxente creación de novas industrias e a espansión das esistentes que encanlen os recursos propios: enerxía, man de obra, primeiras materias, etc. É decir, un maior fortecimento do capitalismo en Galicia coa creación de novas fontes de riqueza esquecendo, prácticamente, a potenciación das esistentes. Concretamente en vez de manter e desenvolver as propias estructuras nun proceso de desenvolvimento económico que, entre outras cousas, supoña un crecimento da producción industrial o mesmo que da agraria, o que se pretende, ao parecer, é aniquilar progresivamente o mundo rural, nesa dialéctica que suliñábamos, facendo artífices, pero non beneficiarios, do crecimento industrial aos paisáns galegos. Porque... ¿a industrilización é o medio pra desenvolver un país ou é unha manifestación, e polo tanto consecuencia, do propio desenvolvimento económico que se está producindo? ¿Non son precisamente os países más desenvoltos os que, polo feito de selo, son á vez os máis industrializados? O desenvolvimento económico pode potenciar, e potencia de feito, uns sectores industriais e de servicios cada vez máis preponderantes na producción ou na renda sin marxinar o sector agrario. Mentras que a industrialización pura e simple, mellor diríamos o industrialismo, ao máis que pode chegar e a un crecimento económico. A diferencia máis clara entre crecimento e desenvolvimento é que o primeiro non implica o cambio social que supón o segundo, senón que se produce como consecuencia dunha progresiva acumulación de recursos en cada vez máis reducido grupo de elementos que inciden no proceso de toma de decisións.

Ninguén discute, por exemplo, que o crecimento industrial español se producíu a costa da absorción de recursos económicos e humáns procedentes do sector agrario mentras que os problemas do mesmo fóronse agudizando. Precisamente agora é cando dun xeito claro a escasez de productos de primeira necesidade así como unha adulteración dos mesmos que resulta inadmisible despóis de tanta industrialización, si temos en conta a situación da industria española de fai quince, vinte ou trinta anos coa actual. ¿E este é o modelo que se pretende pra Galicia onde a pesares do encarecimento dos productos agrarios, como dos industriais, os precios en orixe prácticamente non variaron?

Estas limitacións da industrialización pura e simple son as que —ademáis do custe social que supón a degradación do medio ambente cando o que se pretende é a instalación de industrias contaminantes refugadas de outras zonas— están acelerando o proceso de toma de concencia da colectividade galega que encomenza a recelar dunha industrialización imposta dende fora, que máis que potenciar os recursos propios ameaza con destruílos. Téñase en conta que, salvo contadas escepcións, carecemos en Galicia de indus-

trias de productos rematados e totalmente galegos que permitan un valor engadido importante e que se orixina nas que radicadas fora de Galicia, absorben os nosos recursos e productos semirrematados. ¿Cómo se instala unha central de enerxía eléctrica de orixe termonuclear como a de Xove? ¿Non sería máis lóxico a súa localización alí onde os recursos hidráulicos non sexan tan abondosos como o son en Galicia e onde xa vimos esportando un 60 por 100 de enerxía hidroeléctrica?

Por todo elo, a única industrialización que creemos válida en Galicia será aquela que xenere un valor engadido suficiente que contribuia ao noso despegue económico, empregue os factores de capital e traballo na mellor proporción que se adapte ás esixencias de Galicia, potencialice as producciòns agrarias e as transforme, manteña o equilibrio ecolóxico do xeito más idoneo posible e que, finalmente, sexa consecuencia dunha planificación económica da nosa terra. "Unha planificación normativa, suxeta a control democrático, feita e executada dende Galicia e integrada nunha instancia superior" —é a que urxe aplicar segundo o criterio, por exemplo, de Xosé M. Beiras— porque "este é o esquema que parece máis razonable dende Galicia. Galicia, onde ninguén esquece que estamos na época de formación dos grandes espacios económicos e políticos, e que unha actitude desintegradora carecería de senso. Pero aquí ninguén tampouco esquece que os grandes espacios teñen de formarse por integración, a partir dos países diversos que siguen constituindo a base humá máis viva e máis habitable, se queremos unha sociedade razonable e xusta. Do contrario, as malformacións continuarán medrando e abultándose, as distancias entre os niveis de crecimento continuarán agravándose hastra facerse definitivamente insalvables. Velaí a responsabilidade da política económica". A economía galega, pois, non pode contemplarse máis que como unha realidade viva e acuciante en todos os seus sectores productivos e non somente referida ao industrial.

XOÁN X. SANTAMARÍA CONDE
Vigo

LEMBRANZA DUNHA SEMANA CULTURAL GALEGA NO PORTO

Do 30 de marzo ao 6 de abril do ano 1935 celebróuse no Porto unha Semana cultural galega que cadróu coa sexta xunta xeneral do "Seminario de Estudos Galegos". Desa importante xeira reproducimos polo seu interés histórico as seguintes sumarias notas, collidas do Xornal dun dos asistentes.

O día 30 de marzo —un sábado— saíron de Compostela, en autocar, os membros da espedición galega. Foron recibidos en Viana do Castelo, onde almorzaron, polo Prof. Santos Junior, quen pronunciόu unhas espresivas palabras de benvida. A chegada a Porto producíuse ao anoitecer.

Na data seguinte, domingo, tivo lugar a sesión inaugural da Semana Galega, no salón nobre da Facultade de Engenharia da Universidade portuense. Presidíu o Dr. José Pereira Salgado, reitor da Universidade. Esplicóu o siñificado do encontro galego-portugués e saudóu aos visitantes como persoeiros dunha cultura común. A seguido, o profesor Mendes Correia, direitor da Facultade de Ciencias, encetóu a súa palestra afirmando que "em Portugal a Galiza era desconhecida". Referíuse á desinación de Letes aplicada na antiguedade ao río Lima, e concluíu que "para nós é o río Minho o río do esquecimento". Nada máis contrario á índole dos dous pobos que esta actitude de esquecemento —dixo— "quando é certo que as afinidades territoriáis determinadas polo macisso galaico-duriense, são evidentes, resaltam ao olhar menos observador e, bem assim, as condições bio-geográficas que são identicas, os laços de sangue e as afinidades etnográficas". Rematóu sinalando que "o galego é o portugués antigo e, reciprocamente, o portugués é o galego evoluido".

Falóu despóis, no nome dos intelectuáis galegos, o profesor Luis Iglesias, direitor do "Seminario". O Dr. Joaquím Santos Junior, segredario da comisión orgaizadora, historióu a evolución do "Seminario de Estudos Galegos" dende a súa fundación no ano 1923, e deu remate á súa intervención exaltando a ademirable acción de divulgación científica desenvolta ao longo da súa breve existencia. Intervíu seguidamente Otero Pedrayo. Referíuse á característica beleza da paisaxe portuguesa. Evocóu o solpór visto dende Santa Luzia. Referíuse á poesía de Teixeira de Pascoaes, con palabras cheas de engado, e á constante aspiración de libertade de Galicia. Falóu do románico, do barroco, do romantismo, e definíu ao país galego como unha patria con imensas posibilidades de futuro.

Fixeron máis tarde, galegos e portugueses, unha visita ao cemiterio de Agramonte onde repousan os restos do mozo investigador

Rui da Serpa Pinto. Ao pé da campa foi depositado un ramallo de froles traguido de Galicia. Fixo a louvanza da obra do investigador, Fernández del Riego, e a continuación rezóu un responso en galego don Xesús Carro. Os asistentes visitaron tamén os túmulos de Conde Ferreira e de Soares dos Reis. Posteriormente fíxose un percorrido por algúns moimentos, antre eles o Mosteiro de Leça do Balio, e pola noite asistíuse a un espectáculo teatral.

O día 1.º de abril deu unha conferencia na Facultade de Ciencias o Dr. Luis Iglesias sobre do tema "Principáis inseitos parásitos da maceira", e Vicente Risco outra encol de "Hipótesis e problemas do folklore galego". Simultáneamente, na Facultade de Meiciña, o Dr. Fernando Alsina tratóu da "Anestesia raquídea".

Pola tarde fixéronse varias visitas, antre elas á Foz do Douro e ás istalacións do Instituto de Zoología Marítima.

Ao anoitecer celebróuse na casa-museu do escultor Teixeira Lopes, en Gaia, un impresionante sarao literario. Abríu a sesión o Dr. Armando de Matos, direitor do Museu e da Biblioteca da municipalidade, quen fixo unha brillante alocución exaltando o sinificado estético da casa-museu. Concedeulle a palabra a Francisco Fernández del Riego, que disertóu encol do "Arte galego contemporáneo". Seguíu a intervención de Leonardo Coimbra, que se ocupóu da relación do Arte coa Natureza. Dixo que o artista é un dos intérpretes das dóres do universo, que non poden ser reveladas pola voz. Louvóu a natureza galega, referíuse á tráxica saudade do emigrante, e sinalóu que os artistas galegos son esencialmente sentimentáis. Cantóu a figura de Rosalía de Castro e léu algúns dos seus poemas máis representativos. Destacóu os vencellos do nacionalismo galego cun universalismo intelixente. Con verbo alporizado, pedíu que sigamos o exemplo de Rosalía, que interpretóu a Natureza polo esforzo da súa alma. "O homem só pode viver no mundo quando souber viver regionalmente e pessoalmente".

A velada finalizóu cun demorado percorrido polo museu, baixo a guía de Teixeira Lopes, nun ambente animado por un fondo de música de órgao.

O día 2 dictáronse en diversas Facultades, as seguintes conferencias: de Isidro Parga Pondal, sobre "Os granitos de Galicia"; do Dr. Charro Arias, encol de "Análisis bromatolóxicos"; de D. Xesús Carro, arredor de "A catedral de Santiago e os derradeiros descobrimentos"; e do Dr. Rodríguez Somoza, sobre "Anatomía patolóxica dalgunhas formas de parálisis cerebral".

O almorzo do meiodía tivo lugar no Gran Hotel do Porto. Ao remate, os comensáis trasladáronse a Gaia, onde foron recibidos polo presidente da Cámara Municipal. Pronunciόu o discurso de benvida o Sr. Correia Ribeiro, e respostoulle o profesor Luis Iglesias. Dirixíronse despóis ao Monte da Virxen, e dende o mosteiro da Serra do Pilar gozaron a vista do fermoso panorama.

O día 3 disertaron, don Paulino Pedret Casado sobre "Saco Arce e os estudos lingüísticos de Galicia no século XIX", e don Federico Maciñeira encol de "Estacións prehistóricas de Portugal". De tarde,

embarcando nos cais da Ribeira, fíxose un viaxe río Doiro enriba, deica as alturas de Crestuma.

O día 4 estivo adicado a Guimarães. Chegouse ás once da mañá ao berce da nacionalidade portuguesa. Na sala de sesións da Cámara municipal o Dr. Francisco Santos saudóu aos visitantes, destacando no seu discurso as estreitas afinidades existentes antre os galegos de alén e de aquén Miño. A comitiva dirixíuse ao xardín onde se ergue o moimento, frente aos Paços do Concelho, do investigador Martíns Sarmento. Os intelectuáis galegos depositaron unha palma de froles ao pé do mesmo. O profesor Sebastián González lembróu o esforzo xigantesco de Martíns Sarmento nos estudos de pescuda histórica e arqueolóxica. "Os galegos —dixo— óllano coma un mestre cuia memoria é cada vez máis viva e máis respetada".

Recibidos os visitantes no salón nobre da "Sociedade Martíns Sarmento", pronunciou un espresivo discurso o seu presidente Mario Cardoso. Respostoulle Filgueira Valverde, quen afirmóu que "a irmandade dos dous pobos resiste a todo, é superior a todo, porque a quenta a chama espritual dunha cultura común". Posteriormente, os visitantes trasladáronse ao museu Alberto Sampaio, onde foron recibidos polo direitor Alfredo Guimarais. A caravana seguíu á Penha. Mentras se contemplaba a fermosa vista de montaña co seu longo horizonte, algúns dos compoñentes da espedición interpretaron, acompañados de guitarra e violín, varios fados. O almorzo, celebrado no mesmo hotel da Penha, estivo presidido por Mario Cardoso, Luis Iglesias, Castelao, Risco e Mendes Correia. Castelao e Otero Pedrayo pronunciaron, ao remate, magníficos discursos nos que exaltaron a comunidade de lingua e cultura dos dous pobos.

A xeira finalizóu cunha visita á citania de Briteiros. Polo camiño de volta inda se fixo unha breve parada en Sameiro e no Bom Jesús. Xa de noite, ás dez e meia, dictóu unha conferencia Castelao, na Facultade de Ciencias, sobre "Os cruceiros de Galicia".

O día 5 dixéronse tres conferencias: Unha de Filgueira Valverde sobre "A lírica galega no século XIX", outra do profesor Sobrino sobre "O que é o Corpus Petrogliphorun Gallaeciae", e outra de Xoaquín Lorenzo sobre "Os xugos de Galicia", as duas derradeiras con proxecións. De tarde celebrouse unha xunta do "Seminario de Estudos Galegos", e pola noite asistíuse ao estreno no cine S. João da película "As pupilas do Sr. Reitor".

O día 6 fíxose unha rápida visita a Curia e despóis a ascensión a Buçaco. Na suntuosa sala-comedor do hotel que fora residencia real, ergueito no meio da floresta, celebrouse un almorzo ofrecido pola Cámara Municipal do Porto. Presidiron o Dr. Alfredo Magalhães, D. Luis Iglesias, a Sra. de Pereira Salgado e Otero Pedrayo. Na hora dos postres falóu o presidente da Cámara e contestoulle o do Seminario de Estudos Galegos. Ambos discurseantes fixeron votos por un estreitamento da irmandade antre Portugal e Galicia. A seguido procedeuse ao descobrimento dunha placa conmemorativa da estada en terras portuguesas da embaixada galega.

Pola tardiña celebrouse unha nova xuntanza do "Seminario de Estudos Galegos", na que se acordóu orgaizar en Santiago, no seguinte ano, unha Semana Cultural Portuguesa.

O programa deu remate cun xantar no Gran Hotel de Porto, ao que asistiron calificadas figuras da cultura portuguesa. Falaron, con emotivas palabras de despedida, o Dr. Iglesias, Mendes Correia, Santos Junior e Otero Pedrayo.



AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA, por Alfonso R. Castelao [1]

A editorial AKAL ven de nos ofrecer a esceicional obra de Castelao *As cruces de pedra na Galiza*, nunha edición facsímil do libro que hai 25 anos, no 1950, saíra do prelo de primeiras en Bos Aires.

Castelao propúxose, no intre da súa entrada no "Seminario de Estudos Galegos", responder á boa acollida recibida, cun traballiño ao caso "Penséi nas fontes —dinos no limiar—, nos hórreos, nas sepulturas, nos carros, nos barcos, nos reloxes de sol, nos procesos e formas do pan, nas ferramentas do traballo, nas lendas da morte e do nacimento... E de súpeto descobrín nos cruceiros un aspeito da nosa arte popular aínda non estimado como cousa importante. E velahí o que máis me importóu" (páx. 7-8).

Son, pois, os *cruceiros* o obxetivo do estudo de Castelao. Agora ben, deseguidiña se decatóu o autor que os cruceiros, inda aparescidos do século XIV en diante, tiñan unha historia lonxana; e... remexendo, remexendo, chegóu na súa pescuda até edades tan recuadas como as da pedra, onde atopóu as raiceiras máis fondas do que constitúe o cerne do cruceiro: a cruz; a cruz ou, millor, os risquiños en forma de cruz.

Os cinco capíduos nos que se divide a obra lévannos da man do devandito risco ao cruceiro; abonda con se fixar no número de páxinas adicadas ao cruceiro (capíduo V, da 97 á 177, entramentras que os catro primeiros capíduos ocupan da 11 á 96) pra se decatar de que a ampla ollada histórico-artística non alonxa nin amingoa o obxetivo primeiro: aclárao somentes.

O capíduo primeiro leva o tíduo de *Cruces precristiáns*. Nel Castelao fai un esforzo por atopar o sinificado do sino da cruz nas culturas máis recuadas; a cruz riscada entra no conxunto simbólico dunha estilización xeométrica, no período neolítico, que socede a un arte europeo anterior fisioplástico.

Galiza abonda en somellantes riscos; as súas insculturas cruciformes aparescen inscritas en círculos ou ceibes; aquélas teñen un sinificado cósmico-relixioso, ou simplesmente decorativo (co tempo convertiríanse na *swástica* dos nosos castros da segunda edade de ferro); éstas son representacións ultra-esquemáticas do home ou antropomorfizacións de deseños xeométricos. A súa data non é precisa; tendo en conta que as insculturas cruciformes inscritas poden ser ás veces cristianizacións posteriores, compre concederlles máis antigüedade ás figuras circulares, laberintos, cervos e outras figuras pechadas que aos demáis petroglifos cruciformes.

Encol do obxeto dos siños cruciformes do rupestre galego é engaiolante o sentir de Castelao que os xulga blasóns de familia aos que os fillos engadían as raíñas comenentes: cada raíña unha xeración. "Ahí, nas pedras ouriceladas dos montes galegos —di Castelao—, vive a cruz e o circo, como siños irmáns. Como as estrelas e o sol, a noite e o día, a morte e a vida. Enxendróunos a preocupación cósmica, axuntóunos a proteición dos deuses, compenetróunos

[1] AKAL, Madrid, 1975.

o cristianismo, e aínda hoxe viven xuntos por un anceio de inmortalidade" (páx. 30).

A Cruz cristián, tidúase o capíduo segundo. O que hoxe é sinal de groria pra nós tardóu en adequerir un posto dino na mentalidade cristián primixenia; non cadraba ben co senso de groria que se lle recoñocía ao Fillo de Deus, Paseniñamente foise abrindo camiño ao amparo de porfías teolóxicas, primeiro o sinal somentes, logo tamén a crucifixión.

Na nosa Terra a presencia da cruz cristián demoróuse moito; en algunhas laxes sepulcráes, na cristianización de algúns sináes, nos sinos dos canteiros, nos tímpanos das eirexas, etc. Denantes do pulo compostelán non houbo un xeito enxebre na cruz cristián galega; seguíanse máis ben os esquemas que viñan de fóra.

Se deica de agora nos falaba Castelao das cruces riscadas ou esculpidas, no capíduo III recolle o tema das *Cruces de Pedra.* Foi Irlanda, ao parecer, a patria onde naceron as cruces de pedra; no desenrolo posterior de somellante obra artística, envolta nunhas formas ornamentáes de seu, en Occidente, o infruxo celta anglo-irlandés tivo unha importancia escepcional.

Galicia, noustante, sóio garda no seu territorio unha cruz deste tipo celta: a de Buío (Viveiro); moi simples, pódenos dar unha idea do que serían esas cruces. En troques, o celtismo podémolo ollar moi esparexido pola nosa rexión baixo a forma das cruces antefixas ou, como gosta de chamar Castelao, "cumiáes", das eirexas románicas, góticas e mesmo barrocas. Destas cruces cumiáes o típico galego é o carneiro (non año) que adequire na man dos nosos canteiros unha simboloxía tan abondosa.

Xa de algún xeito falara Castelao das *Cristianizacións* feitas en algúns elementos artísticos precristiáns. Inda así o capíduo IV vai todo el adicado a este tema. Que os nosos maiores sentiron un fondo respeito polas crencias dos nosos antergos, e non tiveron afouteza máis que pra lles chantar enriba unha cruz cristianizadora, mas non destrutora, é ben certo. Deste xeito o culto litolátrico atopóu unha saída decente.

A cristianización do *menhor,* non se deu no noso País; nembargantes a dos camiños, maiormente encrucilladas, foi obxeto dunha intensidade sen igoal pola abondanza de contidos simbólico-máxicos que polos camiños da nosa Terra se espallaban. Os amilladoiros e os cruceiros serán as resultas no porvir de semellante cristianización. O *menhir,* o *lech,* o miliario román, cristianizados, as cruces de pelengríns, foron os antecedentes artísticos dos cruceiros, mas que as evolucións sucesivas non sempre señan completamente claras. A derradeira pegada pra chegar ao cruceiro deixóuna a cruz de pelengrín, que tanto abondóu no camiño francés a Sant-Iago pra guía e defensa dos romeiros.

Resumindo en dúas frases este proceso, comenta Castelao: "Dixérase que mirróu o mastro cristianizado e que medróu a cruz cristianizadora" (páx. 89).

Tamén na nosa Terra as portas ou portalóns e os hórreos foron obxeto dunha cristianización, defensiva nun caso do mal dos camiños, e consagratoria noutro dun obxeto pagán.

Con esto chega xa Castelao ao que constitúe o cumio do seu traballo: *Os Cruceiros.* Neste capíduo V, o derradeiro, examina o autor ese "contenente de pedra, composto de gradas, fuste, capitel e cruz na cima, con máis ou menos esculturas e máis ou menos ornamentación" (páx. 97). A cada unha destas partes do cruceiro, "enxendro post-románico, impulsado polo afán de imitar as cruces procesionáes" (páx. 99), adícalle un estudo, pero antes fainos preceder dunha ollada encol do que os poetas sintiron dos cruceiros, dun análese da función dos mesmos, dunha pescuda sobre dos seus artífices e sobre da súa xénese o desenrolo ao amparo das correntes espirituales dos relixiosos mendicantes, franciscáns maiormente, dende a forma gótica primeira até a

barroca, estilo este nacional galego; o recorrido pode ter estes fitos: Melide, Ponte Nafonso, Fisterra, Caldas de Reis, Iria, Fondo de vila.

A *Basamenta dos cruceiros,* o *Peto das Ánimas,* o *Varal e Capitel,* os *Santiños,* o *Pecado Orixinal,* as *Cruces,* o *Crucifixo,* a *Virxe María,* a *Virxe das Angustias,* os *Calvarios* e os *Cruceiros de Capeliña* son os tíduos que van guiando o pensamento de Castelao na súa esposición.

Castelao non quixo case utilizar fotos no seu traballo; en troques ofrécenos moitos dibuxos esplicativos ao longo da obra. Velaquí a razón do seu criterio: "Para mellor coñecer a materia do meu estudo comecéi primeiramente a deseñar cruceiros a eito, porque as cousas deseñadas moi amodiño e fidelmente permiten intuír os seus segredo, abrindo luces até na mesma lei que as formóu, pois así, en certo modo, as cousas volven a seren refeitas polas nosas mans recriadas diante dos nosos ollos; e do pracer con que as interpretamos e trasladamos a un papel, remanece o amor que logo nos inspiran. Deste xeito, quén recolle as cousas creadas xa non é tan estrano a quén as creóu e cultivóu. Pode unha fotografía superar a un deseño, como documento; mas eu aseguro que os meus deseños son fidediños e que ao facelos comunicáronme un coñecimento da materia que sería inaicesibel ao siso dun simpre fotógrafo. E velahí a grande avantaxen do deseño, que a min me permitéu descobrir un tesouro de arte popular nos desprezados cruceiros" (páx. 8).

¿Compre engadir que, certamente, ó lér *As cruces de pedra na Galiza,* ún recolle doadamente o mesmo amor que sintíu Castelao e que soupo refrexar no seu escrito? Castelao non foi un científico de seu, pero nesta obra deu unha proba máis da súa polifacética capacidade. Botóu man pra o seu traballo dos estudos máis coñecidos internacionalmente naquel intre (boa proba as 221 notas), non refugóu viaxes de pescuda, xulgóu as opinións dos entendidos, engadíu non poucas veces a súa, e poida que non sempre acertara; as teorías e suposicións que ás veces propón poderanse discutir, millorar... O que xa non ten millora é o agarimo co que Castelao traballóu o tema; non son unhas cruces de pedra valdeiras o que el axexa no decorrer dos tempos; é a ialma do seu pobo, da súa Galiza, a que lle merez un respeito sen lindeiros. Cada cruceiro é a esencia requintada de tradicións, ritos, símbolos, que os nosos antergos viviron con fondura.

Que ninguén coide por eso que a calidade científica da obra queda rebaixada. A pacencia de moitos anos permitíulle ao autor un coñecemento nada xeral encol de moi variegados aspectos que, a xeito de digresións moi ao caso, van enriquecendo e dando fondura aos temas tratados. Chama moito a atención que un crente non practicante (eso din, ¡qué doado é encaixar á xente!) amostre un coñecemento tan grande, quente, emocionado das tradicións relixiosas do pobo e mesmo dos dogmas católicos cunhas intuicións de admirable actualidade.

Coido que Castelao acadóu o que poucos chegan a acadar: que ún lea e relea a súa obra —unha obra científica— con verdadeiro pracer. Coido tamén que, dispóis xa de ter lido *As cruces de pedra na Galiza,* xa non se pode xulgar ás lixeiras a morea de tradicións que están nos alicerces do noso pobo; e a quen, partindo dun baseamento etnolóxico, relixioso, etc., queira coñecer o cerne do pobo galego pra se xunguir con el nunha comunión con porvir, o traballo de Castelao ofrécelle unha man na que se apoiar. Non outra foi a intención do noso artista, "pouco amigo da cultura esterilizada" (páx. 177). Quen busque na súa obra a cencia pola cencia faille un aldraxe semellante ao que lle fixo quen tivo a desagradecida afouteza de decir del que era "un artista desgraciadamente perdido para Galicia".

A edición vai acompañada dun resumen da obra, en inglés, redactado por Eduardo Blanco-Amor; cousa moi acertada, dadas as case contínuas referencias que Castelao fai necesariamente ás tradicións histórico-artísticas celto-británicas.

BERNARDO REGAL

RAMALLOS, CARACOLAS E... INSECTOS

Esas mans que sen acougo nen canseira graban, dibuxan, escriben, esculpen, e que son as mans de Luís Seoane, deixáronnos neste pasado ano duas novas e preciosas dadas: un cartafol de dibuxos, *Ramallos, caracolas e outros dibuxos*[1], e un libro de grabados en madeira, *Insectario*[2].

Vendo esta osiduidade no traballo, este pródigo derramamento en tantos medios, a máis partillado en dous países, teremos sido moitos, todos os que algunha vés escribimos encol de Seoane, moitos, digo, es que houbéramos querido e pretendido deixar postas unha tras outra unha ringleira de verbas definitivas, facendo o marco onde deixar disposta a comprensión total do noso artista. E sempre, en cada ocasión, decatámonos de canta información non achegamos, que o froito é moito e pouco o apañado. Pro, cando menos, coidamos que esta ollada movediza ao longo da diversificada obra vai apreixando facetas, acadando brillos do polimento ou refrexos de novas luces. Inda que percebemos a gran relación das obras entre sí, a unidade do seu ponto de vista, haberá sempre un enriquecemento, un crecemento orgánico ao recoller nun certo momento, nunha corta hora, eses seus traballos. Sábese, xa que logo, que andamos a facer unha "instantánea", comentario previsorio que non deixa rematada a figura, e comprirá botar novas olladas asegún van aparecendo novos libros, novas pinturas, novos dibuxos.

Poñamos ao artista vivindo no seu pasado e no seu presente, mantendo unha faísca de lume do lar en Buenos Aires, cunhas viaxes á Terra: Prometeo e Anteo. Decindo o que ten de decir, pro tamén decíndoo no lugar debido. E mentras en Buenos Aires fai e pubrica poemas e dibuxos do máis especificamente galegos, veñen á lús uns dibuxos de follas, froitos, caracolas de alenmar, ou ainda de galegos vistos en Basilea. Pois que é eiquí, en Galicia, onde compre decilo, onde acae que nos falen da ferida da saudade e mais da envolvente morriña do emigrante.

O cartafel *Ramallos, caracolas e outros dibuxos* acolle a emoción do artista e mais o pracer do oficio: "quero matinar que os dibuxos de ramallos e caramuxos deste album foron feitos deixándome levar polo amor á natureza da que formamos parte" , di Seoane. Asumindo ou refugando regras, procedementos, ou códigos, somete ao arte unha parcela da natureza visiva, abrindo unha porta de entrada na verdadeira realidade, na descoberta e apoderamento da verdade acochada nos cousas. Eis o arte como estormento pra aturar a Natureza, ligado ao dar nome, ligado ao comprender, ligado ao conecer e o comprender científicos e tamén un nomear, dar nome, con outro estormento. Unhas liñas sobrias, equilibradas, vigorosamente tendidas; uns dibuxos graves, sereos, fondos, importantes, sen requintados arabescos. Volvemos ao ámeto mais esencial do dibuxo, á sensibilidade do xogo liñal, á corporeidade visual do contorno. Eso fai que esas liñas, xustamente esas liñas da reproducción dun ramallo ou dunha caracola teñan certamente o gromo do que tan indefinibelmente chamamos Arte.

O arte pode abranguer a eispresión dunhas ideias relixiosas ou políticas sen sere estormento de propaganda, a creación dun mundo que é representación da totalidade da esperencia, unha manifestación da perceución polo artista dalgunha verdade universal. Eiquí, pois, entran nese mundo de ensoños, de fantasía que comunmente se considera eido do arte, as arelas e necesidades cotiás do home. Non se trata mais que da consecuencia do feito de que o arte está tocado polas condicións materiáis da existencia, necesariamente relacionado ca sociedade.

Eisí dun arte vitalista, sensual —ramallos e caracolas—, pasamos a un arte eispresivo que deforma a natureza orgánica das cousas por un motivo ulterior. Chegamos aos quince grabados do *Insectario* despóis de álbumes como *El Toro Júbilo* e *O Meco*. Cando Seoane fai dun insecto o persoaxe

---

[1] Ediciós do Castro, 1975.

[2] Editorial tres, catorce, diecisiete, 1975.

dun grabado prantexa unhas cantas custións: dende a escolla da imaxe até a forma en que a presenta. O insecto é esa pequena criatura que temos decote perante nós, e que literalmente despreciamos ou refugamos. Logo, no contexto do grabado xurde un intre de dúbida verbo da intención do artista, ¿qué é un insectario?, ¿por qué eses letreiros? E perguntámonos pola oportunidade de presentar un insecto. Eisí temos un impacto inicial emotivo, o noso prexuicio do becho, e logo a relación do becho co letreiro —o básico do siñificado do grabado—, e ainda, o da imposición polo artista dunha imaxe propia, co problema da relación do insecto grabado co insecto real.

Por espresividade escóllese un animal, e xa non hai necesidade de afondar, ou alongar mais a carauta. Cunha imaxe retrata a especie direitamente, non ao individuo, e non compre mais pois queda abondo patente que úsanse conceutos formales: o peorativo do becho. E logo póñense estes persoaxes na escea do teatro do mundo. Ben que o alonxamento da reproducción natural, a deformación, crea xa que logo un afastamento da realidade; afastamento necesario tanto pra non ver no insectario un catálogo científico como pra poder interpretalo como feito artístico, e poñer nestas imaxes non un proceso individual senón un destiño social.

Seoane devolve ao arte unha función mítica, un elemento máxicamente social. Veleiquí unha obra onde amosa un pensamento ético. O mito ten sempre un alicerce social, o seu manantío está no sociedade e non na natureza. As propostas do *Insectario*, os tídoos ou textos dos grabados: "semella ser importante", "fero bardallas, camiña con moita seguranza". "non esquecemos nada" fan unha chamada á razón do espreitador, pídeulle unha decisión, un xuicio moral. O espreitador ten de facer algo máis que mirar pra o bicherío, é aguilloado a pensar en e con os grabados. Inda que o baseamento real do ámeto non é un pensamento —unha razón— senón un sentemento. No mito non estan illados o reino animal e o reino humán, as fronteiras son movedizas, nunha metamorfose unha cousa faise calqueira outra. A presencia dunha leenda axuntada ao grabado pon en evidencia a ausencia do home nun ámeto humán —"sarandeando no xardín", "dona de algunha edade", "guerreiro argallante"— ou a decidida animalización —irracioalidade, infrahominización— dunhas accións humáns cotiás. En ausencia do home os bechos fánse razoadores —"en actitude de pescudar"—. Seoane estános anticipando —atendendo como moralista ao comportamento humán— a conversión do home nun becho. Apresentanos unha parcela da realidade que vivimos baixo a vella carauta dos "bestiarios", a traveso da animalización dos persoaxes coma nas fábulas crásicas. O tídoo fai de aviso, de anuncio dunha acción que noustante non desenrola o persoaxe. O espreitador, parado, ten de superar esa inercia e poñer a camiñar, ele mesmo, o mecanismo. Ese bicheiro de humor tan inquedo, afanoso en traballos ou xogos —endexamais saberemos cal das duas cousas— dánnos unha pergunta: ¿é que nós, os homes, movémonos tan desatinadamente. Hai abondas esceas cinematográficas onde o movemento humán na cidade é comparado ou presentado como o de unha formigueira.

Non sempre será necesario botar man de tristeiros hiperrealismos ou de patéticos happenings pra descobrir de novo a realidade, dínnolo ramallos e caracolas, "repasamos o cartafol —predícanos García Sabell— e, dese xeito encontrarémonos nun diálogo en profundidade. Falaremos sin verbas co pulo inicial do mundo. Co pulo que endexamáis debimos esquencer e que agora se nos ofrece como un gasallo e como unha leición. O gasallo da fermosura. A leición das cousas que están a espresarse e a mandarnos acenos constantes de convivencia e de amor sin cercas". É que o arte non se vai quedando inútil, senón que describindo unha situación quere tamén mudala asegún o pide a concencia social, e decrara o insectario: "que todalas cousas pequenas enlevan no seu cerne as grandes e que, humanizadas polo grabador, os inseutos traspoñen e transparentan aos homes nas suas grorias e chatas" dínos Raimundo Patiño, o outro prologuista.

XOHÁN LEDO

NOVA CONCENCIA DA IGREXA GALEGA, por Xosé Manuel Rodríguez Pampín [1]

Un libro sobre dun feito. Un libro galego sobre dun feito galego. Un libro elaborado con rigor académico. Sin que aquí *académico* implique desinterés, neutralidade ou descompromiso, sinón únicamente a seriedade con que se aborda un feito que o estaba pedindo e merecendo. É importante suliñar esto, porque a seriedade do tratamento, por un lóxico efecto circular, repercute sobre do feito, salientando a seriedade do mesmo. De agora en vante resultará máis difícil que pase desapercibido e, máis que nada, será máis doado reflexionar a prol da súa siñificación.

De feito, provocar unha reflexión seria e obxetiva deberá ser quizáis o froito principal deste libriño. O autor avísanos claramente na introducción que o traballo "non é *crítico*, sinón expositivo" (anque sexa o suficientemente consciente como pra decatarse de que "é imposible pasar por algunha parte sin deixar sináis"). A crítica e as conclusións quedan, pois, fundamentalmente pra o lector. Pero, antes de entrar nese vieiro, compre decir algo encol do contido, de estructura clara e sinxela.

Despóis dun *prólogo*, acolledoramente cordial, anque un chisquiño reservón, de Monseñor Araúxo, sin dúbida o bispo máis próximo aos Coloquios, o libro ábrese cunha *introducción*, na que se declaran os propósitos e o método. Nela compre destacar o influxo que na xestación do estudo tivo o teólogo latino-americán Rolando Muñoz, autor da obra *Nueva conciencia de la Iglesia en América Latina*. O paralelismo, non disimulado, dos títulos apunta a un fenómeno moi importante: o auténtico universalismo de toda preocupación verdadeira pola realidade concreta; aparte de descubrirnos unha perspectiva sempre aleicionadora pra Galicia e de poñernos na pista de por ónde andan o talante e os intereses do autor.

A *primeira parte* analiza diacrónicamente a historia dos Coloquios. Un a un, primeiro; e tratando logo de dexergar unha periodización moi reveladora, en tres tempos: o primeiro, de un "clarísimo carácter *clerical*"; o segundo, situado na liña igrexa-mundo e preocupado pola "incidencia *eclesial* na realidade"; o terceiro, centrado na "*liberación do pobo galego*". Clero, igrexa, pobo constitúen unha progresión na que se fai moi evidente a presencia dunha viva concencia de misión e de servicio. Outro punto siñificativo da introducción —en realidade refreixo consecuente do anterior— ven dado pola progresiva *galeguización* dos Coloquios: empezados en castelán sin presencia oficial do galego, rematan en galego sin presencia oficial do castelán.

A *segunda parte*, sincrónica, conságrase a un análise e a unha sistematización —rigorosamente traballada: máis pra "utilizar", en grupos, por exemplo, que pra lér— da temática abordada nas xuntanzas. O resultado é impresionante: recoñecendo, claro está, a perspectiva pragmática, non "científica", do tratamento, pode afirmarse que difícilmente cabe sinalar ningún outro tipo de grupo ou movimento no que a problemática real e verdadeira de Galicia —do pobo real e verdadeiro de Galicia— foran abordadas con tanta amplitude, honestidade e arela de compromiso.

A *terceira e cuarta parte* adícanse a ofrecer, en xeral resumidos, algúns dos materiáis empregados nos Coloquios: extractos e condensacións dalgunhas ponencias, por unha banda, e algunhas monografías, por outra.

Ese é o libro. Digamos agora algo do que o libro "dá que pensar". E fagámolo en dúas direccións: extra e intraeclesial.

Cara afora, os Coloquios deberan, ao meu parecer, propiciar unha revisión de certos prantexamentos. A historia moderna da igrexa en Galicia non resulta nada edificante, qué lle imos facer. Tampouco quizáis, en conxunto, a historia presente. Pero compre xa, dunha vez, ir distinguindo.

---

[1] Editorial SEPT. Vigo, 1976.

Indubidablemente a igrexa galega non é un monolito, e dentro dela existen posibilidades, dinamismos, grupos e movimentos en fonda sintonía co pobo e cos seus problemas: ignorala sin máis, condenala en bloque ou simplemente non tela en conta á hora de proxeitar un futuro pra Galicia, sería non só unha inxusticia, sinón tamén un erro grave. (Espero que o tono destas reflexións deixará abondo patente por sí mesmo que non me move aquí un intento apoloxético, sinón o interés obxetivo polo ben integral de Galicia).

De feito, os grupos políticos decatáronse axiña do interés deste movimento, como o demostran os diversos e reiterados "asaltos" —esta é unha historia que non se conta no libro, pro que algún día poderá ter interés— pra atraerse dalgún xeito o seu influxo. Sería noustante perigoso confiar o cantacto a este interés meramente pragmático, sempre exposto a caer, con millor ou peor intención, nun intento de manipulación. Compre tamén un interés teórico, un "diálogo" —anque a verba empece a estar algo *demodée*—, que, respetando a especificidade das posturas, promova o encadramento e coordinación de todas, de xeito que poidan contribuír con eficacia ao proxeito común.

Cara adentro, a obxetivación dunha xa longa andadura, postula un repensamento serio e a fondo de moitas cousas. Non en derradeiro lugar a *especificidade* dos Coloquios. Paréceme que ésta resulta fundamentalmente definida polo esforzo de encarnar a *fe cristiana* na *realidade galega*: a conxunción dialéctica deses dous polos constitúe a esencia e, por conseguinte, a forza dos Coloquios. Ao principio —recórdese: primeira etapa, clerical— o peso da atención vencíase cara ao polo da fe. Cada vez máis o polo da realidade foi penetrando o da fe. Penetración que se convirtíu nunha adquisición evidentemente irrenunciable, pero que debe gardarse de toda absolutización tendente a romper a tensión dialéctica.

Máis sinxelamente: a versión á realidade debe seguir facéndose *desde* a fe, preservando sempre a súa perspectiva. A tentación de convertirse —non, por suposto, na teoría, pero sí na praxis— nun movimento de contido meramente político axexa sempre, dada a urxencia gridante dos problemas sociopolíticos do noso país e dada incluso a gratificación máis inmediata que nese terreo tende a obter, hoxe por hoxe, o traballo polos demáis. Pero ceder equivalería fatalmente a esvaerse nun conxunto de grupos que a ese nivel están moito millor preparados e que, desde logo, non precisan da aportación dos Coloquios. (Aquí un falso progresismo pode ir caer, sin se decatar, nun novo paternalismo —a fe tamén *protagonista* na tarefa política— que a estas alturas resultaría bastante ridículo).

Resumindo, e sin dúbida simplificando, poderíase decir que si hastra agora os Coloquios tiveron que traballar por descubrir a dimensión política do cristianismo, endiante, sin soltaren esa instancia xustamente conquerida, deberán esforzarse por explicitar a dimensión cristiana do compromiso político.

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

UNHA EVOCACIÓN DE CASTELAO: ¡MEU PONTEVEDRA!

Na revista "Lérez", do Centro Pontevedrés de Buenos Aires, publicóuse en xunio do ano 1962 o artigo firmado por *Castelao,* que agora reproducimos:

Eu vivín longos anos de ledicia en Pontevedra, aferrado á fermosura dos seus arredores, coma quen non pode desprenderse dos brazos mornos dunha noiva. Eu débolle a Pontevedra o mellor da miña vida e agora padezo saudades da súa paisaxe, tristuras de non vela i espranzas de retornar a ela.

Empezo a ser vello e a vivir de recordos. Algunhas veces acode á miña memoria un cantar de requintada morriña:

Vai tan lonxe a mocedade,
Está tan perto o meu fin,
Que ás veces sinto vontade
De poñer loito por mín.

Pero non é que eu enloite o meu esprito porque a mocedade fuxise de mín. Eu apénome de non poder ir a Pontevedra, que é unha fonte de xuventude, onde se curan os alifaces da vellez. Volver a Pontevedra sería o mesmo que recobrar a mocedade perdida. E así como Anteo revivía ao caer no chan e sóio morreu por non poder tocar terra, así eu me libraría da vellez con soio pisar terra pontevedresa.

Penso que si morrese no desterro, os meus ósos non se deixarían consumir até que algún anaquiño deles chegase a Pontevedra. Entón a miña alma cantaría gozosa este cantar:

Xa morrín, xa me enterrei,
E agora xa estóu eiquí.
Nin a terra me comía
Sen despedirme de tí.

Todo, todo, pode acabarse en mín, menos o amor que sinto por Pontevedra. Vivo ou morto, alá irei como se dí que van os romeiros de San Andrés de Teixido, que "alá van de mortos se non van de vivos". Pero eu espero chegar vivo pra curarme das inxurias do tempo. E no entanto vou coa maxinación...

Pra ensoñar mundos de absoluta felicidade, libre da carne mortal que afoga a vida dos vellos, eu séntome á veira do río Lérez. Pouso os meus pensamentos na seda das augas, como as ponlas caídas dos albres que dan sombra. Estou alí horas, ensumido en mín mesmo. E deste xeito participo da ledicia de San Amaro, cando estivo trescentos anos axexando o Paradiso a través do buratiño dunha porta, ou como don Eros, o fundador de Armenteira, que tamén estivo trescentos anos escoitando a un paxariño.

Pra sentir o orgullo de ser fillo da terra máis fermosa do mundo, eu rubo ao pinal de Matalobos, que está enriba de eirexa de Salcedo. Séntome nas pedras do valado, e chanto os ollos na ría que durme antre veigas e florestas. Asisto á transformación dun día de sol en noite de luar. Alí sinto, como en ningures, a necesidade cósmica da patria e sei que son un anaquiño de eternidade galega.

Meu Pontevedra!

CENTENARIO DO NACIMENTO DUN GRAN POETA

Neste ano cúmplese o centenario do nacimento de Max Jacob. Con tal motivo están a se celebrar na cidade de Quimper, na Bretaña francesa, diversos actos de conmemoración e homenaxe ao gran poeta.

Alguén dixo que Max Jacob foi o "funámbulo da palabra" e é verdade. Foi a un tempo un burlón e un místico. Xogaba coas palabras, pero de cando en cando collía unhas cantas pra nos agasallar con toda a súa melanconía, e cunha xenerosidade enorme do seu corazón. Foi un gran ironista, consoente do seu estrafalario vivir e soñar. Os nenos guindáronlle pedras máis dunha vez, e Juan Gris —que contemplaba a escea dende a fiestra do seu estudo— tivo que baixar a salvalo.

Deixóu Max Jacob unha obra abondosa. Pero nós só queremos lembrar nesta hora conmemorativa do seu nacimento, os poemas que lle inspiróu o seu bretonismo. Despóis de vintetrés anos, que decorréu antre piedade e literatura, puxo de actualidade cara o 1927 o seudónimo de Morven le Gaélique; un seudónimo que acobillaría unhas cantas poesías suas aparecidas en "La Ligne du Coeur". Era ésta unha revista literaria de Julien Lanoe publicada en Nantes, e que Max Jacob quería convertir en órgao dun renacimento celta.

Aquela serie de poemas, inda que debidos á mesma man do autor de *Le Cornet á Des,* amosan a peculiaridade de estar pensados, sentidos e case poderíamos decir escritos en celta, en bretón. Reaparecía a raza en Max Jacob. Revivía do "Druidismo". Era un recuamento á primitiva semente do seu ser, unha confirmación da parte tradicional da súa natureza.

No ano 1944, despóis de ser arrestado polos nazis na súa pensión de Saint-Benoit, finóu e foi soterrado no camposanto de Ivry. Un algo antes confesáballe ao seu vello amigo e querido mestre, Eugéne Parturier: "Toda a miña vida estiven á sombra da catedral de Quimper". Esta foi a grande verdade da súa vida, á que nos derradeiros anos se abrazóu co meirande entusiasmo. O vello paiaso convertira a pirueta en oración, a poesía en pregos.

REFERENCIAS AO ROMANCE DE DON GAIFEROS

A musa popular galega é pródiga en romances. Noutros tempos, cando aínda non estaban dabondo investigadas as tradicións en Galicia, tíñase a creencia de que o romance escaseaba antre nós. Pero hoxe está fora de dúbida, despóis da publicación do Cancioneiro Músical de D. Casto Sampedro. Noustante, neste cancionero non figura un dos romances máis interesantes: O de don Gaiferos de Mormaltán. Pertenez ao ciclo carolinxio, cantado por xograres, e máis por cegos, a traveso de moitos anos, ás portas da basílica de Compostela.

Xurdíu dun feito histórico: a morte de Guillermo X, un día de Vernes Santo, diante do altar do Apóstolo. Asegún se relata no *Codex Calixtino,* o Duque de Aquitania veu en pelerinaxe a Santiago, a meiados do século XIII, baixo o nome cabaleiresco de Gaiferos de Mormaltán. A súa dramática morte foi a orixe do romance. Ten unha parte narrativa, outra de conversa co xograr, e a terceira ven ser unha invocación ao Apóstolo pra que lle conceda a gracia de morrer diante das gradas do altar da Catedral compostelá.

Faustino Santalices, que popularizóu o romance cantándoo acompañado da música da zanfona, fixo hai anos unha glosa da paisaxe espritual de Santiago en relación co contido do dito romance, ante os micrófonos da BBC de Londres. O estilo desa paisaxe, —dixo— foi sin dúbida románico. Toda a súa luz ten número catedralicio nun perfeito equilibrio de término e fervor. Perto do cabo do mundo, á beira do infindo, os camiños peleriñantes sabían moi ben das abadías pirenaicas, de xesta, de roitas celestiáis que apuntaban a un alén presentido e inorado, desconocido e certo: *Ultreia.* O Pico Sagro guindaba o seu berro ao ceo cun aceso anceio de impodencia, de prego, de suplicación:

"A ónde vai aquel romeiro / meu romeiro a ónde irá, / camiño de Compostela / non sei se alí chegará".

Chegóu a segura inquietude do románico polos camiños da terra, do mar e do aire. Vindo de Vezelay ou de Conques, gardados polos paladíns carolinxios, saíulles ao paso o Monsalrato, e restauraron a fadiga dos seus ósos cun grolo da linfa divina que se verquéu por amor. Vindo polo Atlántico, cando os ameazaba a bruante procela, acodíu no seu acorro unha barca dragonada escoltada por ciños,

que os trougo deica Padrón. Cóntallo ao Apóstolo, en voz baixa, de prego quediño, este romeiro, "de ollos gazos, leonados / verdes como auga do mar".

E vindo polos camiños do aire, aconteceulles: Era noite medroña e os lobos ouveaban fortemente; ouvíase a grea cada vez máis perto, e todos sabían que chegara a hora de lle dar contas a Deus. Mais nesto, baixóu un paxariño moi de presa coa aurora no bico. Alí estaba, con luz de nacre e de mencer. Santiago de Compostela como unha vieira na escraviña verde de Galicia. Todos os pelengríns choraron de emoción, e con eles os anxos. Por esa hai sempre alí —remataba Santalices— unha chuvia miudiña, que treme.

NOTA ENCOL DO PATRIMONIO CÉLTIGO EUROPEO

Na "Revista de Occidente" publicóu o profesor Tovar unha nota encol do V Congreso de Estudos Céltigos celebrado en Cornualles, perto do Fisterre británico. Axúntanse nestes congresos, que se celebran cada tres anos, especialistas de historia, arqueoloxía e folklore dos países céltigos.

Dí Tovar que a idea de celtismo é moi diferente pra os habitantes dos lonxanos recantos das illas de Gran Bretaña e Irlanda, e da península bretona, onde aínda sonan as línguas da raíña Mabe de Ossian, e pra os estudosos doutros países. Estes, nas súas escavacións, atopan que na Edade do Ferro os celtas habitaban non soio Britania e Irlanda, sinón Francia, Italia do Norde, media Península Ibérica, todo o sur da Alemaña con Suiza e Bohemia, máis outros moitos territorios da Europa central e dos Balkáns, deica aquela Galacia da Asia Menor a cuios habitantes dirixíu o apóstol Paulos unha das súas cartas.

Esoutro mundo céltigo aparez no galo moribundo e nas esculturas que o rei de Pérgamo colocóu pra lembrar a sumisión daqueles valentes invasores que, ao cabo, foron incorporados ao mundo civilizado helenístico, e deixaron por todas partes bárbaros moimentos na Edade do Ferro. Os nomes da Europa anterga —tanto de persoa como de lugar— e unhas poucas inscricións da Galia e da nosa Celtiberia, representan ese patrimonio céltigo europeo; un patrimonio que amosa interesantes problemas de interpretación, e que se combina en tentadora dificultade con esas culturas que os arqueólogos chamaron de Hallstatt e de La Téne.

Pra os celtistas de Irlanda, de Gales, de Bretaña e de Escocia, o Congreso non é tan puramente histórico como pra os demáis. Elas falan e cantan nas súas linguas, que na Europa foron sustituídas por outras, que hoxe son o francés, o italiano, o galego, o castelán, o alemán, o checo...

MEMORIAS, ESTUDIOS E REEDICIÓNS DE YEATS

Á cura de Denis Denoghue publicóuse en Londres *Memoirs Autobiography* de Yeats. Recóllense neste volume obras en prosa axuntadas baixo o tíduo de *Autobiography* no 1938, o ano denanterior ao do pasamento do autor. Estruturalmente, as "memorias" consisten en seis partes, cada unha das cales é un exercicio diferente da costrucción dunha autobiografía. Cómo se fixo Yeats, a custión da unidade do ser e unidade de cultura, e o refrexo da versatilidade da súa vida: editor, xornalista, namorado, poeta decadente, senador, filósofo da historia, escuro exitador nacionalista, mago. Asemade, *O tremor do veu, A morte de Singe, Dramatis Personne*: as relacións con lady Augusta Gregory e con outros no tempo do "Irish Literary Theatre", e unha lembranza da súa visita a Suecia no 1923, pra recibir o Nobel de Literatura.

Xa foron publicados os primeiros números dos "Yeats Studies", nos que se traballa sobre dos manuscritos dramáticos que Yeats mesmo anuncióu que ía publicar co tíduo de *The Shadowny Waters —As augas sombrizas—*, editadas agora co epígrafe de *Arte druídica* polos yeatistas Sidnell, Maykew e Clark.

Na *Autobiografía*, un anaco moi curioso é o seu encontro con Verlaine no 1894: "Verlaine, coas pernas vendadas, percurando no dicionario a palabra que correspondía á súa doenza, atopóu ao cabo *erysipiles*". Yeats esplicóu a pobreza do seu francés, e Verlaine faloulle en inglés, preguntándolle si conocía ben París. "Pra el, conocer Paris era vivir nel contente, como unha

mosca nun tarro de mermelada". Verlaine fíxolle conocer a un tal Bibi-la-Purée, ao que chamaban Luis XI pola semellanza co rei francés, e a quen se ollará no enterro do poeta simbolista, cun paraguas vello, apoiado contra dun arbre...

Cada vez é máis universal o consenso na grandeza de Yeats. Parecen esquecérese os grandes días rilkeanos, e Mallarmé ven ser como un "capriccio", pero a voz de Yeats é un ano enteiro, coa súa primavera e o seu doce outono, co quente vran e o lúcido e frío inverno. Quixo ollar —e a eso alude un longo artigo no T. L. S.— a súa propia trasparencia. E toda a súa obra vai cara ésto. Foi ademáis humán e soñador, cousas ambas coas que se realizan moitas cousas, cando, ao mesmo tempo, se chega a soñador porque se é un mago.

OS FONDOS DO ARQUIVO HISTÓRICO DE OURENSE

Nunhas decraracións feitas por Olga Gallego, direitora deste Arquivo, afírmase que se trata do millor arquivo provincial de Galicia. Verbo da documentación medieval é, sin dúbida, o máis rico. Consérvanse nel libros de actas do Concello de Ourense do século XV e protocolos notariáis... Outros documentos son de tipo monacal, de ordes militares, de casas nobres... Déstas, é importante a do marqués de Leis, con documentos xenealóxicos e económicos moi interesantes, pois trátase dunha casa que absorbéu a outras de Galicia e de León. De todos xeitos, verbo das casas nobres, a documentación atópase moi esparéxida, porque os descendentes son reacios a donar os documentos aos arquivos.

Porén, no ourensán consérvase unha sección municipal pola que se pode seguir a vida do concello na Edade Media. O catastro do Marqués da Ensenada do século XVIII contén datos de tipo sociolóxico, que consinan a situación, as divisións administrativas do antigo réxime, que estaba dividido en señoríos eclesiásticos e de leigos, con grandes señores con moitísimos vasalos e máis de noventa pequenos. A sección de protocolos notariáis emprincipia a comezos do século dezaséis. Despóis hai seccións xa máis modernas, de ministerios, sobre economía, vivenda, obras públicas, etc.

A RIQUEZA DE TOPÓNIMOS EN GALICIA

Co tíduo de "Os topónimos, esa riqueza" publicóu Filgueira Valverde un interesante artigo, no que, antre outras cousas axeitadas, dí o seguinte:

Galicia ten millóns de topónimos. Somentes os nomes de entidades rexistradas no "Nomenclator" oficial pasan de trinta e tres mil; é decir, a terceira parte de tódolos de España, que ten cento oito milleiros. Si consideramos que cada unha destas localidades non baixa de cen nomes na microtoponimia, teremos un mínimo de tres millóns trescentos mil. As contas poden quedar moi baixas, partindo de que cada leira leva a súa denominación. Un termo como Pontesampaio terá máis de dez mil predios. Tamén é certo que moitos nomes repítense. Por exemplo, na provincia de Lugo hai setecentas entidades rexistradas co nome de Vilar.

Nos topónimos péchase moita xeografía, moita natureza, moita historia... A vida do pobo está neles. Uns amostran o relevo do chan, a situación, o feitío das terras, as augas —fontes, ríos, regueiros, lagoas, mar...—; moitos, os vexetáis, os cultivos e as labouras, e mesmo dos animaliños que no lugar medran; abondan os que valen pra revelármonos moimentos e arqueoloxías que, sin eles, esquecerían se; refírense os que menos enxerga a xente, a poboacións antergas, a xenias petruciáis, a vellos posesores...; e aínda quedan os que sinalan talleres, feiras, feitos senlleiros...

CLARICE Lispector é unha das narradoras que máis adhesións ten acadado nestes derradeiros tempos no Brasil. Un mundo que se advirte persoal —no senso de esperiencia— valeulle ese asentimento. O seu xeito de crear é intrasferible. E, inda contra do que a afastaría do leitor pouco avezado, o seu estilo, a visión a traveso da cal o impón, consigue atraguer a atención —e a emoción— de todos pola sua enorme forza de convinción. Nunha novela súa, que traducíu ao castelán García Gayo, moi apegado á lingua orixinal, co título de *Un aprendizaje o el libro de los placeres,* estas coalidades están presentes amosando ese raro mundo de iluminacións.

A SECCIÓN Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba, deu remate aos índices das seguintes publicacións: "Vida Gallega", "Vida Gallega en Cuba" e "Suevia", todas elas aparecidas na Illa. Arestora traballan na elaboración dos que corresponden a "Galicia", "El Eco de Galicia" e "A Gaita Gallega". Por outra banda, ven colaborando coa Universidade da Habana en traballos léxico-fonéticos referidos á lingua galega.

O PREMIO mundial da Fundación Cino del Duca, dun montante de cento cincuenta milleiros de francos, foi atribuido ao escritor americano Lewis Munford polo conxunto da sua obra. Este premio literario —un dos máis importantes premios europeus— está destinado a "recompensar e a facer conocer millor a un autor cuia obra constituia baixo unha forma científica ou literaria un mensaxe de humanismo moderno". O premio foi fundado por Simone del Duca, en 1895, co ouxeto de proseguir a obra de mecenazgo do seu marido.

CO GALLO do Bimilenario da fundación da cidade, celebróuse en Lugo un Coloquio Internacional de Arqueoloxía. Foron presentadas importantes ponencias a cargo de especialistas. Un calificado grupo de profesores fixo as seguintes propostas: Confeccionar a Carta Arqueolóxica de Galicia. Revisar e completar as inscricións romanas do noso país. Publicar os planos e todo o que se refire á restauración das murallas luguesas. Dar instalación museal aos materiáis recollidos no Museu Diocesano. Tomar as medidas comenentes pra conservar e facer accesibles as termas romanas de Lugo. Faguer escavacións en diferentes lugares do interior lugués, co gallo de novas construcións. Recuperar a piscina da praza de Santa María.

DESPÓIS da novela *Un ceo tan fráxil* —que recibíu o "prix d'honneur" das letras francesas—, Jack-Alam Léger publica outra de política ficción tiduada *Monsignore.* Mestura nela cardenáis, mulleres fermosas e mundanas, banqueiros mafiosi, quenes se abritan no decorado do Vaticano. Nestes intres é o libro máis lído en Francia. Con tal motivo son citados Stendhal e Dumas. Un monseñor saído das crónicas romanas do XVI, que Stendhal amaba, pero vivindo hoxe: un cardeal que abandona de vez en vez a púrpura polos blue-jeans. Un libro menos escandaloso do que se puidera supór.

ORGAIZADO pola Universidade de Barcelona, celebróuse en Tarragona un coloquio internacional encol do bilingüismo. As reunións alongáronse durante catro días, e asistiron a elas persoeiros de varios países europeus e de diferentes puntos de España. Como delegado do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, intervíu no Coloquio o Dr. García Sabell, quen presentóu unha ponencia encol do tema "Lengua, cultura e bilingüismo".

VEN DE saír nos "Documenta poetica", dirixidos por Melo e Castro, un belido libriño de Stephen Reckert e Heider Macedo, cun texto de Jacobson e medio cento de cantigas galego-portuguesas con comento. Reckert fai un cumprido estudo das variacións subliminares na poética dos Cancioneiros. De Román Jakobson contén o libro unha boa versión da carta de Haroldo de Campos sobre da "Textura poética de Martín Codax". As cincuenta cantigas de amigo que se inxiren no volume foron escollidas por Macedo e Reckert. Do segundo son os agudos escolios que

compoñen un dos máis fondos e gratos inquéritos que se teñen levado a termo, na máis fermosa e enxebre forma dos Cancioneiros.

NUNHAS escavacións que se están a facer nos terreos coruñeses da Zapateira, apareceron diferentes ouxetos pertenecentes a unha cultura que existíu na dita zona hai catro mil cincocentos anos. Atopouse un machado de pedra pulimentada, un anaco de frecha, un istrumento para remover areas, e moitas lascas de silex. Tamén se localizóu un xunque de cuarzo onde se perfiaban as frechas. Nas escavacións interveñen Luis Monteagudo, Salvador Correa Corredoira e varios colaboradores.

QUE DIN as palabras? ¿O real, a fábula ou os seus propios avatares? Toda literatura quere responder a esta pregunta ambigua. René Belleto, no seu libro *Os treidores, palabras ou sete aventuras de Thomas Nylkan* avivece esta ambiguedade. O sofrimento e aquí real. Este ancórase no corpo e faino tan presente cando o amenaza. As verbas xogan antre elas, encadéanse según a eufonía, trasfórmanse, fanse palabras-maleta, nunha danza verbal na que dinamitan o senso. A aventura na que se encarna o sofrimento semella unha fábula kafkiana, coa entrada do home doente no hotel, onde, dende o patrón aos viaxeiros que alí se aposentan parecen collidos por un raro andacio de sono.

ADEMÁIS dos trece dibuxos dos que xa demos noticia, na prensa cubana siguen aparecendo traballos da man de Castelao (1938-39). No xornal "Pueblo" foi publicado un retrato de Waldo Alvarez Insua, e na revista "Mediodía" a ilustración dun conto de Carlos Montenegro. Por outra banda, a imaxe de Castelao aparez representada por una caricatura de Heriberto Portell e un retrato a tinta de Walfrido Aparicio. Inéditas áchanse unha caricatura debida a Juan David —que tratóu ao autor de *Cousas* naqueles meses da Habana— e un autógrafo de José Delarra. Todos catro son artistas cubanos.

UNHA OBRA aparecida na Inglaterra no 1932, *Os encantos de Glastomnury* de John Cowper Rowys, conoce agora, na propia Inglaterra, en Francia e na Alemaña, o redescobrimento e o ésito. Glastombury é a vella abadía na que está soterrado o rei Artur. Na novela de Powys asiste ás loitas que opoñen os membros dunha familia arredor do testamento de William Crow, quen os deshereda en beneficio de John Geard; éste funda unha relixión nova, asociando o Graal á Paixón de Cristo. Alguén suliñóu que a obra de Powys podería facer refrolecer o deserto no que anaréa unha boa parte da novela actual. O de Powys é un universo doblemente imantado no que, da loita antre o real e o espritual, antre o ben e o mal, abrolla unha luz capaz de alumar unha existencia enteira.

CELEBROUSE en Lugo unha reunión previa á constitución do Patronato do Conxunto Histórico-Artístico de Sargadelos. Díaz Pardo —direitor do Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos— historióu as vicisitús da Real Fábrica. Falóu do labor que se impuxo, con Luis Seoane e o arquitecto Albalat, e a colaboración de Cerámicas do Castro e o Laboratorio de Formas, pra que, convertido Sargadelos nun centro cultural e industrial, puidera reencetar a súa actividade creadora, interrumpida hai un século. E poïsque Sargadelos pertenez ao Patrimonio Histórico, xurdíu a idea de crear un Patronato que ampare o conxunto histórico-artístico; pero tamén que cuide, por riba de toda pretensión mercantil, da súa recuperación artístico-industrial, nun labor de prestixio capaz de axuntar a homes valiosos.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venta e suscripción

Número solto	125	ptas.
Estranxeiro	175	»
Suscripción anual, 4 números	450	»
Estranxeiro	630	»

Redacción e Administración

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — V i g o

Impreso nos talleres de ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Segovia, 15 — V i g o — Dep. Legal: VG - 99 - 1963

EDITORIAL
GALAXIA, SA